

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 25 DE MARZO DE 2021

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e cinco de marzo de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde, don Óscar A. García Patiño, reúnese, en sesión telemática a través da plataforma zoom, con carácter ordinario e en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten telematicamente os señores concelleiros don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta, de UxC; dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei, do PSdeG-PSOE; don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe, do PP; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites de AV; e integrando o Grupo Mixto, dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's.

Asiste telematicamente don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e presencialmente dona Verónica María Otero López, secretaria accidental.

Tendo en conta que por Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma en todo o territorio nacional para conter a propagación de infeccións causadas por SARS-CoV-2, que foi prorrogado o 3 de novembro de 2020 por un período de seis meses, desde as 00:00 horas do 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do 9 de maio de 2021, a presente sesión foi celebrada por medios telemáticos, a través da plataforma zoom, isto de acordo co establecido no apartado 3 do artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, do seguinte teor literal:

“3. En todo caso, cando concorran situacións excepcionais de forza maior, de grave risco colectivo, ou catástrofes públicas que impidan ou dificulten de maneira desproporcionada o normal funcionamento do réxime presencial das sesións dos órganos colexiados das Entidades Locais, estes poderán, apreciada a concorrencia da situación descrita polo alcalde ou presidente ou quen validamente lles substitúa para o efecto da convocatoria de acordo coa normativa vixente, constituírse, celebrar sesións e adoptar acordos a distancia por medios electrónicos e telemáticos, sempre que os seus membros participantes se atopen en territorio español e quede acreditada a súa identidade. Así mesmo, deberase asegurar a comunicación entre eles en tempo real durante a sesión, dispoñéndose os medios necesarios para garantir o seu carácter público ou secreto segundo proceda legalmente en cada caso.

Para os efectos anteriores, considéranse medios electrónicos válidos as audioconferencias, videoconferencias, ou outros sistemas tecnolóxicos ou audiovisuais que garantan adecuadamente a seguridade tecnolóxica, a efectiva participación política dos seus membros, a validez do debate e votación dos acordos que se adopten.”

Dada a imposibilidade técnica para enlazar a gravación en vídeo de todo o ocorrido na sesión ao documento electrónico da acta da sesión, de xeito que poida ser asinada conxuntamente pola secretaria da Corporación e polo señor alcalde, adoptando o sistema de videoacta, tal e como se establece no artigo 130 do Regulamento orgánico municipal, faise constar que se redacta a presente acta, comprensiva do lugar, data e hora de celebración da sesión, carácter ordinario desta, asistentes, contido dos acordos acadados, sentido dos votos emitidos, e, así mesmo, recóllese a literalidade das intervencións de cada un dos oradores, para a súa constancia e para coñecemento xeral.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 29 de decembro de 2020, celebrada con carácter supletorio da correspondente ao día 31 de decembro de 2020

O señor presidente pregunta se algún dos membros do Pleno municipal ten algunha observación que formular ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 29 de decembro de 2020, celebrada con carácter supletorio da correspondente ao día 31 de decembro de 2020.

Non se formulan alegacións, polo que o Pleno municipal aproba o citado borrador por unanimidade dos vinte concelleiros que están hoxe presentes e que asistiron á dita sesión (os oito concelleiros de UxC; os tres concelleiros do PSdeG-PSOE que se relacionan: dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Patricia María Parcero Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei; os tres concelleiros do PP; os dous concelleiros do BNG; os dous concelleiros de AV; e as dúas concelleiras integrantes do GM).

2. PARTE RESOLUTIVA

2.1. Ratificación da resolución da Alcaldía núm. 317/2021, do 4 de marzo, do informe ao recurso especial en materia de contratación interposto pola Federación Nacional de Empleadas y Empleados de los Servicios Públicos FeSP-UGT, recurso TACGAL núm. 46/2021

Vista a proposta de Alcaldía, de data 4 de marzo de 2021, que consta do seguinte teor literal:

«Con data 4 de marzo de 2021, por esta Alcaldía ditouse a Resolución núm. 317 que consta do seguinte teor literal:

“Con data 28 de xaneiro de 2021, o Pleno do Concello de Cambre acordou aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2020/C004/000011 por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, con pluralidade de criterios de adxudicación (con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) e, polo tanto, o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que se integran nel, correspondente a:

- Obxecto do contrato:	Servizo de axuda no fogar do Concello de Cambre
- Orzamento base de licitación:	2.464.121,44 euros
- Valor estimado:	5.114.735,30 euros
- Duración:	2 anos, podendo prorrogarse anualmente por anos sucesivos e nas mesmas condicións ata 2 anos máis

isto en aplicación do establecido nos artigos 131 e 156 ao 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, e artigo 324 da Lei 5/1997 de administración local de Galicia, por canto, para a valoración das proposicións e a determinación da oferta que conteña a mellor relación calidade-prezo, deberá atenderse a criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato, e non só ao seu prezo.

Así mesmo, acordouse publicar o correspondente anuncio de licitación no Diario Oficial da Unión Europea, e máis no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co disposto polos artigos 135 e 63 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), e na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares, con publicación neste último dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP, e delegar na Alcaldía, en aplicación do establecido no artigo 22.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e artigo 63.3 do Regulamento orgánico municipal, todos aqueles trámites preceptivos e de impulso ata a formalización do contrato.

En cumprimento dos citados acordos, con data do 2 de febreiro de 2021 foi remitido o pertinente anuncio de licitación ao Diario oficial da Unión Europea (DOUE), que foi publicado o 5 de febreiro seguinte, mesma data na que se procedeu á publicación do anuncio de licitación, xunto coa documentación contemplada no artigo 63 da Lei 9/2017, no Perfil de Contratante.

O prazo para a presentación das proposicións polos interesados finaliza o día 4 de marzo de 2021, ás 23:59 horas.

Con data 25 de febreiro de 2021 preséntase escrito no Concello de Cambre, polo cal a Federación Nacional de Empleadas y Empleados de los Servicios Públicos, FeSP-UGT de Galicia comunica a interposición de recurso especial en materia de contratación contra os Pregos de cláusulas administrativas particulares e Prescricións técnicas, así como contra o estudo económico-financieiro que rexen o procedemento de adxudicación do servizo de axuda no fogar do Concello de Cambre, expediente 2020/C004/000011.

Con data 26 de febreiro de 2021 recíbese no Concello de Cambre escrito procedente do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, no cal notifica a interposición do citado recurso especial, reclamando o envío do expediente de contratación e mailo informe mencionado no artigo 56 da LCSP.

Con data do 1 de marzo de 2021 publicouse na Plataforma de Contratación do Sector Público/Perfil de Contratante do Concello de Cambre o pertinente anuncio de interposición do recurso, tal e como establece o artigo 63.3 da LCSP.

De conformidade co establecido no art. 53 da citada LCSP, e art. 25 do Real decreto 814/2015, do 11 de setembro, que aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual, a interposición deste recurso non leva aparellada a suspensión automática da tramitación do procedemento, que tampouco foi solicitada pola entidade recorrente.

Faise constar que no momento de sinatura desta resolución téñense presentado, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, dúas ofertas, unha a nome da empresa "Al Alba Empresa de Servicios Educativos, S.L." e outra a nome da empresa "Senes Cit, S.L."

En cumprimento do solicitado, emítase con data 3 de marzo de 2021, informe pola coordinadora de Servizos Sociais do Concello de Cambre que literalmente se transcribe a continuación:

«**VISTO** o escrito rexistrado de entrada ao núm. 999/1038 o día 25 de febreiro de 2021, presentado por don Felipe Balboa Fernández, en calidade de secretario da organización da Federación Nacional de Empleadas e Empleados de los Servicios Públicos, FeSP-UGT Galicia, no que comunica a interposición de recurso especial en materia de contratación contra o prego de cláusulas administrativas particulares, prego de prescricións técnicas e estudo económico-financieiro, que rexen no procedemento de adxudicación da prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de Cambre (expediente 2020/C004/000011).

INFORMO

Primeiro. Respecto do fondo, feitos e motivos.

O recorrente comeza a súa exposición sinalando unha colección de erros aritméticos detectados no estudo económico-financieiro *"pártese dun erro que afecta a todo o estudo económico – financieiro e que por extensión a os pregos de condicións técnicas e ao prego de cláusulas administrativas das que se nutren de este estudo."*

1 - Cálculo das horas de servizo, % de xornada e gastos de persoal:

Á vista da táboa de persoal subrogable e non subrogable presentada no Anexo 1 do estudo económico-financieiro, o recorrente analiza unha serie de erros de cálculo cometidos na metodoloxía seguida no estudo económico-financieiro para a determinación do prezo/hora do servizo, detectando irregularidades no cálculo do número de horas a executar polo persoal, así como nos custos do mesmo, erros que segundo o recorrente supoñen unha minoración de 33.318,64 € sobre o custo do persoal subrogable.

Da exposición realizada polo recorrente pódese determinar que efectivamente cometeuse un erro ao determinar o custo do persoal subrogable. O dito erro reside en ter empregado un dato erróneo para o cálculo das horas anuais de traballo de cada traballadora en función da súa porcentaxe de xornada, xa que para a realización destas operacións tomáronse 1.872 horas como a xornada máxima anual, cando

deberían ter sido 1755, tal é como establece o artigo 37 do Convenio Colectivo de aplicación.

2 - Relación de persoal adscrito ao servizo:

O recorrente reitera en varios apartados da súa exposición a existencia dunha incongruencia na relación de persoal subrogable e non subrogable que se aporta no Anexo I da memoria económico-financeira, táboa en base á que se realizan os cálculos de custo de persoal do servizo, segundo o que expón:

“O estudo económico-financeiro, que determina o prezo/hora de licitación realízase en base a unha táboa de persoal subrogable e non subrogable (Anexo 1 do estudo, con data 10/06/2020), que non coincide coa táboa presentada no Anexo 6, do prego de cláusulas administrativas particulares, elaborada a data 21/10/2020, que é máis completa e reflexa con máis detalle a situación do cadro de persoal subrogable e non subrogable”

Comprobadas as táboas anexas nos dous documentos, cómpre admitir que é certo que a táboa que se empregou para a elaboración da memoria económico-financeira é anterior á que se engadiu como Anexo 6 no prego de cláusulas administrativas particulares. E tal e como expón o recorrente, ambas táboas de persoal adscrito ao servizo non coinciden nos datos que reflicten, xa que a táboa máis actualizada amosa un maior número de persoal non subrogable vencellado ao servizo.

Non obstante, faise constar que as incorporacións na lista de subrogación corresponden en todos os casos a contratos con código 501 denominados “de duración determinada e tempo parcial”. Así mesmo, observando a antigüidade destas contratacións, pódese comprobar que todas foron realizadas con posterioridade ao mes de xullo do ano 2020, xa que estas contratacións foron feitas ante a necesidade de reforzo de persoal xurdida a raíz da situación sanitaria consecuencia da pandemia do COVID – 19. Debe entenderse que estas contratacións responden a unha necesidade puntual e temporal e, polo tanto, non considerala como unha necesidade perdurable no servizo de axuda no fogar do Concello de Cambre.

Tendo en conta o exposto, a funcionaria informante considera pertinente estimar as alegacións presentadas nos apartados segundo, terceiro e cuarto, por entender que as deficiencias detectadas na elaboración da memoria económico-financeira levan consigo modificacións nos valores polos que se determina o valor estimado do contrato, como o son os custos derivados da contratación do persoal necesario para a execución do servizo, e a estimación do número de horas anuais de servizo, que deben ser obxecto de novo estudo e valoración.

Segundo. Adecuación do orzamento base de licitación.

A teor do que recolle a LCSP 9/2017, de 8 de novembro, no seu artigo 100:

“No momento de elaboralo, os órganos de contratación coidarán de que o orzamento base de licitación sexa adecuado aos prezos do mercado. Para ese efecto, o orzamento base de licitación desagregarase indicando no prego de cláusulas administrativas particulares ou documento regulador da licitación os custos directos e indirectos e outros eventuais gastos calculados para a súa determinación. Nos contratos en que o custo dos salarios das persoas empregadas para a súa execución formen parte do prezo total do contrato, o orzamento base de licitación indicará de forma desagregada e con desagregación de xénero e categoría profesional os custos salariais estimados a partir do convenio laboral de referencia”

Débese subliñar que as alegacións realizadas polo recorrente non poden ser vencelladas a un incumprimento do citado artigo e, polo tanto, á nulidade dos documentos que se solicita, xa que, a pesar das deficiencias detectadas, estas non afectan a que no prezo do contrato se contemple e respecte “os custos salariais estimados a partir do convenio laboral de referencia”, e é “adequado aos prezos do mercado”.

No que respecta ao cumprimento do II Convenio Colectivo para a actividade de axuda ao domicilio da Comunidade Autónoma de Galicia:

Categoría	Salario actualizado ao 2021	Custe SS (32%)	Custe TOTAL
Aux. Axuda Domicilio	14.833,97 €	4.671,82 €	19.505,79 €

O custo hora de salario da categoría de auxiliar de axuda a domicilio obtense da división entre o custo total e as horas anuais máximas do convenio (1755), o que arroxa un resultado total de 11,11 €/h **actualizado ao ano 2021**, o que supón un 33,23 % menos que o custo de licitación das horas ordinarias que se contemplan na memoria económica-financieira (16,64 €).

Tendo en conta que o prezo das horas ordinarias quedou fixado en 16,64 €, prezo no que, tal e como consta na Cláusula Quinta do PPT e Cláusula Segunda do PCAP, están incluídos todos os gastos que deba realizar a empresa para o cumprimento das obrigas contratadas (cotizacións á Seguridade Social, desprazamentos, investimentos, consumibles, etc.), así como o 13% de gastos xerais, porcentaxe que está máis elevado do habitual nesta tipoloxía de contratos, dado que o habitual é deixar unha marxe do 10% no concepto de gastos xerais, e o 6% do beneficio industrial, e tendo en conta que os custos de persoal supoñen o 90,56% dos custos do contrato, a xuízo da funcionaria informante, co prezo/hora fixado cúmprese co Convenio colectivo, e o orzamento base de licitación do contrato resulta adecuado aos prezos do mercado, tal e como se deriva da táboa de prezos de adxudicación de administracións locais polos servizos de axuda no fogar, datos que foron extraídos da Plataforma de Contratación do Sector Público:

ANÁLISE ADXUDICACIÓNS SAF (prezos sen IVE)			
ADMINISTRACIÓN LOCAL	ANO ADXUDICACIÓN	HORA ADXUDICACIÓN LIBRE CONCORRENCIA	HORA ADXUDICACIÓN DEPENDENCIA
Concello de Oroso	2019	15,83 €	15,83 €
Concello de Cospeito	2018	11,20 €	12,20 €
Concello de Betanzos	2020	15,44 €	17,55 €
Concello da Laracha	2020	15,73 €	18,48 €
PREZO/HORA PROMEDIO		14,55 €	16,01 €
PREZOS MÁXIMOS LICITACIÓN CAMBRE		16,64 €	16,64 €

Non obstante o exposto, tendo en conta as deficiencias detectadas na elaboración da memoria económica-financieira que van supoñer a modificación do valor estimado do contrato e, polo tanto, a modificación dos correspondentes pregos de prescricións técnicas e pregos de cláusulas administrativas, é de cara a evitar dúbidas e interpretacións na aplicación das normas que deben rexer no contrato, tanto por parte do futuro adxudicatario como por parte do propio Concello, a medio do presente informe fórmulase ao órgano de contratación a seguinte proposta:

Único: Estimar parcialmente as alegacións formuladas pola Federación Nacional de Empleadas e Empleados dos Servizos Públicos, FeSP-UGT de Galicia no recurso especial en materia de contratación interposto no expediente de contratación incoado co núm. 2020/C004/000011, para a contratación do servizo de axuda no fogar do Concello de Cambre, polo que se refire aos apartados segundo, terceiro e cuarto do dito recurso, ao considerar que as deficiencias detectadas na elaboración da memoria económica-financieira levan consigo modificacións nos valores polos que se determina o valor estimado do contrato e, para tal efecto, elaborar un novo estudo económico-financieiro no que se emenden as deficiencias detectadas, e aquelas que no seu caso poidan detectarse, coa correspondente adaptación do prego de prescricións técnicas e prego de cláusulas administrativas particulares.»

Tendo en conta que no informe se propón a estimación parcial das alegacións formuladas no recurso presentado.

Tendo en conta que o prazo para remisión do informe e do expediente ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia é de 2 días hábiles.

Tendo en conta que o prazo para a presentación das proposicións finaliza hoxe 4 de marzo de 2021, ás 23:59 horas e que xa consta a presentación de dúas ofertas.

Considerando que a estimación parcial das alegacións leva consigo a retroacción das accións ao momento inicial de incoación do procedemento coa modificación do estudo económico-financeiro e conseguinte modificación do prego de prescricións técnicas e prego de cláusulas administrativas particulares, e co fin de non causar prexuízos aos posibles licitadores, en uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro: Estimar parcialmente as alegacións formuladas pola Federación Nacional de Empleadas e Empleados dos Servizos Públicos, FeSP-UGT de Galicia no recurso especial en materia de contratación interposto no expediente de contratación incoado co núm. 2020/C004/000011, para a contratación do servizo de axuda no fogar do Concello de Cambre, polo que se refire aos apartados segundo, terceiro e cuarto do dito recurso, ao considerar que as deficiencias detectadas na elaboración da memoria económica-financeira levan consigo modificacións nos valores polos que se determina o valor estimado do contrato e, para tal efecto, elaborar un novo estudo económico-financeiro no que se emenden as deficiencias detectadas, e aquelas que no seu caso poidan detectarse, coa correspondente adaptación do prego de prescricións técnicas e prego de cláusulas administrativas particulares.

Segundo: Remitir o informe ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, formando parte do recurso nº 46/2021, co fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 56.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e art. 28.4 do Real decreto 814/2015 do 11 de setembro que aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual.

Terceiro: Retrotraer as actuacións ao momento de incoación do expediente co fin de que, unha vez modificados os documentos, se eleven ao Pleno da Corporación, con apertura dun novo prazo para presentación de ofertas.

Cuarto: Publicar a presente resolución no Diario Oficial da Unión Europea, e na Plataforma de Contratación do Sector Público, onde se atopa aloxado o Perfil de Contratante do Concello de Cambre, de conformidade cos artigos 152.1 e 63.3.e) da LCSP.

Quinto: Notifíquese ás empresas “Al Alba Servicios Educativos, S.L.” e “Senes Cit, S.L.”, facendo constar que pode retirar as ofertas presentadas e volver a presentar nova oferta no momento de apertura do novo prazo.

Sexto: Dar conta da presenta resolución ao Pleno da Corporación, para os efectos da súa ratificación.”

Tendo en conta o disposto na citada resolución, proponho ao Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO:**

Ratificar a Resolución da Alcaldía núm. 317/2021, do 4 de marzo, de informe ao recurso en materia de contratación interposto pola Federación Nacional de Empleadas y Empleados de los Servicios Públicos, FeSP-UGT, recurso TACGAL núm. 46/2021.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico de data 18 de marzo de 2021.

Dona Lúa Sanguñedo Álvarez, concelleira delegada da Área de Benestar Social, explica que se trae a este pleno a ratificación da resolución da Alcaldía do informe ao recurso especial en materia de contratación interposto pola Federación Nacional de Empleadas e Empleados dos Servizos Públicos, ao recurso do contrato do SAF.

Tamén se achega na documentación o xustificante de saída conforme paralizan o tema do recurso, dado que dende o concello se paraliza o contrato para volver a elaborar o estudo económico e volver outra vez a iniciar os prazos de presentación para poder culminar este contrato.

Concedida a palabra a don Juan María Abalo Castex, voceiro do PP, expón que se presenta, como viron, a

ratificación da resolución da Alcaldía en virtude dun informe e un recurso especial remitido por parte de Contratación, que consta co informe técnico da responsable da área.

Ténselles remitido tamén, a preguntas do Grupo Municipal Popular, a información e documentación que faltaba, tal e como dixeron nas comisións informativas, ténselles remitido, e á vista de que é unha cuestión eminentemente técnica, o seu grupo vai manter o sentido do voto que manifestaron nas comisións informativas.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que dende o seu grupo van votar en contra. Non acaban de entender, fáltranlles moitas claves para atopar unha explicación razoable e razoada a por que algo que se trouxo aquí hai escasas semanas, hai escasas convocatorias de pleno municipal, onde non se recolleu ningunha das achegas realizadas por diversos grupos da oposición, pois ten unha cimentación administrativa, por dicilo de maneira suave, tan feble como a que á vista dos feitos están comprobando.

Polo tanto, dende o respecto absoluto, pero tamén dende a absoluta discrepancia co proceder por parte do Goberno municipal neste tema, en concreto da Concellería de Benestar Social, o seu voto non pode máis que ser contrario.

Concedida a palabra a don Raúl Varela Fraguío, voceiro de AV, manifesta que están ante unha das licitacións máis importantes que hai no concello e na que se leva traballando tranquilamente moitos anos para poder melloralala e sacala adiante con condicións adecuadas, tanto para as persoas traballadoras como para as beneficiarias do servizo, co que comprenden perfectamente a dificultade da licitación e posibles erros, aínda que é verdade que este non é un caso illado.

Di que non é o primeiro erro que vén así de xestión municipal, pois continuamente traen a pleno rectificacións de sesións plenarias de diferentes asuntos, como son as subvencións do POS, solicitudes de terreos ao Ministerio, a RPT, polo que parece que detrás de este erro hai un pequeno problema de xestión.

Conclúe dicindo que, con independencia disto, no seu momento AV votou a prol. Neste caso non poden votar a prol, porque lles xorden dúbidas, pero tampouco van frear a licitación deste asunto, co cal o seu voto será a abstención.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parcero Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei). Votan en contra os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). E abstéñense os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por doce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.2. Proposta de aprobación de expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos. Expediente núm. 3/2021

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 15 de marzo de 2021, que consta do seguinte teor literal:

«Vista a relación de facturas que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores por importe total de 198.016,61 euros.

Visto que as facturas que se pretende aprobar non se aprobaron, con cargo aos créditos do exercicio correspondente, por non terse presentado no Concello no mesmo exercicio no que se prestou o servizo ou se realizou a subministración ou obra, non terse conformado polos responsables do contrato ou ben por mor da acumulación de tarefas ao fin do exercicio na intervención municipal.

Tendo en conta o principio de anualidade recoñecido no artigo 162 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a “expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio”.

Tendo en conta que o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, no relativo aos gastos, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só se poderán contraer obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Considerando que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar aos créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. (“Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, ...”).

Por tanto, atopándonos ante gastos realizados que se teñen que abonar por terse prestado o servizo ou realizado a subministración ou obra, o recoñecemento extraxudicial de créditos posibilita a aprobación de gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicaríanse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, en aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Por todo iso, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito núm. 3/2021 de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2021 por importe de 198.016,61 euros, correspondente ás facturas que se relacionan a continuación:

Nº DE ENTRADA	DATA ENTRADA	NIF/CIF	NOME/DENOMINACIÓN SOCIAL	IMPORTE
F/2020/1846	08/07/2020	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	4.423,09
F/2020/1847	08/07/2020	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	5.394,16
F/2020/1848	08/07/2020	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	3.714,13
F/2020/1849	08/07/2020	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	39.134,93
F/2020/2203	29/07/2020	32789265M	GONZALEZ MENDEZ MANUEL	169,92
F/2020/2459	26/09/2020	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	1.469,15
F/2020/2575	08/10/2020	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	3.560,88
F/2020/3074	07/12/2020	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	4.449,36
F/2020/3102	11/12/2020	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	49.914,91
F/2020/3103	11/12/2020	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	8.117,94
F/2020/3106	11/12/2020	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	6.833,89
F/2020/3193	21/12/2020	B15441934	PINTURAS GONZALEZ IGLESIAS, S.L.	876,65
F/2021/93	12/01/2021	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	51.543,39
F/2021/94	12/01/2021	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	8.094,03
F/2021/116	14/01/2021	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	9.723,04
F/2021/136	14/01/2021	J70244728	CERAMICAS TORREBAL S.C.	370,26
F/2021/139	14/01/2021	J70244728	CERAMICAS TORREBAL S.C.	100,21
F/2021/284	25/01/2021	32789265M	GONZÁLEZ MÉNDEZ MANUEL	101,77
F/2021/287	25/01/2021	32789265M	GONZÁLEZ MÉNDEZ MANUEL	24,90
TOTAL				198.016,61 euros

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, así como aprobar a ordenación e realización do seu pagamento.

Terceiro.- Dese traslado aos departamentos afectados para que se tramiten os procedementos que sexan precisos para solventar o reparo emitido pola intervención co fin de que estes non se repitan.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico de data 18 de marzo de 2021.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos explica que traen a pleno a aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 3/2021, de obrigas de exercicios anteriores con cargo aos orzamentos de 2021, por importe de 198.016,61 euros.

Trátase de facturas de subministración eléctrica, subministración de material de desinfección por Covid para Casa Palmeiras, actuacións de mantemento e reparación en instalacións deportivas como o pavillón de Sigrás e O Graxal, e tamén melloras en edificios municipais como a actuación que se fixo de pintura no centro sociocultural do Graxal.

Concedida a palabra a dona Marta María Vázquez Golpe, concelleira do PP, manifesta que respecto destas facturas que se presentan neste expediente volven outra vez a ter que destacar o que facían no expediente anterior que lles trouxeron no pleno do mes de febreiro, no que o interventor lles volve a reiterar outra vez o mesmo respecto das facturas que presentan as eléctricas, porque a empresa adjudicataria non emite mensualmente, segundo se recolle no contrato, unha única factura que se corresponde co 100% do consumo, senón que emite os ciclos de facturación como a eles lles interesa e lles dá a gana.

Volve reiterar o interventor que non se comproba, ou o concello aínda non puido comprobar, que os períodos facturados se axuntan ao mes natural ou a unha concreta periodicidade. Como dixo, volven outra vez a traer exactamente a mesma problemática.

Di que dende o Grupo Municipal Popular non van volver reiterar o que xa foi dito no pleno pasado, pero si instar con urxencia ao Goberno de Cambre a que resolva este problema, porque o que non poden permitir é que as subministradoras e facturadoras compulsivas como son estas empresas eléctricas, lle tomen o pelo, tanto aos veciños como ao Concello de Cambre, que ao fin e ao cabo é o que paga con cargo aos impostos veciñais.

Polo tanto, di que se lles esixe en nome do Grupo Municipal Popular que poñan fin e poñan remedio a unha cuestión que como non se aborde con valentía e con rigorosidade, pois vai supoñer un esforzo inxustificable para o orzamento municipal e especialmente porque o concello non ten constancia da correcta ou da adecuada facturación conforme a un contrato que se supón que estas empresas teñen que cumprir en todos e cada un dos seus termos.

Polo tanto, instan os de novo con urxencia, e dilles que estarán vixiantes para que non se volvan traer recoñecementos extraxudiciais destas compulsivas facturadoras que son as eléctricas, con cargo aos veciños de Cambre, sen ter a absoluta certeza do que están pagando.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que dende o seu grupo vansen abster neste punto na orde do día, sen maior comentario. É un tema recorrente que permanece no mellor dos casos estabilizado, e no que os moitas veces prometidos avances non acaban de chegar.

Vansen abster para facilitar que se paguen e abonen as facturas e, pola súa parte, máis nada.

Concedida a palabra a don Raúl Varela Fraguío, voceiro de AV, manifesta que eles, como xa faláron nas

comisións e no pleno anterior, no que viñeron facturas deste estilo, reiterar o problema con Naturgy. Gustaríalles si lles puideran explicar, sobre todo polas persoas que están vendo o pleno e que non puideron seguir as comisións e demais, si puideran explicar as demandas feitas ao provedor.

Concedida a palabra a dona María Dolores Pan Lesta expón que dicía a concelleira do PP que non saben o que están pagando, e dille que si, si saben o que están pagando. Todas esas facturas son conformadas e comprobadas polos técnicos do departamento de Servizos. Están pagando o que están consumindo. O único problema, é iso dicía a concelleira popular ben, é que en vez de facturar mensualmente, non o fan.

E niso, e xa contesta tamén á pregunta que facía o voceiro de AV, dende o departamento de Servizos si que se está a traballar para corrixir esas deficiencias. As facturas todas veñen conformadas e comprobadas, de feito hai remesas de facturas que non veñen correctas e que son devoltas á empresa.

Iso é así, non é que non saiban o que están pagando, están pagando o que consumen. Outra cousa é que a empresa, polo de agora, aínda que se lle fixeron numerosos requirimentos, seguen sen mandar as facturacións mensuais, pero todas as facturas están comprobadas e conformadas polos técnicos municipais.

Concedida a palabra a dona Marta María Vázquez Golpe di que si, efectivamente, claro que as facturas están conformadas, pero é o que lle dicía no pleno anterior, ela remítese ao que din os informes dos técnicos, e os informes dos técnicos efectivamente din que esas facturas están conformadas, pero non así confirmadas, é dicir, non se puideron comprobar.

Reitera que ela se remite ao que din os informes técnicos, e se a concelleira de Economía discrepa dos informes que se trouxeron a pleno pasado, pois dille que ela non se atreve a discrepar do que din os servizos técnicos municipais. Polo tanto, a eles se remite e a eles atende e con base niso se pronuncia, simplemente.

Concedida a palabra a dona María Dolores Pan Lesta manifesta que, por concluír, faralle chegar os informes técnicos nos que se di que están comprobadas todas as facturas que se traen hoxe para pagar. Farallos chegar.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei). Abstéñense os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por doce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.3. Proposta de aprobación de expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos. Expediente núm. 4/2021

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 15 de marzo de 2021, que consta do seguinte teor literal:

«Vista a relación de facturas que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores por importe total de 11.107,11 euros.

Visto que as facturas que se pretende aprobar non se aprobaron con cargo aos créditos do exercicio correspondente, por non terse presentado no Concello no mesmo exercicio no que se prestou o servizo ou se realizou a subministración ou obra,

non terse conformado polos responsables do contrato ou ben por mor da acumulación de tarefas ao fin do exercicio na intervención municipal.

Tendo en conta o principio de anualidade recoñecido no artigo 162 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a “expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio”.

Tendo en conta que o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, no relativo aos gastos, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só se poderán contraer obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Considerando que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar aos créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. (“Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, ...”).

Por tanto, atopándonos ante gastos realizados que se teñen que abonar por terse prestado o servizo ou realizado a subministración ou obra, o recoñecemento extraxudicial de créditos posibilita a aprobación de gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicaríanse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, en aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Por todo iso, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Levantar os reparos formulados pola intervención municipal.

Segundo.- Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito núm. 4/2021 de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2021 por importe de 11.107,11 euros, correspondente ás facturas que se relacionan a continuación:

Nº DE ENTRADA	DATA ENTRADA	NIF/CIF	NOME/DENOMINACIÓN SOCIAL	IMPORTE
F/2020/2114	05/08/2020	B15448004	IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L.	2.140,14
F/2020/3079	09/12/2020	B27278845	A BILLARDA, S.L.	1.597,50
F/2020/3108	11/12/2020	B15978356	GALICOM COMUNICACIONES, S.L.	281,53
F/2020/3109	11/12/2020	B15978356	GALICOM COMUNICACIONES, S.L.	572,33
F/2020/3188	21/12/2020	B27278845	A BILLARDA, S.L.	524,00
F/2020/3204	23/12/2020	32661457P	VIDAL ESPÍNEIRA JOSE MANUEL	145,20
F/2020/3255	29/12/2020	A83140012	DRAGER SAFETY HISPANIA, S.A.	2137,8
F/2020/3281	31/12/2020	B27278845	A BILLARDA, S.L.	102,00
F/2021/33	04/01/2021	B15508369	ARENAS MALGO, S.L.	33,28
F/2021/48	05/01/2021	B15359185	COMERCIAL MAQUINARIA F3, S.L.	9,10
F/2021/49	05/01/2021	B15359185	COMERCIAL MAQUINARIA F3, S.L.	64,70
F/2021/63	07/01/2021	B15162068	EDITORIAL LA CAPITAL, S.L.	300,08
F/2021/75	07/01/2021	A15000649	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	121,00
F/2021/78	08/01/2021	B13102009	INGENIERIA DE GESTION INDUSTRIAL, S.L.	82,78
F/2021/106	12/01/2021	B27278845	A BILLARDA, S.L.	102,00
F/2021/112	13/01/2021	B27278845	A BILLARDA, S.L.	1.597,50
F/2021/113	13/01/2021	B27278845	A BILLARDA, S.L.	102,00
F/2021/114	13/01/2021	B27278845	A BILLARDA, S.L.	71,40
F/2021/115	13/01/2021	B36171718	PRETENSADOS CAMPO, S.L.	320,43
F/2021/135	13/01/2021	76358658S	SEOANE CHAS FERNANDO	106,36
F/2021/137	14/01/2021	J70244728	CERAMICAS TORREBAL S.C.	496,54
F/2021/138	14/01/2021	J70244728	CERAMICAS TORREBAL S.C.	90,64
F/2021/282	25/01/2021	32789265M	GONZÁLEZ MÉNDEZ MANUEL	9,99
F/2021/285	25/01/2021	32789265M	GONZÁLEZ MÉNDEZ MANUEL	98,81
				11.107,11 euros

Terceiro.- Autorizar, dispoñer e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, así como aprobar a ordenación e realización do seu pagamento.

Cuarto.- Dese traslado aos departamentos afectados para que se tramiten os procedementos que sexan precisos para solventar o reparo emitido pola intervención co fin de que estes non se repitan.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico de data 18 de marzo de 2021.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, explica que traen a pleno aprobar levantar os reparos e aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito núm. 4/2021, por importe de 11.107,11 euros. Son facturas de reforzo do servizo do Mañanceiro para cumprir coa normativa pola Covid, que supuxo máis tempo de atención aos escolares polos accesos escalonados ás aulas, e o reforzo da limpeza das instalacións e do menaxe do servizo de Mañanceiro.

Tamén traen neste punto facturas de subministracións de material para a brigada de obras, policía local e protección civil; publicación de dous anuncios en prensa; subministración para arranxos na Galiña Azul da Barcala e no CEIP do Graxal; e o custo da instalación dun armario para a acometida de gas no local de Servizos Sociais.

Concedida a palabra a dona Marta María Vázquez Golpe, concelleira do PP, expón que respecto destas facturas, como informa o interventor van con reparos suspensivos polo motivo de que non se seguiu o procedemento de contratación, polo tanto, o Grupo Municipal Popular, en liña co criterio mantido sempre, non vai votar a favor dun recoñecemento extraxudicial que vén a pleno con eses reparos.

Logo verán, cando se xustifiquen eses reparos. Cando veña o informe de Intervención cos reparos deste ano, farán as observacións que vexan oportunas facer.

Conclúe dicindo que en principio o seu voto será en contra.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que desde o seu grupo unicamente anunciar o sentido do seu voto, que vai ser abstención, un pouco na mesma liña argumental do punto anterior. Aínda tendo lamentablemente estas facturas reparos suspensivos, cren que neste momento e na actual circunstancia o que debe primar, por riba de calquera cuestión, é o rápido abono dos servizos prestados ás empresas que traballan para o concello. O seu voto vai ser abstención.

Concedida a palabra a don Raúl Varela Fraguío, voceiro de AV, pregunta se lles poden informar. Vendo que nalgunhas das facturas entenden a urxencia dada a situación, preguntan por que non se inician os procedementos de contratación que están repercutindo tanto en que se aproben facturas cada dous ou tres meses, con reparos en distintas sesións plenarias.

Di que si que é verdade que lles fai ver un pouco que coas noticias que saíron ultimamente en prensa sobre que o partido de UxC era o único grupo político que non tiña rendido as contas da campaña electoral, pois failles pensar que se non xestionaron as contas do seu partido, costaralles xestionar as facturas con reparos de Intervención do concello.

Concedida a palabra a dona María José García Hidalgo, concelleira de C's e integrante do Grupo Mixto, manifesta que en máis ocasións teñen falado nos plenos durante os recoñecementos extraxudiciais de crédito do uso en exceso da teoría do enriquecemento inxusto para aboar isto.

Ela entende que é un tema oneroso e que desde o punto de vista administrativo a crítica política nos plenos pode resultar, como dixo antes, un tema oneroso, pero non deixa de ser importante o feito de que poidan tratar de buscar solucións.

Relativo aos reais decretos e leis que afectan a isto, no caso do artigo 28 do Real decreto 424/2017, do 28 de abril, respecto da omisión da función interventora, cárgalle todo o sambenito aos interventores, especialmente o punto e) é moi problemático.

Ademais, di que non é fácil calibrar como cubrir os gastos dun exercicio anterior no seguinte. É certo que fai falta unha regulación normativa clara, e hai que regular que ocorre cos gastos contraídos en contra da normativa, porque claro, a miúdo pregúntanse se son gastos voluntarios ou son gastos necesarios.

No caso que lles ocupa ela entende que si son necesarias, o que sucede é que cumprir a Lei de contratos do sector público non é fácil, xa que en moitos aspectos é moi rigorosa, iso enténdeo.

Continúa dicindo que se un interventor ten a carga de decidir, de facer indagación previa, de revisar toda a documentación que teña, necesita medios persoais, necesita máis axilidade en contratación e claro, descargar todo isto nos interventores, como di o artigo, ela recoñece que é unha función que ás veces, desde a crítica política, pode dar pé a que se confunda o que queren dicir co que realmente sucede, que é unha normativa pouco clara neste aspecto.

Pregúntase que pasa coa teoría do enriquecemento inxusto. Claro, politicamente, e di isto sen ánimo de crítica, politicamente son áreas de risco para a corrupción, isto está claro, e mentres non se regulen aspectos como as condutas das empresas, se lles penalice por non presentar as facturas como se lles require, e, por outro lado, como non melloren a disciplina orzamentaria, separando aqueles gastos que puideran ser nulos de pleno dereito, daqueles que son de exercicios anteriores, mentres todo iso non estea claro na normativa, vai seguir producíndose un uso en exceso do enriquecemento inxusto.

En diferentes foros respecto das solucións propostas para evitar todo isto, hai algo que ao parecer funciona. Ela non sabe se se pode facer ou non, vai dicir o que se está a facer noutros sitios, que é non aceptar a entrada en rexistro de ningunha factura sen un expediente previo, sen unha operación previa.

Un paso que pode axilizar a tramitación, un expediente previo que non deriva necesariamente dun contrato, e que se ese dato de operación previa ou de expediente previo figura na factura, acéptase a factura, se non, non se acepta o rexistro da factura. Con isto estanse reducindo en moitos sitios os recoñecementos extraxudiciais sen crédito nin procedemento. Quizais habería que ver como encaixar isto, se é viable na normativa. Hai autonomías que o están facendo.

Dille á señora concelleira que isto é simplemente unha suxestións, de verdade, é unha suxestión que a concelleira terá que consultar con Intervención, cos técnicos. Non é unha crítica, é unha opinión a un problema, que é o dos recoñecementos extraxudiciais de crédito, que se imaxina que á concelleira tamén lle preocupa e tampouco lle gusta, como non lles gusta a eles.

Conclúe dicindo que, dito isto, o voto de C's vai ser a abstención.

Concedida a palabra a dona María Dolores Pan Lesta dille á concelleira de C's que lle toma esta suxestión e mirará con Intervención a ver se hai forma de encaixar todo isto, porque como acaba de dicir, a ela tampouco lle gusta traer estas facturas a pleno, pero son cousas que aparecen, que hai que solucionar no momento e por iso acaban chegando así.

Ao concelleiro de AV dille que procesos de contratación están traballando en moitos, aínda que é verdade que ao mellor non vai todo o rápido que lles gustaría. Só por dicirle algúns que afectan a estas facturas que traen hoxe a pleno con reparos suspensivos, dille que están tramitando os pregos técnicos para a contratación do mantemento das instalacións municipais e un prego para a compra de material para a brigada de obras. Nese caso, cando xa teñan todo isto aprobado e contratado, varias facturas que viñeron hoxe con reparos suspensivos, xa non virán.

E conclúe dicíndolle que non se preocupe por UxC, que xa están traballando no que teñen que traballar. Pídelle que non se preocupe por UxC.

Toma a palabra o señor alcalde e pídelle ao voceiro de AV que non utilice un punto da orde do día para dicir se UxC presenta as contas ou non. Dille que non se preocupe. Recoñece que tiveron un erro, son un partido local, un partido pequeno, e quizais é que estiveron máis pensando en ter ao día as contas do concello, aínda que o concelleiro dicía que non son capaces de, tendo as contas de UxC mal, ter ben as do concello.

Pídelle que mire os datos, que mire os datos do investimento, os datos da débeda do concello desde que goberna UxC e o Partido Socialista. Igual se tiveran o concelleiro que facer o tema do control, entón igual tiña que pedir tamén algún tipo de axuda.

Conclúe que, no seu caso, que non se preocupe, que é un tema de UxC, que tiveron un erro e solucionárono, e niso están.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei). Votan en contra os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe) e a concelleira integrante do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común). E abstéñense os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e a concelleira integrante do Grupo Mixto (dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por doce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.4. Aprobación, se procede, das bases da convocatoria e orzamento do Certame Literario Xoán Díaz–Concello de Cambre 2021

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, de data 11 de marzo de 2021, que consta do seguinte teor literal:

«O artigo 9.2 da Constitución española establece que “Corresponde aos poderes públicos [...] facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social”. No artigo 20, apartado a), recóllese o dereito “a expresar e difundir libremente os pensamentos, ideas e opinións mediante a palabra, o escrito ou calquera outro medio de reprodución” e no apartado b) recóllese o dereito “á produción e a creación literaria, artística, científica e técnica”.

Os concellos son as administracións máis próximas aos cidadáns con competencias en materia de promoción cultural, deportiva e de ocio e tempo libre. A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 25.2 apartado m), establece entre as súas competencias a “Promoción da cultura e equipamentos culturais”.

Segundo o establecido no artigo 3.1, no seu apartado b) da Lei 5/2016, do 5 de maio, de patrimonio de Galicia, as administracións locais deben colaborar na salvagarda e na conservación do patrimonio cultural, fomentado o goce e estimulando para iso a participación activa de toda a sociedade. Así mesmo, o artigo 9.3, apartado a), punto primeiro, considera “a lingua como vehículo do patrimonio cultural e inmaterial, regulada pola súa normativa específica”.

A Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, no artigo 25 establece que “as Corporacións Locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras”.

Ao mesmo tempo, a propia Ordenanza municipal de normalización lingüística do Concello de Cambre, publicada no BOP n.º 19 do 24 de xaneiro de 2009, no artigo 2.4, di que: “O Concello manterá un Servizo de Normalización Lingüística co obxectivo de impulsar a normalización do galego a todos os niveis e coordinar as accións necesarias para dar cumprimento a esta ordenanza”.

Con base neste marco legislativo, o Concello de Cambre pretende levar a cabo o Certame Literario Xoán Díaz – Cambre 2021 no que se inclúen traballos de poesía, narración breve e microteatro.

Por todo isto dende a Área de Cultura, Deportes e Xuventude propónse ao Pleno Municipal a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar inicialmente as bases e ficha de inscrición do Certame Literario Xoán Díaz – Concello de Cambre 2021, así como a súa convocatoria:

“BASES DA XXVII EDICIÓN DO CERTAME LITERARIO XOÁN DÍAZ – CONCELLO DE CAMBRE 2021

PRIMEIRA.- Poderá participar neste certame calquera moza/-o de idade comprendida entre os 12 e os 26 anos cumpridos antes da data límite de presentación das propostas, segundo as seguintes categorías:

CATEGORIA A:	de 12 a 14 anos
CATEGORIA B:	de 15 a 18 anos
CATEGORIA C:	de 19 a 26 anos

SEGUNDA.- Cada participante poderá presentar unha proposta a calquera das tres modalidades: Poesía, Narración breve e Microteatro.

- Modalidade de poesía: presentaranse tres poemas como mínimo, de tema e forma libres.
- Modalidade de narración breve: a extensión máxima será de cinco páxinas por unha soa cara e o tema libre.
- Modalidade de Microteatro: a extensión será de entre 5 e 10 páxinas, a unha soa cara, con tema libre.

TERCEIRA.- Os traballos estarán escritos en lingua galega e deberán ser orixinais, inéditos e non premiados.

CUARTA.- Deberán estar escritos con ordenador, en tamaño A4, espazamento entre liñas simple e tamaño de letra 12; paxinados e sen asinar.

QUINTA.- Os traballos presentaranse por correo electrónico enviándoos ao enderezo certamexoandiaz@cambre.org.

No asunto figurará o PSEUDÓNIMO do autor. No corpo do texto figurarán o PSEUDÓNIMO, TÍTULO DA OBRA e CATEGORÍA. Enviaranse tres arquivos PDF. O primeiro deles coa ficha de inscrición do concursante; no segundo arquivo irá o DNI e, finalmente, no terceiro, o traballo que levará o PSEUDÓNIMO e o TÍTULO da obra.

SEXTA.- Haberá dous premios por categoría e modalidade, aínda que o xurado poderá declarar deserto calquera deles no caso de considerar insuficiente a calidade dos traballos presentados.

O importe dos premios será de:

CATEGORIA A:	1º Premio: 173,00 €	2º Premio: 128,00 €
CATEGORIA B:	1º Premio: 218,00 €	2º Premio: 150,00 €
CATEGORIA C:	1º Premio: 300,00 €	2º Premio: 173,00 €

Para o financiamento dos premios do Certame literario existe crédito no actual orzamento municipal por importe de 3.426,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2021 334 48100 *Becas e premios promoción cultural*.

SÉTIMA.- A presentación da ficha de inscrición implica a autorización ao Concello para obter datos sobre o cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Con carácter previo á concesión comprobarase de oficio que os premiados estean ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social, de ser o caso.

Os participantes premiados deberán presentar certificado de número IBAN de conta bancaria para a percepción do premio, unha vez se coñeza a proposta do xurado do certame.

De non cumprir estes requisitos han de emendarse polo premiado e acreditarse ante o concello antes do 31 de xullo de 2021. De non emendar neste prazo, declararase a perda do dereito ao pagamento do premio polo interesado.

Aos premios practicaránelles as retencións legalmente establecidas.

OITAVA.- Da convocatoria do certame darase traslado á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) para a súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia*, tal e como dispón o artigo 20 da lei xeral de subvencións.

NOVENA.- O prazo de entrega de traballos comeza a partir do día seguinte ao da publicación destas bases no *Boletín Oficial da Provincia* e remata o día 30 de abril de 2021.

DÉCIMA.- A composición e o fallo do xurado darase a coñecer 28 de maio de 2021.

UNDÉCIMA.- A organización do Certame resérvase o dereito a publicar os traballos premiados. Neste sentido os autores renuncian a calquera tipo de remuneración polos dereitos de autoría e enviarán á dirección de correo electrónico certamexoandiaz@cambre.org os seus traballos en formato de texto editable.

DUODÉCIMA.- Os traballos non premiados destruíranse pasado un mes desde o fallo do xurado.

DÉCIMO TERCEIRA.- O xurado e a organización do certame están facultados para tomar as decisións que consideren oportunas ante a aparición dalgún imprevisto non recollido expresamente nas presentes bases. A participación neste certame implica o coñecemento e a aceptación íntegra destas bases.

FICHA DE INSCRICIÓN CERTAME LITERARIO XOÁN DÍAZ – CONCELLO DE CAMBRE 2021

Modalidade:	Poesía Narración breve Microteatro	Categoría:	Categoría A Categoría B Categoría C
--------------------	--	-------------------	---

DATOS PERSOAIS

Nome e apelidos:

NIF:

Domicilio:

Código Postal: Localidade:

Data de nacemento: Idade:

Teléfono:..... /

Xa nalgún pleno, como no ano 2019, recoñecéronlles que era unha proposta correcta, que lles parecía moi ben, pero ano tras ano seguen sen modificarse as bases. Entón, o seu voto vai ser a abstención, iso estando de acordo co certame, que é unha iniciativa dos profesores do David Buján que o concello apoia. O PP está totalmente de acordo, exceptuando eses límites de idade, e poden ver de abril incluso para persoas máis maiores, pero ben, como é de xuventude, polo menos aos de 30 ou 35 anos.

Concedida a palabra a don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro do BNG, manifesta que dese o seu grupo o voto a este punto vai ser abstención.

Concedida a palabra a dona Sandra Sánchez Vieites, concelleira de AV, explica que cando saíron as bases do concurso do Entroido, desde AV salientaron que non se tiña moi en valor a creación cultural, e que lles parecían uns premios excesivos, xa que se mantiñan os mesmos premios que cando se pagaban as carrozas e as comparsas e demais.

Hoxe poden ver que nas bases dun concurso no que si que hai unha posta en valor real da creación cultural, o máximo previo a percibir é un premio de 300 euros, fronte aos 4 premios de 350 que se levou o concurso fotográfico do Entroido.

Di que dende AV pensan que non se está facendo un equilibrio nos investimentos, entre os 3000 euros que se dedicaron ao concurso fotográfico online do Entroido e os 1142 que veñen agora a este concurso, que si que realmente pon moi en valor a creación cultural e neste caso a literaria. Por iso se preguntan un pouco cales son as políticas culturais que se están a aplicar no concello, e cales son os seus obxectivos a medio e curto prazo.

Conclúe dicindo que, con independencia de que teñen ese pensamento diferente na maneira de facer política cultural, si que están de acordo tanto nas bases como coa realización do concurso, polo que o seu voto vai ser a prol.

Concedida a palabra a dona María Olga Santos López, concelleira de EU-Son en Común e integrante do Grupo Mixto, di que recolle un pouco o testemuño das intervencións tanto da concelleira do PP como da de AV, porque van un pouco na liña do que ela tamén quería expresar.

Non pretende ser redundante, pero si que o momento que viven necesita de apostas realmente ambiciosas, sobre todo nos sectores máis prexudicados, como poden ser a cultura, a creación literaria neste caso concreto do que están a falar, e ben, están sempre cunhas bases que dalgún xeito están estancadas e anquilosadas, por iso di que recolle un pouco o que dixeron as compañeiras, porque certamente poderíanse, quizais non nestes puntos en concreto, pero si buscar unha fórmula de incrementar, sobre todo a participación neste tipo de certames, a través de incentivos, evidentemente.

Un deles que lle parece certamente interesante é o do incremento das idades dos concursantes, que dicía moi atinadamente a concelleira popular, que a día de hoxe a xente nova pódese considerar ata os 35 anos tranquilamente.

Tamén o factor económico considera que, aínda que non necesariamente ten por que ir vinculado á creación literaria, porque ben, se non ninguén se poñería a escribir por 300 euros, isto está clarísimo, a creación camiño polo seu propio rumbo e o certame literario é un aliciente máis, pero si darlle unha volta, máis nos tempos que se viven, a implementar dende o Concello de Cambre políticas un pouco máis sensibilizadas coa creación literaria e de calquera outro tipo.

Conclúe dicindo que, non pode ser doutro xeito, o seu grupo apoiará a proposta, pero invitan a recoller as suxestións formuladas.

Concedida a palabra a dona Mónica Varela Germade manifesta que pola súa parte recolle as propostas feitas por todos os compañeiros, tanto o PP, como AV, como EU.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's). Abstéñense os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández).

O Pleno municipal, por dezanove votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.5. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

Este punto non foi tratado.

3. PARTE DECLARATIVA

3.1. Declaracións institucionais

O señor alcalde expón que respecto das declaracións institucionais presentouse por parte do Goberno unha moción para facela declaración institucional. Contestou algún concelleiro, outros non contestaron, e di que non sabe se como hai varias mocións relativas ao 8M, non sabe se queren falar primeiro se poden facer declaración institucional a que presentou o Goberno, ou non. É dicir, se a presentan e o resto retira as súas do 8M ou se van debater catro ou cinco mocións que cre que sobre este tema, que non sabe se sería oportunos. Eles dirán.

Concedida a palabra a don Juan María Abalo Castex, voceiro do PP, explica que el esta mañá chamou á concelleira da área para manifestarlle o que xa manifestaran nas comisións informativas. El cre que como Corporación é nun tema tan sensible como é a violencia de xénero, deberían chegar a un acordo todos os grupos municipais en presentar un texto alternativo.

Non lle parece de recibo que haxa catro mocións, cando no fondo cre que están todos a favor do que se di, e así llelo transmitiron tras as comisións informativas, e a concelleira da área pasoulles un texto de consenso ou de reunificación de todas as mocións que se presentaran polos diferentes grupos municipais.

Cre que se fixo ese labor, que era o que o PP pedía, e por iso manifestaron esta mañá á concelleira que desde o Grupo Municipal Popular si que se ía aprobar esa declaración institucional, porque non lles parece de recibo que haxa catro mocións distintas.

Conclúe dicindo que no caso de que efectivamente, e como non pode ser doutra forma respectan o que consideren o resto dos grupos municipais, no caso de que non se leve como declaración institucional manterán a súa moción. Se a declaracións institucional sae adiante coas achegas de todos os grupos, evidentemente retirarán a súa.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que dende o seu grupo queren facer mención a unha cuestión procedimental que non lles parece menor, e é que chegan tarde, o 8M, o

8 de marzo, é o Día internacional da muller traballadora, e todos os anos cae en 8 de marzo, da mesma maneira que fin de ano cae en 31 de decembro.

Isto, ao seu modo de ver, ten un simbolismo e ten unha importancia. A proposta de moción que rexistrou no seu día o Bloque non se debateu no seu día por unha serie de circunstancias vinculadas ao desenvolvemento dos plenos, á súa prolongación máis aló das 12 da noite e á determinación de suspendelo e non rematalo por parte da presidencia do pleno.

Pero que o Goberno municipal, e a concelleira neste caso en materia de igualdade, non traia no punto e hora debido unha moción sobre o 8M amosa ben ás claras, cando menos unha maneira deficitaria de funcionar.

Di que eles si rexistraron no seu momento unha proposta por parte do BNG, unha proposta de moción. Neste momento quere anunciar que proceden á súa retirada, porque comparte parte do argumentario que se ten exposto nesta sesión plenaria, que perciben na rúa, e que coincide plenamente co posicionamento do BNG: o importante, o prioritario, o fundamental é que se amose unha imaxe da máxima unidade posible en torno á violencia de xénero.

Ao seu modo de ver proposta como a de EU está moi na liña do que o BNG defende. Cumpre cos mínimos tamén a proposta de declaración institucional que fai o Goberno municipal e, polo tanto, súmanse a ambas sen ningún tipo de problema, e se de eles depende que a proposta do Goberno adquira carta de natureza de declaración institucional, non teñen problema.

Conclúe dicindo que no resto van votar favorablemente a todas as mocións vinculadas ao 8 de marzo, e xa di, como xesto de boa vontade retiran a súa.

Concedida a palabra a dona María Olga Santos López, concelleira de EU-Son en Común e integrante do Grupo Mixto, manifesta que tamén un pouco no sentido do que están falando, evidentemente aquí non se trata de medir textos, a ver quen ten o mellor ou o peor, cando o sentimento que teñen todos é o mesmo.

Respecto do texto presentado pola concelleira de Benestar Social, pídelle desculpas porque non puido chamala para darlle a confirmación, pero certamente as dúas teñen falado en múltiples ocasións respecto deste tea e cre que sobre dicir que evidentemente apoian ese texto, non pode ser doutro xeito.

Pero di que si convida, para que isto non ocorra, porque xa o ano pasado ocorrera algo similar e, tal e como dicía o voceiro do BNG con moita graza, parécelle a ela que o 8 de marzo o ano que vén caerá en 8 de marzo, para que non lles ocorra o mesmo o ano que vén, sobre todo que teñan a capacidade para con antelación suficiente poder, antes da data do 8 de marzo, ter un texto acordado entre todos, que cre que non vai haber ningún problema, que recolla moito máis aló dos textos tipo que traen cada un deles.

Lembra, e xa o comentaron nas comisións informativas, que o texto que presenta EU non é un texto de Olga Santos, é un texto da Área da Muller de Izquierda Unida, e tiveron que adaptalo, a concelleira de Benestar Social e ela, á situación concreta que ten Cambre, que non é a mesma que a situación que ten Móstoles, pero si, efectivamente, de cara ao ano que vén, están detectando, e en Cambre está a ocorrer, e hai estudos que así o indican, que a pandemia e o teletraballo está afectando maioritariamente ás mulleres, sábeno como ela.

Di que hai un montón de estudos que están dando a coñecer que o retroceso das mulleres en canto aos dereitos laborais, ese famoso concepto que en lugar de diluirse está cada vez máis presente, que é o da carga de traballo, ben, pois iso, son mulleres que están, e inclúese ela porque di que tamén está nesa situación agora mesmo, teletraballando, con reducións de xornada invitadas pola empresa, mulleres que non saen da casa ao mellor en tres días, porque unen tarefas do fogar con coidado de nenos, é dicir, ao final todo isto a quen está danando máis é ás mulleres.

Invita a que de aquí ao seguinte 8M vexan en que situación están as mulleres de Cambre, se efectivamente esta corrente que está afectando a todas tamén lles afecta, e que traballen para dun xeito en condicións propoñer non xa só un texto, senón que traballen no sentido de intentar minorar eses efectos tremendos da pandemia sobre as mulleres.

Conclúe dicindo que non ten ningún problema en retirar a súa moción. Non dubida tampouco de que os compromisos adquiridos de palabra respecto de traballar neses puntos específicos que recollía a moción de EU teña ningún problema a concelleira de Benestar Social en asumilos, porque así o faloron, e para ela a palabra vale tanto como o papel, e agradece o traballo feito e invita a que teñan en conta esa petición que lles fai da forma máis sincera.

Concedida a palabra a don Raúl Varela Fraguío, voceiro de AV, manifesta que agradece que lle dean a palabra aínda que o seu grupo non teña presentado aquí ningún asunto.

Di que dende AV en parte non poden estar máis de acordo co expresado polos compañeiros que faloron anteriormente, porque consideran que si que vén tarde a moción, pero como dixeron o outro día, sendo o que é non poden máis que apoiala.

Se se acepta como suxestión, igual que dixeron os compañeiros, si que este mesmo tema para o ano que vén poderíase falar en decembro o xaneiro, para evitar as présas de última hora.

Queren felicitar o traballo de todos os que presentaron unha moción, ben desde o Goberno, ben desde os grupos da oposición, téñase presentado en tempo ou non, e conclúe dicindo que AV estaba disposto a apoiar todo, se ben xa dixeron o outro día que querían que fora unha declaración institucional, xa que nun tema tan importante como este consideran vital a unión entre todos e non as distintas políticas e os cores de cada un.

Concedida a palabra a dona María José García Hidalgo, concelleira de C's e integrante do Grupo Mixto, manifesta que o primeiro agradecer á señora concelleira a disposición que tivo onte ás propostas que presentaron dende C's. En todo caso, fora que se puideran incluír ou que non se puideran incluír, a conversación e as achegas, o feito de debatelas xa foi moi interesante.

Di que non se vai opoñer de ningunha maneira a unha declaración institucional, como dixeron xa os compañeiros, nun tema como este. Aquí hai que ceder todos, porque o obxectivo é común, e pola súa parte dicir que está de acordo.

Concedida a palabra a dona Lúa Sanguñedo Álvarez, concelleira delegada da Área de Benestar Social, manifesta que, por unha banda, darlle as grazas a todos polas achegas, por chegar a unha declaración institucional. Tamén quere dar as grazas á concelleira de EU, neste caso, por chegar a un acordo na súa moción. Dálle as grazas por poder traballar con ela e chegar a uns acordos, que claro que si, faise responsable de que e ten que chegar.

Di que é máis, que en xeral non hai que esperar a decembro para preparar o 8M, porque o 8M non é soamente un día, son os 365 días do ano, e antes teñen outra data, por desgraza, que é o 25N, co cal ela abre as portas de que xa en setembro, se queren, preparar xa a declaración institucional para o 25N. Está disposta a empezar dende cero con cada un deles, ou que cada un deles poña un texto e intentar conciliar todo e así chegar con tempo suficiente. Poder achegar todo o que cada un queira para a vindeira data que por desgraza terán que ter unha declaración institucional.

Finaliza dando as grazas a todos e todas.

Toma a palabra o señor alcalde e agradece a todos os partidos, a todos os concelleiros e concelleiras, a súa disposición para retirar as tres mocións que cre que había, unha do PP, unha do BNG e unha de EU, referentes ao 8M, nas que o Goberno municipal, evidentemente, tamén ía votar a favor de todas.

Por outra parte di que foi como foi, o Goberno ten un criterio, e van seguir manténdoo de aquí ao final da legislatura, respecto da hora de peche dos plenos. Cre que os criterios da presidencia non se cambian, nin se vai cambiar neste caso.

A continuación, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da declaración institucional con motivo do Día internacional das mulleres do Concello de Cambre. Votan a prol da urxencia os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguinredo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites), e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común, e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que o integran, aprobou a urxencia da declaración institucional presentada.

Única. Declaración institucional con motivo do Día internacional das mulleres do Concello de Cambre

Consta do seguinte teor literal:

«Este 2021, Nacións Unidas elixiu como lema para este día “Por un futuro igualitario no mundo da Covid-19”. E é que hai xa un ano que un feito doloroso e insólito para a nosa xeración alterou e escureceu as nosas vidas. Unha pandemia mundial, unha crise sanitaria que levou consigo outra social e económica.

Durante a pandemia as mulleres estiveron en primeira liña desempeñando un papel fundamental. Como traballadoras no ámbito sanitario, da ciencia e da investigación, desde os servizos esenciais, pero tamén asumindo a responsabilidade dos coidados no ámbito privado.

Esta crise tamén afectou máis ás mulleres. Son moitas as que perderon o seu emprego, as autónomas que viron frustradas as súas iniciativas empresariais, as que sufriron un ERTE. Son moitas as que fixeron malabares coas clases dos seus fillos e fillas, a atención aos seus pais/nais ou avós/avoas, o traballo profesional, as tarefas do fogar. As que máis sufriron eses efectos, á conta da súa propia carreira laboral e ata do seu benestar. E por suposto, supuxo unha tortura engadida a todas as mulleres vítimas de violencia de xénero.

Tal como expresa Nacións Unidas, a crise puxo de relevo tanto a importancia fundamental das contribucións das mulleres como as cargas desproporcionadas que soportan. Ademais, advirte que por mor da pandemia da Covid-19 xurdiron novos obstáculos, que se suman aos de carácter social e sistémico que persistían antes e que frean a participación e o liderado das mulleres. Porque a pesar de que as mulleres constitúen a maioría do persoal de primeira liña, aínda están infrarrepresentadas nos espazos de poder e da toma de decisións.

Desde a corporación do Concello de Cambre abordamos este novo tempo desde a mirada intrépida do feminismo, identificando non só como actúa o patriarcado senón tamén a simbiose perfecta que mantén hoxe co capitalismo neoliberal.

Por iso, hoxe fixamos a mirada especialmente sobre aquelas que sofren unha maior precariedade, as mulleres que por posición social e vital necesitan das políticas públicas, dos recursos do Estado e das institucións.

Necesitamos políticas dirixidas a pechar as moitas brechas que nos quedan aínda pendentes como a laboral e salarial, a fenda dixital ou a brecha de corresponsabilidades. Actuacións destinadas a impulsar a corresponsabilidade e a corrixir as situacións de desigualdade das mulleres desde o ámbito rural ao investigador e tecnolóxico. Porque ningún deles son compartimentos estancos, e só abordándoos transversalmente poderemos deseñar os mecanismos certos para acabar coa desigualdade.

Debemos seguir despregando políticas dirixidas a loitar contra a pobreza infantil e a de moitas mulleres con fillos e fillas a cargo. Políticas contra a prostitución e trata de mulleres e nenas, contra os ventres de alugueiro, contra todo aquilo que supón un ataque frontal aos dereitos humanos das mulleres.

Como Concello de Cambre, mantemos unha perspectiva europea e internacionalista nas nosas formulacións. Defendemos a necesidade de impulsar o fortalecemento da axenda europea pola igualdade, de incrementar os recursos nas políticas de igualdade de xénero e de elevar as esixencias na normativa comunitaria para o avance das mulleres europeas. E seguiremos loitando polas mulleres que nalgúns países aínda non alcanzaron nin sequera a igualdade formal cos homes. Velaremos polos dereitos humanos das mulleres e nenas en todo o mundo, reclamando estratexias internacionais que combatan a mutilación xenital, feminina, os matrimonios forzados de nenas. E comprometéndonos con millóns de mulleres no mundo que aínda teñen negado o dereito á interrupción voluntaria do embarazo.

Dende o Concello de Cambre asumimos e defendemos que hai que intervir para paliar esta situación. Desde as nosas respectivas responsabilidades, debemos traballar para que esta crise non deixe a ninguén atrás e tampouco leve por diante ás mulleres. E temos ante nós unha grande oportunidade porque contamos cunha inxección en forma de fondos europeos, que nos dan a posibilidade de investir con audacia para xerar e establecer cambios estruturais.

Por todo iso, a Corporación do Concello de Cambre propón os seguintes **ACORDOS**:

1. Instar ao Goberno Central o seguinte:

- 1.1. Demandar o aumento dos recursos destinados á inspección laboral e a súa transferencia á Comunidade autónoma galega.
- 1.2. A aprobación da Lei de igualdade salarial para rematar coa fenda salarial de xénero entre homes e mulleres. E mentres non estea aprobada se incremente e dote de recursos suficientes á inspección laboral co fin de perseguir calquera discriminación que por razón de xénero se produza no ámbito laboral.
- 1.3. A modificación e actualización da Lei de conciliación e corresponsabilidade de 1999 tendo en conta a nova realidade demográfica, a racionalización horaria e favorecendo a compatibilidade do traballo coa vida persoal e familiar.

2. Instar ao Goberno da Xunta de Galicia, dentro do seu marco competencial a:

- 2.1. Impulsar políticas dirixidas a pechar as moitas fendas existentes: a fenda laboral, a salarial e a dixital.
- 2.2. Fomentar actuacións destinadas a impulsar a corresponsabilidade.
- 2.3. Corrixir as situacións de desigualdade das mulleres, dende o ámbito rural ao investigador e tecnolóxico.
- 2.4. Despregar políticas dirixidas a loitar contra a pobreza infantil e ás das mulleres con fillos e fillas a cargo.
- 2.5. Crear un corpo específico de inspección laboral que teña competencia para realizar inspeccións aleatorias para testar a existencia ou non de discriminación por razón de xénero.
- 2.6. Elaborar unha avaliación sobre a situación das persoas maiores e os recursos que teñen para desenvolver unha vida digna mellorando os programas e servizos públicos que a garantan.
- 2.7. Realizar un Plan de sensibilización e concienciación do conxunto da sociedade en favor dunha organización social corresponsable e de horarios máis racionais.
- 2.8. Ter en conta na elaboración de calquera medida a denominada "intraseccionalidade", en virtude da cal algúns sectores da sociedade, como as mulleres anciás, as mulleres con diversidade funcional, as mulleres pertencentes ao colectivo LGBTI e as minorías étnicas e inmigrantes, son particularmente vulnerables ao virus e ás súas consecuencias.

3. Instar ao Concello de Cambre a:

- 3.1. Apoiar as accións que se desenvolven na reclamación do 8M facilitando a súa difusión e o cumprimento das medidas sanitarias hixiénicas dos actos que as asociacións de mulleres convocan o 8 de marzo.
- 3.2. Manter, impulsar e reforzar desde o ámbito municipal as políticas de igualdade, introducindo a perspectiva de xénero de cara a promover o debate social sobre o coidado, dentro das súas propias competencias, que permita cambiar o modelo actual que xera desigualdade e precariedade.
- 3.3. Avaliar os recursos destinados á conciliación para adaptalos ás necesidades das familias e cara ás familias solteiras, numerosas, así como cara á corresponsabilidade.
- 3.4. Manter e consolidar o compromiso real do Concello de Cambre pola igualdade de xénero e contra a violencia machista.
- 3.5. Comprometer os recursos económicos e humanos necesarios para o desenvolvemento de políticas de igualdade activas, completas e participativas, prestando especial atención ás mulleres migrantes e ás mulleres en situación de especial vulnerabilidade, para que todo o persoal público teña acceso a unha formación continua que lles permita previr, detectar e satisfacer as diferentes necesidades para corrixir as desigualdades estruturais dentro das súas habilidades profesionais; revisar os procedementos para garantir un bo trato e evitar situacións de violencia institucional.
- 3.6. Manifestar o compromiso do Concello de Cambre ante a detección e erradicación das actividades relacionadas coa explotación sexual e a publicidade relacionada coas mesmas actividades.
- 3.7. Manter e perpetuar o actual compromiso do Concello de Cambre con que as actividades escolares complementarias sexan impartidas con enfoques que promovan valores non sexistas contrarios a calquera tipo de discriminación.
- 3.8. No relativo ao III Plan de Igualdade do Concello de Cambre (PIOM):
 - A. Articularase na práctica e dentro das propias competencias, políticas globais e transversais con recursos económicos suficientes, xestión pública, con estatísticas e avaliacións, que cambien a realidade material das mulleres, en interese da igualdade real.
 - B. O III PIOM traballará para a consecución dos seus obxectivos, entre os que se atopa o desenvolvemento das medidas contempladas no orzamento, que serán avaliábeis de xeito anual.
 - C. Realizarase un informe de impacto de xénero sobre as medidas adoptadas ou acordadas no pacto de reconstrución para introducir os factores correctores necesarios para evitar afondar nas desigualdades de xénero.
 - D. O III PIOM garantirá que as medidas adoptadas teñan un seguimento e unha lista mínima de obxectivos programados para que se poida verificar a suficiencia orzamentaria, a correcta execución e a asignación de recursos.
 - E. Informarase ao Pleno do concello da aplicación, seguimento e estatísticas das medidas acordadas no ano anterior para a aprobación deste texto, como proba de compromiso real coa moción que se aproba.
- 3.9. Fomentar, en colaboración coas asociacións de empresarios e empresarias locais, medidas e programas de conciliación e corresponsabilidade nos que se incorporen a perspectiva de xénero.

4. Dar traslado deste acordo plenario á Xunta de Galicia.»

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguineo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites), e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común, e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que o integran, aproba a declaración institucional tal e como foi transcrita.

O señor alcalde reitera o seu agradecemento aos grupos que retiraron as súas mocións.

3.2. Mocións dos grupos municipais

3.2.1. Mocións dos grupos municipais declaradas de urxencia no pleno ordinario de data 25 de febreiro de 2021, que non foron obxecto de debate e votación ao ter que levantarse a sesión ás 24:00 horas

O señor alcalde explica que a urxencia destas mocións xa foi votada no anterior pleno.

A) Moción do grupo municipal do PP en apoio da transferencia á Xunta de Galicia da xestión do dominio público marítimo terrestre

Rexistrada de entrada ao núm. 999/941, o día 19 de febreiro de 2021. Consta do seguinte teor literal:

«Galicia conta con 2091 quilómetros de perímetro costeiro insular e peninsular, sendo a comunidade con máis territorio costeiro. Por esta razón, a comunidade galega leva solicitando ao Goberno Central desde 2009 o traspaso das competencias en materia de xestión do dominio público marítimo terrestre.

Principalmente, reclámase esta xestión porque se trata dun territorio que ten unha especial vinculación con materias que xa son actualmente de competencia autonómica, como son a regulamentación urbanística, a construción de portos ou o control de vertidos na costa.

Ante a existencia de dous niveles administrativos diferentes nesta zona, considérase imprescindible continuar reclamando ao Estado o traspaso a Galicia das competencias para a xestión do dominio público marítimo terrestre.

O obxectivo desta reclamación é acadar unha mellor prestación do servizo público, facéndoo a través dunha xestión de proximidade e cun coñecemento máis detallado da nosa realidade costeira, referendada coa aprobación do Plan de ordenación do litoral.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Cambre, presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

“Instar ao Goberno Central a traspasar as competencias á Xunta de Galicia para a xestión do dominio público marítimo terrestre”

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, de UxC, manifesta que pola súa parte, como vén esta moción, cren que esta cuestión non debe definirse desde a perspectiva de quen ten as competencias, senón desde a previa definición de que van facer con estas competencias.

Di que é incuestionable que a Lei de costas marcou un fito transcendental na protección deste ámbito territorial, en xeral para ben. Foi necesaria e segue a selo.

É un feito que esta lei, concibida desde unha visión do Goberno Central necesita baixar a escala e atender ás singularidades e especificidades das diferentes tipoloxías de ámbitos costeiros e á súa singularidade de usos. Afinar sobre as distintas realidades costeiras, cos seus valores medioambientais e os seus sistemas produtivos é unha necesidade que o Goberno Central debe de atender, recoñecendo as singularidade e baixando a escala dos problemas.

Pero igualmente deben advertir que as políticas de intervención sobre a costa galega no ámbito de servidume de protección de competencia da comunidade autónoma non poden ser consideradas como moi acertadas.

Poñer a costa nas mans da industria de acuicultura sen condicións, desatendendo incluso á guía de sustentabilidade e integración paisaxística dos establecementos de acuicultura emitida pola propia Xunta de Galicia, non dispón da dar carta branca ao solicitado.

Exemplos como son o de Santa María de Oia, ou para colmo a pretensión de actuar en Touriñán, espazo da Rede Natura, non prometen bo criterio no ámbito do respecto ás cuestións medioambientais e paisaxísticas sobre a costa.

Ante este panorama, e como conclusión, di que entenden que hai marxe suficiente no ámbito da obrigada colaboración administrativa para avanzar e solucionar os problemas que de feito se dan.

Por outra parte, poñer en mans da administración autonómica esas competencias sobre o dominio público, como viron, non garante a bondade do tratamento dese espazo, sen que veña avaliado por unhas claras e inexistentes directrices de que se quere facer con ese tipo de espazo e os compromisos de cumprimento dos propios compromisos.

Conclúe dicindo que, en realidade, falan dun proxecto político de instrumentalización da costa e a súa compatibilidade co medio ambiente e a paisaxe costeira, polo tanto, a súa posición nestes momentos é un voto negativo ao solicitado.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que o se voto vai ser favorable a esta moción.

Concedida a palabra a don Raúl Varela Fraguío, voceiro de AV, manifesta que o seu voto, neste caso, vai ser en contra, por considerar que non atinxe á administración municipal esta moción.

Concedida a palabra a dona María José García Hidalgo, concelleira de C's e integrante do Grupo Mixto, manifesta que o seu partido non nega que poidan existir argumentos a favor desta solicitude, pero o que teñen claro é que a xestión do dominio público marítimo-terrestre é unha competencia estatal, porque directamente afecta a todos.

A afectación sobre as costas pode, e normalmente ten, unha afección sobre todo ás augas territoriais, ás que non son territoriais e tamén ás mareas, o que á súa vez tamén pode ter un impacto nos ecosistemas, nalgúns casos con hábitats distantes. Entón, non ven realmente ningunha necesidade de proceder a esta transferencia, como tampouco quedan tan claras as vantaxes que derivarían dela, e si parece claro que hai unha serie de riscos, como dicía antes, que indirectamente afectan a todos, porque a afectación sobre as costas pode ter un impacto no ámbito autonómico.

Conclúe dicindo que cren que agora mesmo non é o momento.

Concedida a palabra a don Juan María Abalo Castex, voceiro do PP, agradece ao BNG o seu compromiso co que é o traspaso de competencias á comunidade autónoma galega, que deste xeito, pouco a pouco, irá completando o marco de transferencias propio dunha comunidade autónoma de primeiro nivel, como é a comunidade autónoma de Galicia.

Consideran que é unha mágoa que o resto dos grupos municipais non estean a prol do que é completar ese marco de transferencias á comunidade autónoma galega.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). Votan en contra os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os dous

concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por dezaseis votos en contra, rexeita a moción presentada polo grupo municipal do PP en apoio da transferencia á Xunta de Galicia da xestión do dominio público marítimo terrestre.

B) Moción do grupo municipal do PP para instar ao Goberno de España a poñer en marcha determinadas medidas para rebaixar o prezo da luz

Rexistrada de entrada ao núm. 999/938, o día 19 de febreiro de 2021. Consta do seguinte teor literal:

“Durante a onda de neve e frío máis extrema que atravesou o noso país en décadas, o prezo da electricidade en España marcou máximos históricos por dúas ocasións, os días 8 (94,99 €/ MWh de media cun máximo de 114,89 €/ MWh ás 20:00 h) e 13 (84,99 €/ MWh de media cun máximo de 112,84 €/ MWh entre as 21:00 e 22:00 h) de xaneiro de 2021.

Ante esta subida histórica dos prezos algunhas forzas políticas lanzáronse a criticar ás empresas e ao mercado e a propoñer un maior intervencionismo do Goberno no sector eléctrico, expondo incluso a nacionalización de empresas, pasando por alto, de maneira interesada, dous datos de gran importancia:

1º.- En España menos dun 40% da factura da luz depende do prezo da electricidade e do mercado.

O resto, débese aos custos regulatorios derivados da xestión política (por exemplo, subvencións ás renovables ou ao carbón ou o déficit de tarifa, entre outras) e aos impostos (por exemplo o Imposto sobre o valor da produción de enerxía eléctrica, entre outros).

2º.- Segundo datos proporcionados por Eurostat, ao peche de 2019 o prezo do quilovatio hora en España era o quinto máis alto da Unión Europea (só por detrás de Dinamarca, Alemaña, Bélxica) e o noso país sitúase entre os 10 primeiros países da Unión que maior IVE aplica a este produto.

E obviando, ademais, que nos países europeos nos que a principal empresa eléctrica é pública a factura do consumidor final incrementouse tamén na onda de frío entre un 30% e un 50% ou que Barcelona Eléctrica (a empresa pública de electricidade creada polo Concello de Barcelona dirixido por Barcelona en Comú) vende a luz máis cara que o resto de empresas privadas e disfrazando de boas intencións unha proposta que non dá unha resposta eficaz a este problema e só pode definirse como populista e demagóxica.

Doutra banda, hai que indicar que o Goberno de España para xustificar a súa negativa a actuar e rebaixar o prezo da luz a millóns de fogares españois, de maneira falsaria:

1º.- Afirma que grazas á súa acción política o recibo da luz baixou nun 40% o ano pasado cando esa rebaixa debeuse á caída da demanda pola pandemia e á baixada dos prezos do gas e do petróleo en 2020.

2º.- E vólvese a escudar en Europa para rexeitar baixar o IVE aplicado á electricidade cando a realidade é que varios países europeos teñen tipos máis baixos que España na tarifas que afectan os consumidores.

Ante esta negativa, debemos lembrar:

1º.- A reforma do sector eléctrico realizada polo Goberno do Partido Popular no ano 2013 que evitou un aumento do prezo da electricidade do 42%

2º.- E a proposición de lei presentada polo Grupo Parlamentario Popular en 2018 no Congreso dos Deputados que propoñía baixar do 7% ao 0% o tipo de gravame do Imposto sobre o valor da produción de enerxía eléctrica.

Tras constatar a nula sensibilidade social, a inacción e as mentiras do Goberno de España, o Grupo Municipal Popular no Concello de Cambre, presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

Instar ao Goberno de España a tomar as seguintes medidas para impedir que o aumento espectacular do prezo da enerxía eléctrica lastre a economía persoal e familiar dos españois xa especialmente danada polos efectos da pandemia:

1º.- Rebaixar o tipo de gravame do Imposto sobre o valor da produción de enerxía eléctrica do 7% ao 0%, modificando para iso o artigo 8 da Lei 15/2012, de medidas fiscais para a sustentabilidade enerxética, tal e como se recolle na Proposición de lei presentada polo Partido Popular o 18 de setembro de 2018 e que caducou debido á falta de vontade do Goberno de España por debater este asunto.

2º.- Modificar a Lei 24/2013, do sector eléctrico para, entre outros aspectos, que determinados custos regulatorios que se trasladan á factura eléctrica como a débeda do sistema eléctrico sexan financiados integramente con cargo aos Orzamentos xerais do Estado tal e como propón a Proposición de lei presentada polo Partido Popular o pasado 19 de xaneiro.”

Concedida a palabra a dona Patricia María Parcero Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, manifesta que, co fin de non estenderse na súa intervención, vai centrarse unicamente na proposta de acordos que o PP realiza na súa moción, pasando por alto esas acusacións infundadas que realizan.

En canto ao primeiro punto, gustaríalle lembrarlles que foi un acordo do Goberno de Mariano Rajoy en 2012, que se mantivo sen ser modificado durante os anos de goberno do PP ata o 2018, e que xusto tres meses despois do cambio de presidente foi cando decidiron facer a proposición de lei.

Coa chegada o Partido Socialista á Moncloa ese imposto foi suspendido de forma temporal durante uns meses, conseguindo o efecto desexado, que consistía na rebaixa do recibo da luz, pero tamén supuxo un desaxuste nas contas do executivo, por iso dende o Ministerio de Transición Ecolóxica se propón levar a cabo unha supresión gradual do imposto, á vez que se crea un fondo de sustentabilidade do sistema eléctrico, evitando o desaxuste das contas e a extracción de déficit tarifario.

Di que o Goberno xa avanzou nese sentido, e o pasado mes de decembro presentou o anteproxecto de lei que prevé a creación dese fondo.

En canto á segunda medida, sinalar que pode ter importantes efectos negativos na situación financeira do país, xa que pode xerar unha grande débeda pública que, á súa vez, suporía un incumprimento dos compromisos de redución de déficit asumidos en Europa.

Di que tamén cómpre recordar que o ministro de Facenda do PP, Cristóbal Montoro, xa se amosou reticente á adopción desa medida, aducindo este mesmo motivo.

En definitiva, explica que aínda que comparten a preocupación pola suba da luz e a necesidade de atallar ese problema, consideran que a súa postura a este respecto xa quedou clara cando se respondeu á moción presentada por EU sobre esta mesma cuestión, moi recentemente.

Confían que coa profunda reforma do mercado eléctrico á que se comprometeu o Goberno de España, se consiga unha baixada na factura da luz, á vez que se avanza cara a un modelo baseado nas enerxías renovables.

Trátase de buscar solucións definitivas e non provisionais, que permitan atallar o problema estrutural que existe neste mercado e que non se resolve cunha baixada de impostos.

Exposto o anterior, di que votarán en contra da presente moción.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que o seu grupo vai votar abstención nesta moción.

Concedida a palabra a don Raúl Varela Fraguío, voceiro de AV, manifesta que, partindo da base de que cre que todos os que están aquí queren unha baixada da luz, consideran que este tema é un tema do Parlamento da Nación, non é responsabilidade do concello neste caso. Porque, aparte, consideran que o propio PP é un dos principais culpables desta situación, porque quizais se na época que gobernaba M. Rajoy tiveran blindado este asunto, non se estaría aquí debatendo este tema.

Concedida a palabra a dona María Olga Santos López, concelleira de EU-Son en Común e integrante do Grupo Mixto, manifesta que moi brevemente, porque ademais deste tema, como dicía a concelleira de Medio Ambiente, xa faláron non hai moito tempo, ela cualifica este tipo de mocións como mocións lavado de cara, mocións trampa, como queiran, esta é unha máis do PP, porque basicamente detrás desa boa intención, ela acaba de facer ademais o cálculo sobre a súa propia factura da luz, que está no mercado regulado, e no seu importe o que suporía a redución dese imposto sería de 1,94 euros sobre unha factura de 50 euros. Di que mañá igual comían marisco.

Quere dicir co iso que detrás desas alegorías o que hai é unha defensa das empresas privadas que foron as que manipularon o prezo da luz, empresas que ben, por ser xustos, teñen nos seus consellos de administración, e téñeno dito moitas veces, pero hai que seguir recordándolles, a ex-ministros e dirixentes do PP.

Este tipo de mocións, ademais, considera que son perversas, porque acaban dalgún xeito desinformando á xente, porque parecera que iso e o maná e que con esa modificación non vai ocorrer o que recordarán todos pasou no mes de xaneiro, que pasou a borrasca Filomena, todos o lembran, e de súpeto todos aqueles clientes de mercado regulado, que tiñan a súa tarifa ao prezo voluntario, que era o pequeno consumidor, atoparon facturas incluso duplicadas de prezo.

Di que precisamente esta iniciativa é un lavado de cara, non vai impedir que o mercado regulado non estoupe ante unha nova borrasca Filomena ou calquera outro tipo de variable. Sería imposible impedir que as tres grandes eléctricas modificasen e alzasen o prezo ao pequeno consumidor.

Considera que o que hai que cambiar, xa o dixeron, é un sistema perverso, feito e deseñado polo PP e as grandes compañías eléctricas que os teñen a soldo. Só hai que ver os consellos de administración.

O que hai que facer é regular, regular o mercado eléctrico para que ese abuso das eléctricas non se permita e non tratar á cidadanía como se fosen nenos de 5 anos, dicíndolles que con esa baixada se vai solucionar o problema de pobreza enerxética, con 1,94 euros nunha factura de 50 euros.

Conclúe que, como non pode ser doutra forma, votará en contra.

Concedida a palabra a dona María José García Hidalgo, concelleira de C's e integrante do Grupo Mixto, manifesta que como xa dixo cando debateron unha moción sobre este mesmo asunto presentada por EU, o seu posicionamento segue sendo o mesmo.

Expón que o que si permitiría baixar, de maneira directa e ata en máis dun 50% o recibo da luz, sería efectivamente baixar o tipo de IVE e evitar esa dobre imposición que actualmente se aplica nese imposto. E, por outra parte, eliminar outros cargos da tarifa que realmente non gardan relación co custo da electricidade.

Dito isto, si quere lembrarlle ao PP que teñen que recordar o déficit de tarifa que lles deixou tanto o PP como o PSOE e que aínda seguen pagando todos a día de hoxe.

Conclúe que, polo tanto, o seu voto vai ser abstención.

Concedida a palabra a Marta María Vázquez Golpe, concelleira do PP, manifesta que ela das respostas que lles deron tanto o Grupo Socialista, como EU, como AV, ela non se pode sorprenden nin o máis mínimo, porque calquera que os escoite pode pensar que segue en España gobernando o PP, porque todos eses argumentos dan a entender como se o PP agora mesmo seguise aínda manexando os fíos desta España que eles viñan a rescatar e a resolver todos estes problemas económicos que tanto afectaban ás familias.

Non se dan conta de que están nun Goberno, facendo coalición co partido de Podemos e outros partidos que non teñen nada que ver co PP, e non levan só uns meses, levan moitísimo máis tempo.

Eses partidos, ademais da apreciación feita, non teñen vergonza e cren que os que os escoitan aínda se van crer todos eses intentos e esforzos inútiles por convencer á xente desa ineficacia. Porque ela pregúntase que é exactamente o que di o PSOE e Podemos en canto ás baixadas da luz. Pois concretamente altos cargos de Unidas Podemos e do PSOE dixéronlles aos españois que as subas eran picos puntuais e que só ían ser uns poucos euros. E ela pregunta se lembran cando coa pandemia se dicía tamén que ía haber uns poucos casos, iso por parte do mesmo Goberno.

Tamén din que as políticas do actual Goberno provocaron o despregue de enerxías renovables e que, polo tanto, reducíronse os prezos das empresas maioristas. ¿É isto certo? Pois evidentemente, non. Os mercados de enerxía todos saben que son libres, totalmente libres dende hai moitos anos, e calquera economista de 1º de primaria, ou calquera cidadán medio, sabe que os prezos do mercado maiorista fíxaos a oferta e a demanda, e non os fixa nin ningún ministro, nin ningún Goberno, por moito que digan e por moito que intenten convencer, porque nunca van dar uns argumentos económicos, e dende o punto de vista empresarial convincentes nin sólidos, para convencer a ninguén que entenda medianamente do tema. Poden falar incluso de nacionalizar as eléctricas.

Pregunta se saben que din os analistas máis autorizados, catedráticos e a propia Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia. Pois din que atribuír esas subas escandalosas da luz aos mercados maioristas é puro populismo. E iso non o di o Grupo Municipal Popular, nin o di o PP, están a dicilo os economistas, analistas e a propia Comisión Nacional de Defensa da Competencia, porque a transición enerxética non é algo que fagan eles, nin os políticos, quen a fai son as empresas mediante un mecanismo tan simple como a oferta e a demanda. Ademais, o investimento en enerxías renovables tampouco o fai ningún ministerio, nin ningún Goberno, o fan algúns señores que se montan as súas empresas e optan por esas enerxías renovables.

Dilles que seguen a negalo, eles que viñan a loitar contra a pobreza, que viñan a dicirlles ás familias que o PP era un opresor, algún rinse, pero iso é verdade e téñeno escoitado todos, que o PP era un opresor e que as familias estaban oprimidas, que se pasaba frío nos fogares, que había pobreza enerxética, pois ben, agora están no Goberno e aí non só non fan nada, porque non se ve ningunha baixada do prezo da luz, senón que subiu ata a cifra arrepiante dun 35%.

O señor alcalde intervén para pedirlle que vaia rematando.

Dona Marta María Vázquez Golpe continúa dicindo que eses analistas autorizados din tamén que as subas serán continuadas nos próximos 5 anos se os gobernos se seguen negando a baixar impostos á electricidade e ao IVE da electricidade, porque só o 40% do prezo da luz depende dos provedores por xunto.

E agora di que vai dicir que é o que dicían os líderes dos partidos actualmente no Goberno cando no 2014 a luz subía só un 8%.

O señor alcalde intervén para pedirle novamente que remate e lémbrale que despois terá unha segunda intervención. Explica que quen fai a moción, lee a moción, despois ten os 5 minutos que a concelleira acaba de consumir e logo terá unha segunda intervención de 3 minutos.

Dona Marta María Vázquez Golpe pide que a desculpe e di que rematará na seguinte intervención.

Concedida a palabra a dona María Olga Santos López manifesta que será moi breve. O primeiro dicir que está realmente emocionada porque acaba de escoitar á concelleira popular pronunciar a palabra máxica, nacionalización, e dille que claro, que non se nacionaliza dun día para o outro.

Expón que, efectivamente, que esas empresas privadas que o PP defende, mercadean nunha poxa eléctrica diaria onde a día de hoxe calquera que se meta na páxina, e ela o ten dito máis veces aquí, que cada quen entende do seu, de electricidade ela entende un pouquiño, invita a calquera a que se meta na páxina de poxas a ver como se mercadea coa compra da electricidade por parte desas empresas eléctricas privadas que o PP defende. Pero di que a concelleira pronunciou a palabra clave, e niso se traballa, na nacionalización.

E por outra parte, aproveitando esa oda ao bo “rollismo” respecto do tema da pobreza enerxética, estaría moi ben que lle botaran un ollo ao tema da Cañada Real. Tampouco ten luz.

Concedida a palabra a dona Marta María Vázquez Golpe di que, concluíndo a súa intervención anterior, e respondendo á concelleira de EU-Son en Común, efectivamente, como só pensan no PP e parece que o PP é o culpable de todos os males que lles axexan, e que o segue sendo a pesar de non estar gobernando, diralle o que dicían, tanto o PSOE como o partido de Podemos, cando co Goberno de Mariano Rajoy subiu a luz un 8%, nada que ver co 35% de agora.

Dicía Pedro Sánchez: “A factura da luz elévase en xaneiro un 11%, outro golpe do Goberno ás familias”. Tremendo.

Pablo Iglesias, o 18 de xaneiro de 2017, cando a factura da luz subira tamén un 11%: “Disparar a factura da luz un día como hoxe só demostra a cobiza das eléctricas. Se o Goberno o consinte, será cómplice.”

Engade que o programa electoral de Podemos de 2019 dicía no punto 2.6.7. exactamente: “Baixar o IVE ao tipo do 4% a máis alimentos e bebidas no alcohólicas, e ao 10% a todas as subministracións básicas (calefacción, gas, electricidade) dos consumidores máis vulnerables”.

Continúa dicindo que os consumidores máis vulnerables quedaron no caixón do esquecemento para o grupo de Unidas Podemos, e se non dilles que se miren eles mesmos, o quentiños que están nas súas mansións durante todo o inverno.

Falaba a concelleira de EU de nacionalizar, e claro que non se nacionaliza nun día, ten toda a razón, pero si que se poden baixar os impostos. De feito as directivas europeas non só non o prohiben, senón que o poden facer mañá mesmo, baixar o IVE da luz, precisamente porque se mercadea, pero mercadéase porque eles o consenten. Pídelles que o eviten, que eviten ese mercadeo.

E respecto da Cañada Real dille que ten toda a razón. A ela tampouco lle gustan as condicións desa zona. Descoñece absolutamente de quen son as competencias nese barrio, pero ben, se empezan a sacar zonas de España onde gobernan uns e outros, zonas que están máis ou menos empobrecidas e onde hai verdadeiros problemas familiares, verdadeiros dramas, pois poderían falar longo e tendido. Di que ela entende que o Goberno de España algo terá que ver en consentir que aínda existan en España.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe). Votan en contra os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguiniedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e unha concelleira integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común). E abstéñense os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e unha concelleira integrante do Grupo Mixto (dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por quince votos en contra, rexeita a moción presentada polo grupo municipal do PP para instar ao Goberno de España a poñer en marcha determinadas medidas para rebaixar o prezo da luz.

C) Moción do grupo municipal do BNG sobre a transferencia da AP-9 a Galicia

Rexistrada de entrada ao núm. 999/940, o día 19 de febreiro de 2021, xunto con outra moción para o pleno. Consta do seguinte teor literal:

“A AP-9, a Autoestrada do Atlántico, é a principal arteria de comunicación de Galicia, unha vía estratéxica que cruza o país de norte a sur, articulando un territorio no que se asenta máis do 70% da poboación e a meirande parte da actividade económica do país.

A pesar da súa importancia estratéxica, esta infraestrutura ten unhas tarifas desorbitadas que teñen que soportar a diario arredor de 22.000 galegos e galegas. Esta peaxe abusiva é un verdadeiro lastre para a economía das persoas e das empresas do noso país.

A historia da AP-9 é a crónica dunha discriminación con Galicia, que nos ten costado miles de millóns de euros en peaxes.

Cómpre lembrar que a concesión desta autoestrada remataba en 2013, e que, se aínda temos que seguir pagando polo seu uso é porque esta foi ampliada por parte dos distintos Gobernos do Estado -dez anos polo Goberno de Felipe González en 1994 e 25 anos por parte do Goberno de José María Aznar en 2000-. A maiores, en 2003, o Goberno de Aznar vendería co beneplácito da Xunta -da que era conselleiro de Ordenación do Territorio, o actual presidente, Núñez Feijóo-, a autoestrada por un prezo ridículo.

Como consecuencia destas decisións políticas, hoxe Galicia conta non só cunha das autoestradas máis caras do Estado, senón tamén coa concesión máis longa posible, 75 anos, ata 2048. Así, mentres na Galicia pagamos as peaxes máis caras, a práctica totalidade das autoestradas do Estado ou son de balde ou o serán en breve. O que supón un forte impacto económico para as arcas de miles de traballadores e traballadoras e un lastre á competitividade das nosas empresas é, á súa vez, un suculento negocio para a empresa concesionaria, que en 2019 recadou 153 millóns de euros, uns 420.000 euros diarios.

A loita social e institucional para poñer fin a este abuso vén de lonxe. En abril de 2016, o Parlamento de Galicia aproba por unanimidade, a instancias do BNG, a Lei para a transferencia da AP-9 a Galicia, que sería vetada pola Mesa do Congreso o 13 de decembro dese mesmo ano. O mesmo veto tería o novo proxecto de lei impulsado polo BNG a comezos de 2017 e aprobado polo Parlamento galego en maio de 2017.

Quedaba claro que se trataba dun veto político, disfrazado de razóns técnicas e orzamentarias. E para deixalo máis evidente, ao tempo que se vetaba a transferencia e o rescate da AP-9, o Goberno do Estado aprobaba a principios do 2018 o rescate de 8 autoestradas de peaxe ruinosas, entre elas as radiais madrileñas. Unha decisión que tería un custo para as arcas do Estado de máis de 4.000 millóns de euros. Non había diñeiro público para rescatar a AP-9, mais si o había para salvar ás construtoras e á banca que construíron e xestionaron autoestradas ruinosas.

Por fin, o 2 de febreiro do presente ano o Congreso aproba, por ampla maioría, a toma en consideración da Lei de

transferencia de titularidade e competencias da autoestrada AP-9.

Desde o BNG consideramos que a transferencia é un primeiro paso para acabar cunha discriminación histórica, e é necesario que se realice libre de cargas, que sexa rescatada polo Estado de igual maneira que se rescataron no seu día as radiais madrileñas.

Mentres a tramitación desta lei non conclúa -algo que debería ter lugar no actual período de sesións-, é preciso que se efective canto antes a rebaixa das peaxes da AP-9, comprometidos no acordo de investidura co BNG. Unhas rebaixas históricas só pendentes de efectivizarse, e para o que o Goberno do Estado dispón de 54,9 millóns de euros nos orzamentos de 2021.

Por todo o exposto o Pleno do Concello de Cambre **ACORDA:**

Primeiro: Instar á Mesa do Congreso e ás forzas políticas con representación nesa institución a aprobar definitivamente a lei de Transferencia da AP-9 a Galiza no actual período de sesións.

Segundo: Instar ao Goberno do Estado a facer efectiva de xeito inmediato a rebaixa das peaxes da AP-9.”

Concedida a palabra a don Juan María Abalo Castex, voceiro do PP, manifesta que, en primeiro lugar, queren deixar constancia de que non estando conformes co argumentario, coa base da exposición de motivos desta moción, entenden que esta se ten quedado curta.

Cren que no primeiro dos acordos, no que se insta á Mesa do Congreso e ás forzas políticas con representación nesta institución a aprobar definitivamente a Lei de transferencia da AP-9 a Galicia no actual período de sesións, debería engadir tamén “cos recursos necesarios para acometer as obras pendentes, manter as modificacións comprometidas e garantir a súa xestión acertada. Fóra diso hai que dicir que, aínda así, é positivo que o Bloque se suba ao carro da transferencia da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia, nese sentido están conformes.

Trátase dunha idea, unha postura, que o PP se congratula, sobre todo tendo en conta cal é a historia que tivo o BNG respecto da situación da transferencia da AP-9 a Galicia. Lembra que no bipartito, no ano 2008, o BNG votou en contra, no Parlamento Galego, da reclamación da transferencia da AP-9 a Galicia.

Tamén formaba parte do Goberno galego o Bloque no 2006, cando accedeu a asinar un acordo co Goberno e Audasa para bonificar as peaxes de Rande e da Barcala, que a Cambre lle afectaba tan directamente, con diñeiro de todos os galegos, a pesar de ser unha autoestrada estatal.

Así mesmo, o Bloque deulle ao Goberno e aos partidos que actualmente están no Goberno, o pasado 1 de xaneiro, a posibilidade de que a AP-9 rexistrase a maior subida de todas as autoestradas de toda España.

En calquera caso, di que están conformes co espírito da moción, deixando claro ese paso, ese cambio de criterios que levou a cabo o BNG, e están tamén a favor da transferencia da AP-9, como logo verán nas mocións posteriores. O PP ten ido máis aló e ten presentado tamén unha moción respecto da transferencia da AP-9, pero como mínimos están a favor dos puntos que están recollidos nesta moción, non na exposición de motivos, pero si nos acordos a que se chega, co cal van votar a prol.

Concedida a palabra a don Raúl Varela Fraguío, voceiro de AV, manifesta que dende o seu grupo están totalmente de acordo, subscriben a moción presentada polo BNG, e cren incluso que podería ser un tema que se presentase como moción institucional, cousa que se está facendo noutras administracións. O seu voto será favorable.

Concedida a palabra a dona María José García Hidalgo, concelleira de C's e integrante do Grupo Mixto, explica que consultado un informe respecto das tarifas da AP-9, un informe do doutorando da Universidade da Coruña, don José Antonio Blanco Moa, nese informe que se fixo a finais do 2019 chegábase á conclusión de que cando

se fixo aquela polémica ampliación da autoestrada, da AP-9, levada a cabo mediante un decreto, era moi criticable a escasa transparencia que existe respecto do aumento da retribución que percibía Audasa.

Acordouse naquel momento un incremento extraordinario de tarifas nos percorridos con pagos directos polos usuarios da autoestrada AP-9, en todos os seus treitos, do 1% anual acumulativo, durante 20 anos. E tamén que a ampliación da autoestrada AP-9 e os maiores gastos de conservación e outros derivados daquela ampliación se entendería acadada no momento en que o valor capitalizado das variacións anuais dos fluxos de caixa se fixeran nulos a unha taxa do 8%, momento no cal se entendía que se deixarían de aplicar os incrementos extraordinarios das tarifas que se estableceron naquel convenio. Non obstante, en ningún momento se xustifica o porqué dese aumento do 1% nin da taxa do 8% que semellaban esas variacións de tanto alzado.

Nese estudo, di que é moi curioso, análzase non só a modificación do contrato de concesión, se cumpría ou non coas limitacións legais existentes para facer esas modificacións non previstas nos pregos do contrato, e sobre iso púidose concluír a existencia dun incumprimento do límite cuantitativo que establecía o artigo 92 da lei de contratos no 2007, onde se indicaba que as modificacións non podían igualar ou exceder en máis ou menos o 10% do prezo da adxudicación do contrato.

Salvo erro do autor, di no informe que non consta información pública do prezo da adxudicación do contrato, e iso si que é grave, non consta información pública do prezo da adxudicación do contrato, polo que se tomou o seu valor contable, recollido nas contas anuais de Audasa. E pide que se fixen que, analizando esas cifras, observouse que incumpría significativamente o límite do 10% do prezo de adxudicación do contrato, e aínda que se tratou de emendar na Cláusula 5ª dese convenio entre a Administración Xeral do Estado e Audasa, aprobado por medio do Real decreto 1733/2011, compróbase que están ante unha modificación que, ao entender dese experto doutorando, adoece de vicios xurídicos que determinan a súa nulidade.

Conclúe dicindo que, ante ese atropelo de Audasa aos usuarios, co beneplácito dun convenio escuro do Goberno, apoiarán que se apliquen todos os descontos e bonificacións necesarias mentres ese abuso tan grave non poida ser tratado nos tribunais. Vai votar a prol da moción do BNG.

Concedida a palabra a don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro do BNG, agradece as palabras dos distintos grupos e di que poden estudar a posibilidade de traer unha declaración institucional máis adiante. En principio agradécelles o seu voto favorable a esta moción.

Toma a palabra o señor alcalde para manifestar que dende o Goberno de Cambre tamén van votar a prol, e tamén agardan que sexa unha transferencia rápida, e que poidan despois tamén facer unha AP-9 gratuíta para a contorna metropolitana, tan necesaria, con enganche á Vía Ártabra e gratuíta á Coruña.

Agardan que sexa así e que este sexa o primeiro paso, polo tanto, van votar a prol.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parcero Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que compoñen a Corporación, aproba a moción tal e como foi transcrita.

3.2.2. Moción do equipo de goberno (UxC e PSdeG-PSOE) con motivo do Día internacional das mulleres, ditaminada pola Comisión Informativa de Cultura, Deportes, Xuventude e Benestar Social de data 18 de marzo de 2021

Faise constar que non se tratou a proposta que fora ditaminada pola Comisión Informativa de Cultura, Deportes, Xuventude e Benestar Social, o día 18 de marzo de 2021, xa que no punto 3.1 da orde do día do presente pleno, foi aprobada unha declaración institucional por parte dos vinte e un concelleiros e concelleiras integrantes da Corporación relativa ao mesmo asunto.

3.2.3. Mocións dos grupos municipais presentadas para o presente pleno

Fóra da orde do día, sométese conxuntamente a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia das seguintes mocións:

- Moción do grupo municipal do Partido Popular en apoio da redución do IVE aos salóns de peiteado
- Moción do grupo municipal do Partido Popular para pedir a aplicación inmediata das bonificacións na AP-9
- Moción de EU-Son en Común de apoio ao sistema de depósito, devolución e retorno de envases

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parcero Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que compoñen a Corporación, aprobou a declaración de urxencia de todas as mocións enunciadas.

Faise constar que trala votación, as vinte e unha horas e corenta e sete minutos, tras a votación a urxencia das mocións, abandona a sesión don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG.

A) Moción do grupo municipal do Partido Popular en apoio da redución do IVE aos salóns de peiteado

Rexistrada de entrada ao núm. 999/1622, o día 18 de marzo de 2021, xunto con outra moción para este pleno. Consta do seguinte teor literal:

“Os salóns de peiteado representan un importante sector económico do tecido empresarial do noso país. Durante os últimos anos estes profesionais veñen atravesando unha notable crise, que se veu agravada coa chegada da pandemia da Covid-19.

A restricións derivadas da situación sanitaria e a práctica desaparición de celebracións e eventos festivos, están abocando á desaparición a centos de profesionais e empresas do sector.

/Só en Galicia, o impacto da crise sanitaria provocou o peche de máis 300 negocios de peiteado e unha caída na súa facturación que supera o 30%. Estes negocios, na súa maioría pequenas e medianas empresas, supoñen un número considerable de postos de traballo.

Cabe destacar tamén o esforzo realizado polo sector para adaptarse á normativa recomendada polas autoridades sanitarias, o que supuxo tamén un importante investimento que, apoiados pola administración autonómica, tiveron que asumir directamente.

O pasado 21 de xaneiro, o Grupo Parlamentario Popular, logo do diálogo cos traballadores galegos do sector, rexistrou no Parlamento de Galicia unha Proposición non de lei para instar ao goberno central unha baixada do IVE, pasando do 21% actual, ao 10%, por consideralo unha das medidas fundamentais para garantir a supervivencia deste sector.

Desde este concello debemos tamén sumarnos a esta proposta de redución que se fundamenta, entre outras cuestións, na súa cualificación por parte do Goberno central como servizo esencial durante o Estado de Alarma. Pois ademais do seu traballo no ámbito da estética, realizan unha importante labor hixiénica e sanitaria, especialmente para as persoas dependentes.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Cambre presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

Demandar ao Goberno do Estado a redución do IVE dos salóns de peiteado, pasando do actual 21% a un 10%, dando o apoio necesario para garantir a supervivencia deste sector e dos postos de traballo que manteñen, nun momento de especial necesidade por mor da crise da Covid-19.

Concedida a palabra a don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que desde o Grupo Socialista van formular a posibilidade de votar a prol cunha modificación dos acordos, para engadir dous puntos que serían os seguintes:

- Instar á Xunta a destinar axudas directas e inmediatas que axuden a paliar a grave situación económica que está sufrindo o sector dos salóns de peiteado, barberías e estética.
- E reunirse a negociar, co sector agrupado na plataforma Crer en nós, as condicións desas axudas para que realmente se cumpra co obxectivo de salvar este tipo de negocios de salóns de peiteado e que non se vexan na obriga de pechar.

Di que se engaden eses dous puntos aos acordos e modifican a moción nese sentido, votarían a prol.

Concedida a palabra a don Raúl Varela Fraguío, voceiro de AV, manifesta que a redución do IVE para os centros de estética está moi ben, a verdade, pero que son moitos os colectivos que están afectados, non só eses centros.

Di que e un pouco, non sabe se dicir indignante, que só propoñan aos centros de estética, en exclusiva, porque hai outros sectores que son moi afectados, como son os centros deportivos, como son os artistas, as escolas de baile, música, etc. Entón, na liña de se poden modificar algún punto, se puideran engadir máis sectores afectados o voto de AV podería ser favorable. Non habendo modificacións, non pode ser favorable.

Concedida a palabra a dona María Olga Santos López, concelleira de EU-Son en Común e integrante do Grupo Mixto, manifesta que vai votar a prol desta moción, pero quere tamén facer dúas puntualizacións, unha para alleos e outra para propios.

Neste asunto, complexo tamén por outra parte para un sector realmente moi prexudicado, EU apoiaría tamén a proposta do concelleiro socialista, no caso de que se aceptase, é dicir, votarían a prol en calquera dos dous casos.

Di que hai que lembrar que no Real decreto 5/2021, do 2 de marzo, de medidas extraordinarias de apoio á solvencia empresarial, desde o Goberno, e por iso dixo cara a propios e alleos, deixa fóra aos salóns de peiteado e centros de estética das axudas directas de 7000 millóns que vén por parte do Ministerio de

Economía. E o IVE, ela entende que se a día de hoxe non se baixa do 21% é porque non se quere. Tampouco se podía baixar o das máscaras, é ben...

Tamén por iso o di como unha autocrítica, pola parte que lle poida corresponder ou que poida vincular ao seu grupo, entende que iso é así.

Por parte do PP, di que hai que lembrar que eles subiron o IVE ao 21%, e que tiveron tempo máis que de sobra para baixalo. Agora coa pandemia vólvese lembrar dun sector formado por Pemes e autónomos fundamentalmente, e feminizado a practicamente un 95%.

O IVE reducido xa o tiñan no 2012 e o Goberno do PP subiuno de xeito dicían que temporal, 13 puntos de golpe. Tamén se lle fixo á cultura, en fin, a todos eses sectores, florerías, cine,..., todos afectados gravemente cando temos situacións como a que temos.

Conclúe dicindo que con esas dúas puntualizacións que lle parecen de xustiza facelas, acepta tanto as modificacións como a proposta da moción. Votará a favor en calquera caso.

Concedida a palabra a dona María José García Hidalgo, concelleira de C's e integrante do Grupo Mixto, manifesta que comparten a proposta que fai o PP nesta moción e van votar a prol. Tamén votarían a prol da proposta do voceiro do Partido Socialista se se inclúe, e se ven necesario que non soamente sexa o sector dos salóns de peiteado e estética o que debe beneficiarse desta necesidade, porque é unha necesidade, non é ningún tipo de beneficio, entón, se o amplían a outros sectores, tamén estaría de acordo. O seu voto vai ser a prol.

Concedida a palabra a dona Marta María Vázquez Golpe, concelleira do PP, di que a ela gustaríalle facer algunha puntualización a esta moción, que xa se ten quedado antiga, porque hai dous días precisamente o Congreso aprobou unha iniciativa do PP para rebaixar o IVE dos salóns de peiteado, das barberías e centros de estética, ao 10%. Esa iniciativa presentouse como proposición non de lei, polo tanto non vincula e aínda segue no aire, e foi votada en contra polo Partido Socialista, coa abstención de Podemos.

Con esa medida poderían salvarse o 50% das empresas e dos empregos do sector, que están aínda en risco. E o motivo polo que hai que evitar pechalos é porque un negocio que pecha non vai pagar impostos, e tampouco vai ser beneficioso para as arcas do Estado.

O propio sector advirte de que está totalmente ao límite. A súa recadación reduciuse en máis dun 35%. Tiveron perdas económicas de máis de 140 millóns de euros, e téñense destruído máis de 50000 empregos, que é bastante preocupante, sobre todo porque estes empregos destruídos refírense a mulleres e mocidade.

Di que xa se presentou unha emenda, así mesmo, aos orzamentos xerais do Estado polo Grupo Popular no Senado, para que se baixara o IVE do sector ao 10%, e o Goberno e os seus socios tamén a rexeitaron.

Continúa dicindo que para contestar ás intervencións que fan o resto dos grupos, concretamente o PSOE suxírelles que estas axudas directas as tería que dar a Xunta de Galicia. Ela lémbrolla ao voceiro socialista que a Xunta aínda está agardando a que o Goberno, ao cal o voceiro representa aquí en Cambre, o PSOE, lle pague a Galicia o que lle debe, precisamente polo IVE e por importe de máis de 700 millóns de euros.

Pídelle que se fixe en cantas axudas directas podería dar a Xunta de Galicia se eles non foran uns morosos en pagarlle á comunidade autónoma galega, cun voto tamén en contra aquí neste pleno, todos eses millóns de euros que lle deben aos galegos. E dille que a Xunta xa é a comunidade autónoma, das 17, que máis axudas directas dá ás empresas.

Ela pode propoñerlle unha solución que lle vai encantar, ao voceiro e ao seu partido, que inclúan esta iniciativa nas axudas directas dos orzamentos xerais do Estado, que rexeitaron a iniciativa do PP de incluílas, e que non dean diñeiro ás compañías aéreas venezolanas. Eses 55 millóns de euros, en vez de dalos para rescatar unha compañía aérea venezolana, que os meteran nos orzamentos xerais do Estado. E non o di por facer a cousa máis práctica e máis sinxela, senón porque 55 millóns de euros serían máis que suficientes para incluílos nos orzamentos xerais do Estado para baixar o IVE dos salóns de peiteado e evitar que en España se perdan 50000 empregos nese sector.

Conclúe dicindo que, ademais diso, non só nese sector, senón que en España o incremento do paro xuvenil e do paro feminino está á cabeza de Europa, con datos obxectivos, co Goberno do Partido Socialista e seus socios de Goberno.

Concedida a palabra a don Daniel Mallo Castro, voceiro de UxC, manifesta que simplemente quería engadir que están de acordo co que manifestou o voceiro do Partido Socialista, e tamén co que comentaron os outros grupos da Corporación. Quédaselles algo curta a moción e, polo tanto, UxC se engaden os puntos que comentou o voceiro socialista, e tamén se podería engadir o que dixo o resto dos grupos, nese caso o seu voto sería a prol. Se non se engaden eses puntos eles non se van opoñer a esta moción e o seu voto sería abstención.

Concedida a palabra a don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro do BNG, manifesta que o seu voto será a prol.

O señor alcalde pregúntalle á concelleira do PP se engaden eses puntos que piden desde o Partido Socialista ou se manteñen a moción tal e como a trouxeron.

Dona Marta María Vázquez Golpe contesta que eles nunca teñen problema en engadir ningunha apreciación que lles fagan, sempre e cando a vexan razoable e xusta, pero neste caso entenden que non é xusta, é unha rabecha contra a Xunta de Galicia, porque a Xunta de Galicia ten que asumir todo o que non quere asumir o Goberno Central.

Di que estas axudas directas forman parte dos compromisos do Goberno Central, e deberían estar nos orzamentos xerais do Estado, por iso entenden que non é procedente incluír esas apreciacións que lles fai o grupo socialista.

Por outra parte, gustaríalle dar as grazas á concelleira de EU por apoiar esta moción, porque a pesar de todas as discrepancias que teñen, efectivamente hai un sector moi prexudicado. Con independencia de que é certo que hai outros sectores que necesitan tamén moitísimo apoio, esta moción tráese ao fío de que se presentou unha proposición non de lei no Congreso, relativa a este sector en concreto, pero evidentemente eles apoiarán calquera moción que calquera outro grupo poida traer para implementar axudas a calquera empresa que o estea pasando mal por culpa da Covid.

En canto a que é certo que o IVE subiuno o Goberno do PP, cre que hai que ter en conta as circunstancias económicas de cada ciclo. Non é o mesmo unha situación de bonanza económica que unha situación onde hai unha pandemia, e onde están falando dunha situación de urxente e extrema necesidade.

Por agora esas axudas directas e esa baixada do IVE debería de materializarse con independencia de se hai bonanza económica, pois os impostos ninguén nega que son necesarios para poder distribuír e redistribuír a riqueza entre todos, pero agora mesmo non cren que sexa o momento.

Dá as grazas aos grupos de EU, C's, BNG e UxC, que se non se equivoca tamén manifestou que vai votar a prol da proposta, e lamenta que o Partido Socialista de Cambre deixe illados a tantos negocios de salóns de peiteado como teñen no municipio, porque son moitos, moitas familias veciñas de todos, que teñen negocios de salóns de

peiteado, no Temple, en Cambre, na Barcala, e que están prestando, aparte dun servizo económico, case están prestando un servizo social.

Intervén o señor alcalde para pedirlle que vaia rematando.

Dona Marta María Vázquez Golpe continúa dicindo que por iso lamentan tanto que haxa un grupo que queira a toda cosa evitar votar a prol de calquera iniciativa do PP, por boa que sexa, deixando a un lado a tantos pequenos empresarios cambreses que están á fronte de pequenos salóns de peiteado, como empresarios autónomos, e que teñen que manter de forma moi precaria a moitas persoas contratadas, moi novas ademais, láméntano moito.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), o concelleiro presente do BNG (don Brais Cubeiro Fernández) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's). Abstéñense os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei) e os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites).

O Pleno municipal, por seis votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Concedida a palabra a dona Marta María Vázquez Golpe explica que antes agradeceulle a UxC porque interpretou mal ao voceiro dese grupo en canto ao sentido do voto, polo tanto, o mesmo que dixo dun grupo, o socialista, esténdeo tamén a UxC, e lamenta que eles tampouco apoien a moción.

B) Moción do grupo municipal do Partido Popular para pedir a aplicación inmediata das bonificacións na AP-9

Rexistrada de entrada ao núm. 999/1622, o día 18 de marzo de 2021, xunto con outra moción para este pleno. Consta do seguinte teor literal:

«A autoestrada AP-9 é unha infraestrutura básica e vital de dinamización económica e social da nosa Comunidade Autónoma. É un eixe vertebrador que percorre a xeografía galega de norte a sur, na súa franxa atlántica, na que se concentra arredor do 60 por cento da poboación, e que conecta 5 das grandes cidades galegas: Ferrol, A Coruña, Santiago, Pontevedra e Vigo.

O Goberno de España anunciou a finais do pasado ano, coincidindo coa presentación dos Orzamentos xerais do Estado de 2021, unha serie de actuacións sobre as peaxes que non se están a aplicar nesta autoestrada: como a bonificación das tarifas, e a invalidación das subas extraordinarias anuais.

Pero, a pesar dos anuncios e promesas feitas, o Goberno de España non só non cumpriu ningún dos seus compromisos senón que permitiu á empresa concesionaria aumentar as tarifas, desoíndo o ditame do Consello Consultivo de Galicia que considera este incremento extraordinario “nulo de pleno dereito”. Esta suba, que se está a aplicar dende o pasado 1 de xaneiro, vén sumarse ás realizadas en anualidades anteriores, en virtude dos incrementos extraordinarios que autorizou o Goberno socialista de España, a través de dous reais decretos aprobados en 2011 e 2018, e coas que se compensa á empresa concesionaria polas obras de ampliación realizadas nesta autoestrada. Así, no ano 2018 incrementáronse as taxas nun 2,15%; no 2019, un 3,51%; no 2020, un 2,69% e neste 2021, case o 1%, algo que, como é lóxico, está a producir un gran impacto sobre a cidadanía e as empresas de Galicia, e tarifas que seguirán aumentando progresivamente no futuro en virtude desas subas extraordinarias autorizadas por Gobernos socialistas.

Este suba das peaxes redunda no agravio comparativo do que vimos sendo obxecto os galegos con respecto ao resto das autoestradas de competencia da administración central, posto que a tendencia é eliminar ou rebaixar as peaxes, todo o contrario do que se está a aplicar en Galicia. Ata tal punto que, a AP-9 foi o pasado 1 de xaneiro a autoestrada estatal que máis subiu as súas peaxes, o que a converteu nunha das máis caras de España.

Ademais das deficiencias detectadas na autoestrada, que poñen en dúbida a seguridade e calidade do servizo, continúa sen liberarse as peaxes prometidas e pendentes dende 2018.

Non podemos esquecer, tampouco, que a AP-9 é unha infraestrutura incompleta, na que acumulan retrasos importantes obras pendentes como a ampliación da avenida de Alfonso Molina e o Viario 18 na Coruña; o remate da saídas en Ferrol; o enlace Orbital en Santiago; a remodelación do nó de Bombeiros en Pontevedra; ou a integración urbana en Vigo.

Xunto con todo isto, o Goberno de España desoe os chamamentos da Xunta de convocar a comisión conxunta sobre a AP-9 para abordar as bonificacións e para avanzar nas negociacións sobre a transferencia a Galicia da titularidade da autoestrada.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal no Concello de Cambre insta ao Goberno de España:

Primeiro: Ao establecemento inmediato dun sistema de bonificacións de peaxes na AP-9 que rebaixe o custo da autoestrada e o seu impacto nos petos das familias e na competitividade das nosas empresas e do noso territorio.

Segundo: A deixar sen efecto as novas subas extraordinarias previstas para financiar as obras de ampliación da autoestrada.

Terceiro: A convocar a comisión conxunta da AP-9 para abordar coa Xunta o modelo de bonificacións e para avanzar na transferencia a Galicia da titularidade da autoestrada con todos os recursos necesarios para acometer as obras pendentes e para a súa axeitada xestión.»

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, concelleiro de UxC, manifesta que pola súa parte entenden que a exposición de antecedentes que se fixo na moción anterior resulta suficientemente aclaratoria, acadouse o consenso e quedou bastante claro cal é a postura de cada un e do proceso desta importante arteria.

Quere facer unhas puntualizacións. Parécelles oportuno non esquecer que a finalidade do traspaso da AP-9 á Xunta de Galicia non é un acto simbólico, senón que leva consigo o compromiso de eliminar as peaxes neste fundamental eixe de comunicación, competitividade, equilibrio e territorial, como moi acertadamente define a moción.

Non deben esquecer que esta reivindicación foi aprobada no Parlamento Galego por unanimidade, polo tanto, co apoio e compromiso de todos os grupos políticos representados na cámara.

En canto á redución de tarifas, entenden que se meta presión, que se insista, pero non deben perder de vista que o compromiso está fixado no primeiro semestre do 2021, e isto termina en xuño, se mal non contaron.

Pero di que si les resulta inquietante que na mención sobre as obras importantes na Área metropolitana da Coruña só se mencione a ampliación de Alfonso Molina e o Viario 18. Dáse a entender que para o PP, polo menos nesta moción, os problemas da área céntranse na cidade da Coruña, máis que na Área metropolitana, cuestión que non lles sorprende nin lles resulta allea.

Advertido o anterior, e con ánimo de non desperdiciar a ocasión para lembrar e reivindicar a necesidade de poñer enriba da mesa esas infraestruturas tan necesarias para o desenvolvemento da comunidade autónoma e as área metropolitanas urbanas e intermedias, di que propoñen ao partido propoñente da moción, ao PP, que cren que non terá inconveniente, a introdución no parágrafo de obras importantes para o desenvolvemento da AP-9 as conclusións do acordo plenario do Concello de Cambre de 20 de novembro de 2020, aprobado por

todos os partidos, agás AV. O parágrafo a incrementar é:

- Eliminación da peaxe da Área metropolitana da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre, Oleiros, Sada; consolidación da malla metropolitana coa execución dos eixes Santa Cruz (Oleiros), Seixal (Cambre), unido á autoestrada, subida ao aeroporto e conexión Terceira rolda – A-6, que se chama a pequena Artabriña; e a consolidación da Vía Ártabra entre a N-VI e a A-6.

Conclúe dicindo que con esas introducións non terían inconveniente e, por suposto, votarían a prol.

Concedida a palabra a don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro do BNG, manifesta que o seu voto será favorable nesta moción.

Concedida a palabra a don Raúl Varela Fraguío, voceiro de AV, manifesta que igual que anteriormente coa do BNG, están a favor destes acordos, independentemente de que consideran que puideron chegar en momentos nos que o PP gobernaba en Madrid, pero todo o que sexa polo ben de Galicia, apoiarano.

Concedida a palabra a dona María José García Hidalgo, concelleira de C's e integrante do Grupo Mixto, manifesta que a intervención que fixo na moción anterior do BNG sería practicamente igual. Esta moción tamén a van apoiar e van votar a prol. Di que tamén admitirían a proposta do Sr. González Leirós de incluír ese outro pleno, igualmente a votarían tamén a prol.

Conclúe dicindo que cre que nisto deberían estar todos unidos e que é moi importante que este tipo de mocións saia adiante.

Concedida a palabra a don Juan María Abalo Castex, voceiro do PP, manifesta que respecto das precisións que se lles fai dende o grupo de UxC, eles non van modificar o texto da moción, o texto é o que é. No caso de que UxC tivera querido introducir estas modificacións poderían terse posto en contacto con eles para consensuar os textos, e incluso UxC podería ter presentado unha moción ou unha declaración institucional.

A moción di o que di e, efectivamente, se o Goberno municipal non vota a favor dela, saberán quen son os grupos que non están a favor das bonificacións e de todos os acordos que están recollidos na moción.

Agradece, por outro lado, aos grupos que si amosaron o seu voto favorable a esta moción.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parcero Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), o concelleiro presente do BNG (don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros presentes na sesión, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Antes de comezar coa lectura da seguinte moción, o señor alcalde auséntase momentaneamente da sesión, pasando a presidir o primeiro tenente de alcalde, don Juan González Leirós. O señor alcalde reincorpórase antes de que o grupo proponente remate coa exposición da moción.

C) Moción de EU-Son en Común de apoio ao sistema de depósito, devolución e retorno de envases

Rexistrada de entrada ao núm. 999/1627, o día 18 de marzo de 2021. Consta do seguinte teor literal:

«Dado que as normativas europeas, estatais e autonómicas en materia de residuos e residuos de envases van encamiñadas a uns obxectivos de reciclaxe e redución que non se alcanzaron e que recentes elementos do ordenamento político internacional como a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible, o Pacto Verde Europeo ou a Estratexia Española de Economía Circular buscan reducir o impacto dos nosos sistemas de produción e consumo.

Considerando o novo Paquete Europeo de Economía Circular e a Estratexia Europea de residuos plásticos e os ambiciosos obxectivos que establecen e dado que o principio de Responsabilidade Ampliada do Produtor foi un principio primordial da política europea e recibiu o apoio da OCDE pola súa capacidade de internalizar os custos das empresas e de librar á sociedade destes.

Dado que, segundo a LERE 11/1997, os sistemas de depósito, devolución e retorno de envases (en diante sistemas de retorno de envases) son o sistema obrigatorio de xestión de envases, pero que por interese do sector do envase non se desenvolveron.

Consideramos que a nova Lei de Residuos debe, entre outras cousas, traspoñer as recomendacións que se indican desde Europa e emendar os defectos que as leis actuais teñen, e que a experiencia práctica ten posto de manifesto en relación á normativa actual e que nos colocaron nunha situación dramática no que á xestión de residuos se refire.

Existen puntos fundamentais que deben ser incluídos ,tanto na nova Lei, como en todas as normativas autonómicas e locais, se desexamos xerar un marco que nos permita chegar aos parámetros de prevención de residuos así como de recollida, reutilización e de reciclaxe esixidos aos países membros da UE.

Queremos lembrar que non cumprir estes parámetros virá acompañado das subseguintes multas desde a UE, ademais de graves e probadas afeccións á saúde e ao medio ambiente.

Para quen apoiamos esta moción existen, como mínimo, dous elementos fundamentais que a lei debe incluír:

1) A separación obrigatoria na recollida de residuos municipais, sobre todo no referente a materia orgánica, tal como se defende no documento INFORME DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO, AO CONSELLO, AO COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL EUROPEO E AO COMITÉ DAS REXIÓNS. Sobre a aplicación da lexislación da UE en materia de residuos, incluído o informe de alerta temperá para os Estados membros en risco de non cumprir o obxectivo para 2020 de preparación dos residuos municipais para a reutilización/a reciclaxe, Bruxelas 24/09/2018, COM(2018) 656 final, que di:

Introducir requisitos obrigatorios para separar os biorresiduos e garantir que as infraestruturas de tratamento programadas ou existentes son adecuadas para os sistemas de recollida.

Consideramos a inclusión das devanditas indicacións como algo fundamental para unha correcta xestión de residuos, xa que se realiza a primeira separación esencial para os posteriores tratamentos do resto das fraccións, ademais doutros beneficios que se obteñen da devandita separación, como a xeración de compost de excelente calidade.

En concreto, propónse establecer a recollida separada de biorresiduos de orixe doméstica ao 31 de decembro de 2021 para todo o territorio estatal. Así mesmo, establecer un obxectivo de captura de, polo menos, un 75% para 2025, e un máximo de impropios de 5% (art. 25).

Incluír ferramentas para garantir non só a cantidade senón a calidade do tratamento da materia orgánica. Estas medidas inclúen, entre outras, promover sistemas de recollida máis eficientes como os "porta a porta" ou "quinto contedor pechado", e construír novas instalacións de tratamento biolóxico que cubran o tratamento de polo menos 50% dos biorresiduos en 2020, priorizando as plantas de compostaxe fronte á biometanización.

2) A implantación de Sistemas de Depósito, Devolución e Retorno (SDDR), tal e como se está realizando de forma exitosa en cada vez máis países: Alemaña, Dinamarca ou Lituania entre outros.

Ternos claro que o actual método de recollida de residuos de envases non cumpre as funcións para o que foi creado e, para iso, só hai que facer un mínimo estudo dos datos que sobre o mesmo temos.

Segundo o estudo de caracterización do MAPAMA (anterior Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente de España), o 28,46 % dos residuos municipais serían envases (vidro, papel e cartón, plástico, brick, metais...). Datos similares lanzan outros estudos, por exemplo, en Zabalgarbi (Bizkaia), o 24 % serían residuos de envases (8,4 % serían envases plásticos); na cidade de Madrid serían o 33,93 % dos residuos (11,87 % serían envases plásticos), e na área Metropolitana de Barcelona (AMB) os envases representarían o 25,2 % (13 % serían residuos plásticos).

Segundo o Informe da Consellería Medi Ambient e Territori titulada Análise do sistema de xestión dos residuos municipais nas Illes Balears: transitando cara aos obxectivos da lei 8/2019 (dic. 2020), en 2019 só o 25% dos envases lixeiros (Contedor amarelo) recóllense adecuadamente, o 5% envíanse a entulleira e o 19% incinéranse.

Como se pode ver, os datos son espectacularmente negativos e máis cando utilizamos un método que se demostrou inadecuado para o tratamento dos envases. Algúns exemplos adicionais onde se demostra a ineficacia do sistema actual:

- Briks. Non se poden reciclar completamente.
- Envases menores de 10 cm de diámetro. iogures, envases monodoses, ou botellas de plástico que son o artigo número uno na lista da Comisión Europea dos produtos plásticos dun só uso máis comúns nas praias.
- Xogo de cubertos, palliñas, escarvantes, xoguetes e outros plásticos, a pesar de ter composición igual ou similar aos envases lixeiros, non se separan no contedor. O Ministerio conta neste sentido cunha oportunidade única para facer unha transposición da directiva de Plásticos dun Só Uso (Directiva (EU) 2019/904) que vaia máis aló dos mínimos e protexa a saúde das persoas e o medio ambiente.
- Botellas de PET de cores, cunha dificultade superior para ser separadas, tratadas e recicladas...

Son xa máis de dúas décadas cun sistema que, a pesar das constantes campañas, non se demostrou eficaz e é por iso que, existindo un sistema que se demostrou máis eficaz nos lugares onde se implanta, é hora de que a nova Lei de residuos incorpóreo como sistema fundamental para a recollida dos residuos de envases. Motivo polo cal os asinantes consideramos o SDDR a mellor alternativa e queremos indicar os diversos motivos que nos levan a consideralo como mellor alternativa:

Funciona perfectamente en máis de 40 países do mundo, gran parte deles en Europa (Alemaña, Dinamarca, Lituania...). E cada ano novos países incorpóranos á súa lexislación nacional (Portugal, Malta, Letonia...).

1. É o único sistema que demostrou cumprir o requisito europeo do 90% de recollida separada de botellas de PET, e pódese aplicar de igual maneira para latas, botellas de vidro, envases tipo brik, etc.
2. Mellora o cumprimento dos obxectivos da UE ao potenciar a prevención de residuos e facilitar a reintrodución dos envases reutilizables.
3. Beneficia a todos os concellos, pois reduce os custos de limpeza de rúas e prazas e a cantidade de residuos recolleitos (20% do volume de residuos municipais son envases de bebidas), e só tres de cada dez van ao contedor adecuando, o resto acaba depositado en entulleiras ou incineración. Dous terzos dos envases, como media, depositáanse no contedor de resto, co consecuente custo para as arcas municipais.
4. Ten un custo cero para a administración.
5. É un 60 % máis barato que os Sistemas Integrados de Xestión por envase recolleito.
6. Nunha primeira fase de implementación creará 14.000 postos de traballo sen custo algún para as administracións.
7. Apoia ao comercio local compensándolle cunha media de 3 céntimos por envase recolleito.
8. 100 % do reciclado é economicamente viable e utilizable.
9. É o sistema de recollida de residuos de envases con menor impacto ambiental.
10. Presentamos esta moción co único fin de que nos próximos anos teñamos un marco legal que nos permita chegar a

cumprir as esixencias de que en materia de xestión de residuos son trasladadas desde a UE aos países membros e que son de abrigado cumprimento.

11. Dado que a normativa vixente establece a prioridade de reducir os residuos e os residuos de envases, pero estes seguen crescendo; e o potencial de reciclaxe non explotada é aínda enorme: máis da metade dos recursos existentes quedan enterrados ou queimados sen ser aproveitados como materia prima para converterse en novos recursos.

Dada a situación actual dos residuos de envases, que non conseguiu chegar aos niveis de prevención, reutilización e reciclaxe do marco legal europeo e estatal, e dado o novo contexto lexislativo que posibilita a introdución do sistema de retorno de envases por parte das CC. AA. en caso de supostos indicados, como o alcance de insuficientes niveis de recuperación.

Por todo o anteriormente exposto, dende EU Cambre vimos propoñer para o seu debate e aprobación se procede, a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

- 1º. Afianzar o compromiso do Concello de Cambre de desenvolver actuacións encamiñadas a reducir os residuos, maximizar a súa recuperación e sensibilizar á poboación e aos axentes comerciais e económicos para contribuír a estes obxectivos de prevención da contaminación, de evitar o esgotamento de recursos e o cambio climático, potenciando unha distribución e un consumo responsables.
- 2º. Contraer o compromiso de crear un grupo de estudo e traballo participado de axentes sociais, grupos interesados e cidadanía para xerar propostas que melloren a xestión dos residuos urbanos.
- 3º. Propoñer ao Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico e ao Congreso dos Deputados, así como ao departamento encargado de Medio Ambiente do Goberno autonómico que, en uso das súas competencias, inclúan na lei estatal de residuos e chans contaminados, dentro da normativa estatal e autonómica respectivamente, como sistema xeral para os envases, o sistema de retorno (SDDR), promovendo, ao mesmo tempo, os envases reutilizables e aquelas medidas encamiñadas a reducir os residuos, incluíndo o SDDR (sistema de retorno) como obrigatorio para os envases e que se aplique o criterio de Responsabilidade Ampliada do Produtor.
- 4º. Propoñer ao Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico e ao Congreso dos Deputados, así como ao departamento encargado de Medio Ambiente do Goberno autonómico que, en uso das súas competencias, inclúan na lei estatal de residuos e chans contaminados, dentro da normativa estatal e autonómica respectivamente, definan nas súas normativas a obrigatoriedade de separar os residuos en orixe, como única alternativa real a unha xestión de residuos adecuada, sobre todo no referente a materia orgánica, tal como solicita a UE.
- 5º. Promover esta iniciativa a outros entes locais, abrindo o debate entre o mundo local: con asociacións municipais, entes locais de xestión e supramunicipais (Mancomunidades, Consellos Comarcais, Deputacións etc.) e as entidades sociais que o promoven.
- 6º. Apoiar e promover unha rede de coalición estatal a favor dun modelo ecoeficiente de xestión de residuos e de residuos de envases cos entes locais, asociacións municipais, sectores empresariais e entidades diversas, para crear as condicións para formular a demanda ao Goberno e ao Congreso.
- 7º. Comunicar ao sector comercial e á veciñanza os beneficios ambientais e económicos deste sistema e os contidos desta moción solicitando o seu apoio.
- 8º. Trasladar esta moción ao Departamento de Medio Ambiente, Departamento de Industria, Departamento de Economía e Consumo de Goberno da Xunta de Galicia e ao Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico.»

Concedida a palabra a don Juan María Abalo Castex, voceiro do PP, manifesta que respecto desta moción, esta longa e xustificada moción, hai 8 acordos que se propoñen, dos cales o PP estaría practicamente a favor da maioría deles, pero si é certo que hai algúns, como o 3º, que consideran que non poden votalo a prol, o 7º tampouco. En canto ao 6º entenden que a recente Lei 6/2021 de residuos e solos contaminados de Galicia xa recolle esa petición, co cal está de máis ese punto, porque xa está recollido na lexislación autonómica.

O feito de que se trate este sistema de depósito, de reembolso e de devolución, o que se chama SDDR, é un sistema limitado que non pode ser a solución ao problema ambiental de Galicia, xa que non se afronta globalmente a problemática xeral da xestión dos residuos na nosa comunidade autónoma.

Di que a xestión actual dos residuos é unha responsabilidade municipal. Os concellos e as empresas concesionarias sufrirían coa instalación deste sistema un recorte nos seus ingresos, ao privatizar unha parte dos residuos, o que lles obrigaría a solicitar unha compensación económica ou a aumentar as taxas de xestión de residuos aos veciños.

O SDDR implica ademais a privatización da xestión de parte dos residuos municipais. Ademais a implementación deste sistema non está apoiada por ningún estudo rigoroso de viabilidade social e ambiental.

Por proporcionar ademais información respecto do que se nos está dicindo nesta longa moción, a FEMP valorou en case 1400 millóns de euros o custo de creación de un SDDR en España, indicando tamén o impacto negativo sobre as arcas municipais da execución, que superaría os 80 millóns de euros.

A implementación dun SDDR para a reciclaxe implicaría, ademais, unha multiplicidade do impacto ambiental. O novo modelo non podería substituír ao actual, e os contedores amarelos de recollida separada deberían seguir manténdose. A iso habería que engadir a contaminación acústica e os problemas de tráfico que se poderían xerar.

Considera que é unha iniciativa que carece dun obxectivo ambiental, comercializa o acto cívico de reciclaxe e non apoia a educación, nin tampouco a sensibilización. Obrigaríase ademais aos cidadáns a separar unha fracción máis, a dos contedores sometidos á SDDR.

Conclúe dicindo que, en calquera caso, a pesar do que acaba de dicir, si que é certo que na maior parte da moción estarían conformes, co cal teñen sentimentos enfrontados, e o voto do PP vai ser a abstención.

Concedida a palabra a don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro do BNG, manifesta que o seu voto vai ser favorable, e felicita á concelleira de EU pola redacción desta moción, que entende que é algo positivo.

Concedida a palabra a dona María Olga Santos López, concelleira de EU-Son en Común e integrante do Grupo Mixto, manifesta que quería facer unha pequenísima intervención por agradecer, evidentemente, pero dille ao concelleiro do BNG que ela non redactou esta moción. Se tivera capacidade para ter coñecementos desta cantidade de datos, podería, pero non, esta moción non é súa, e é tan extensa, volve pedir desculpas, porque efectivamente vén dun traballo feito enorme.

En relación co que dicía o Sr. Abalo di que lle lembrou a iso que está pasando en Telecinco estes días, o da gran mentira, o de Rocío Carrasco. Isto é parecido, todo este traballo que se está a facer, quere explicalo.

É certo que ela non estaba ao tanto desta situación, agora leva lido bastante, e seguramente Patricia, a concelleira de Medio Ambiente, ten coñecementos extensos sobre o tema, pola sensibilidade co medio ambiente, ela recoméndalles, porque falaba o Sr. Abalo do da falta de estudos, ela recoméndalles a todos que cando teñan un ratiño lean un informe que presentou en outubro de 2020 Greenpeace, que se chama *“Ecoembes minte. Desmontando os enganos da xestión de residuos”*, e a partir de aí pódese ir tirando do fío sobre a necesidade de cambiar toda a estrutura da xestión de residuos. Está moi estudado, non é tan fácil como poñer un contedor, meter unha botella e que dea 10 céntimos, iso non é así, e por iso é tan extensa a moción.

Conclúe dicindo que só quería facer esta pequena mención.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguiñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), o concelleiro presente do BNG (don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's). Abstéñense os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe).

O Pleno municipal, por dezasete votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

4.1. Informes do equipo de goberno

Este punto non foi utilizado.

4.2. Rogos

4.2.1. Rogos pendentes do pleno ordinario de data 28 de xaneiro de 2021, ao terse que levantar a sesión ás 24:00 horas

Rogo de EU-Son en Común presentado por escrito

Rexistrado de entrada ao núm. 999/415, o día 25 de xaneiro de 2021, xunto coas preguntas presentadas para o pleno ordinario de xaneiro.

3º rogo - Lee o rogo dona María Olga Santos López.

De acordo co estipulado no artigo 6.3 do Regulamento de participación cidadá publicaranse na páxina web municipal:

- Un extracto dos acordos da Xunta de Goberno Local
- A parte da acta das comisións informativas dedicada ao seguimento da xestión do alcalde, a Xunta de Goberno Local e os concelleiros que ostenten delegacións
- As percepcións mensuais dos concelleiros por asistencias a órganos colexiados

Curiosamente a aplicación das normas propias do concello non son defendidas coa mesma contundencia cando do que se trata é de publicar os extractos dos acordos da Xunta de Goberno Local onde poden coñecerse as decisións de contratacións, ou os contratos menores, tampouco as actas das comisións informativas dedicadas ao seguimento da xestión do alcalde e dos concelleiros ou as percepcións mensuais dos concelleiros por asistencias a órganos colexiados.

Pregamos:

Sexa cumprida a obriga regulamentaria recollida no artigo e norma anteriormente citada, para que todas as normas que rexen o funcionamento deste concello sexan cumpridas na mesma medida. Tanto aquelas máis favorables ao sentir do Goberno como aquelas máis pensadas para a defensa dos dereitos de información e transparencia de calquera outra persoa que non sexa cargo de poder no concello.

Concretamente, pregamos que se dea cumprimento ás obrigas relativas a:

- Publicación dos extractos dos acordos da Xunta de Goberno Local
- A parte da acta das comisións informativas dedicada ao seguimento da xestión do alcalde, a Xunta de Goberno Local e os concelleiros que ostenten delegacións
- As percepcións mensuais dos concelleiros por asistencias a órganos colexiados

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, acepta o rogo. Di que é certo que isto vén xa do mes de xaneiro e, a día de hoxe, estes tres puntos que a concelleira de EU pedía que estiveran publicados na páxina web, xa están publicados.

Rogos de C's presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/405, o día 25 de xaneiro de 2021, xunto coas preguntas presentadas para o pleno ordinario de xaneiro.

1º rogo - Lee o rogo dona María José García Hidalgo.

En novembro de 2020 C's presentou un rogo sobre a situación tan calamitosa que presentaba o Camiño Real do Cepal en Altamira de Arriba, solicitando a pavimentación do Camiño Real desde a N-550 en Cambre ata o límite con Culleredo, así como tamén, tapar as fochas na pista que se atopa en paralelo ás instalacións de "A Figa".

Moitos destes estragos nas pistas son provocados por madeiristas que nalgúns casos actúan incluso de forma ilegal. Hoxe luns entran en vigor en varios concellos de Lugo novas taxas municipais por sacas de madeira para facer fronte e compensar así os danos causados ás pistas e camiños para, con ese diñeiro, mellorar o estado e mantemento da rede viaria municipal.

Por tanto rogamos: Se estude durante o presente ano a posible creación dunha nova taxa municipal aos madeiristas pola saca de madeira do noso municipio, aplicable no 2022 e que contribúa ao mantemento, conservación e pavimentación de pistas e camiños.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que non aceptan o rogo. Di que é certo que o Concello de Cambre non ten unha taxa nese sentido, pero o que si teñen é un aval. Todas as persoas que fan unha talla teñen que depositar un aval no concello que varía en función da tonelaxe do camiión e da lonxitude do camiño.

Se tras a talla o camiño queda deficitario, ten problemas, non quedou como ten que quedar, é o concello quen con ese aval fai a mellora nos camiños que están en mal estado.

Dona María José García Hidalgo, de C's, explica que presentaron este rogo porque neses concellos aos que facía mención, da provincia de Lugo, grávase con 60 céntimos cada tonelada de madeira cortada por provocar danos nas pistas como consecuencia desa actividade. Esa normativa aplícase en dúas ordenanzas, unha fiscal para regular as licenzas de talla, e outra específica para o uso de camiños. Ía encamiñada por aquí, unha específica para o uso de camiños.

Di que C's propón con este rogo ir máis aló, e estudar esa nova taxa. Entende que é diferente ao que temos, porque están de acordo en que hai que deixar que se traballen os montes, pero dunha forma regulada, e o que teñen non o regula. O que sucede, e todos o saben, é que moitos ilegais realizan a saca de madeira, e adoitan ser subcontratados polos que mercan a madeira. Estes subcontratados non teñen ningún tipo de coidado, nin lles preocupa, e menos lle preocupa ao comprador da madeira que os subcontrata.

E é a ese último, ao comprador, ao que C's cre que se ten que aplicar unha taxa en especial se non subcontrata operarios responsables, que coiden e aos que lles preocupen os camiños.

Di que moitos deses concellos de Lugo, que poñía como exemplo, queren e se preocupan de localizar todos os puntos de saca de madeira, e en Cambre tamén debería de facerse, porque tamén saben que se fan estes traballos en moi poucos días, ás veces nun día ou dous para que non dea tempo a que os veciños avisen e poida acudir a Policía. E o concello case nunca ten constancia, nin deste labor, nin dos danos que se ocasionan nos camiños, salvo que algún veciño chame.

Manifesta que en 9 meses pódese estudar como mellorar as ordenanzas, e que o que destrúe, ou contrata a quen destrúe, que pague. Dícialles antes que ao comprador ténselle que aplicar esa taxa especial se non subcontrata operarios que sexan responsables e que coiden os camiños.

Di que ela entende que non queiran aceptar o rogo en vista de como están descoidados, moitas veces, certos camiños, poñía o exemplo do camiño do Cepal, pero se o Goberno municipal o ve normal, C's entende que non, que algúns dos que se dedican ás sacas destrúen os camiños, efectivamente. Pois se o Goberno o ve normal, ela cre que debería dársele unha volta e estudarse, e que está todo ano por diante para poder valoralo novamente.

2º rogo - Lee o rogo dona María José García Hidalgo.

Despois dunha ineficaz reparación das goteiras que presentaba o polideportivo dos Campóns hai uns meses, o problema volve xerarse de novo e aínda que se intente reparalo con solucións que non son máis que parches, estas volverán a producirse.

Por tanto rogamos:

Se realice unha reparación duradeira baseándose en diferentes informes técnicos, realizados tanto por técnicos municipais como técnicos externos que garantan a adopción da mellor solución.

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, contesta que non poden aceptar o rogo. Di que a reparación da dita cuberta do pavillón dos Campóns levouse a cabo conforme a criterios técnicos, como non podía ser doutro xeito.

A mellora no tema das filtracións foi substancial, tanto é así que non volveron recibir queixas por parte dos usuarios. Tamén é certo que un tempo despois de que se remataran esas reparacións apareceron unhas pequenas goteiras residuais, as cales foron inmediatamente postas en coñecemento da empresa, esta presentouse rapidamente no pavillón e fixo unha primeira valoración preliminar.

Desde ese momento en que a empresa se presentou no pavillón seguiron en contacto directo, tanto co Departamento de Deportes, como cos conserxes, como coa empresa, consensuando que cando a metereoloxía o permitise volverían a subir e repararían as goteiras.

Conclúe dicindo que estes días, aproveitando a mellora metereolóxica, puideron volver a subir ao tellado, á cuberta, e efectuar os traballos que, sen custo adicional para o concello, servirán para reparar esas goteiras residuais e eliminar definitivamente o problema.

Dona María José García Hidalgo, concelleira de C's e integrante do Grupo Mixto, expón que esa cuberta é de policarbonato. Efectivamente ela non pode facer unha valoración, porque habería que subir cun camión con guindastre, como terán feito os técnicos, pero todo parece indicar que o policarbonato se moveu, que son os

ancoraxes que non van selados, porque van con grapas, desprázanse para abaixo e iso causa fisuras polas que entran as goteiras.

Di que ese material, o policarbonato, que é dunha calidade excelente, onde hai calor aumenta de tamaño, e cando vai frío, encolle. Todos os materiais teñen unha marxe, o ferro, a madeira, ..., pero o problema é que o policarbonato se despraza, e despois non pode volver á mesma posición na que estaba, porque o seu propio peso tende a que este material vaia cara abaixo.

Este material hai que suxeitalo dándolles unha marxe de dilatación, cousa que non se fixo, porque se non rebenta, empeza a abrir cara aos lagos e non ten para onde ir. E o problema non está no material, senón en como se monta, dependendo dos anchos das pranchas, das caídas,

Teñen técnicos municipais que entenden e supervisan iso, pero ela pregúntalle ao señor concelleiro se se preocuparon de preguntar á empresa que o montou, no á que o reparou, senón á que o montou, onde podería estar a avaría.

Continúa dicindo que o policarbonato é caro, é moi caro, polo que a marxe de ganancia das empresas non está no policarbonato, non, porque non se pode regatear, onde se pode regatear é nos perfís, na forma de montar.

Un perfil custa un 40% menos que un perfil bo, deixa máis marxe e claro, eses perfís van moi ben en Castela-León, en sitios onde a climatoloxía é diferente, pero aquí non vai, porque aquí pasamos de 25 graos ao mediodía a 5 graos á noite. Onde o clima sexa máis estable si vai ben.

Este material ten dobre cámara, é de alta calidade, flexible, pero volve preguntar se a empresa que o montou no seu día deu garantías, porque están pagando reparación tras reparación. Pregunta se estes que o arranxaron son os mesmos que o arranxaron anteriormente, porque cre que xa é a terceira reparación.

É certo que cada tellado ten unha caída, ten unha lonxitude, a uns aféctalles o sol dunha maneira, a outros doutra, se está pegado á ría, se hai condensación, unha serie de cousas. Estes materiais responden de maneira diferente. Pero di que do que hai que estar seguros é da perfilería que se use, e aí é onde lle entran as dúbidas, e por iso pedía un informe externo.

Falouse incluso, cre, dunha cuberta enriba, de máis de 100000 euros, e o que é poñer un paraugas enriba doutro, iso si que non se debe facer.

É certo tamén que de 10 tellados que se fan, 6 ou 7 presentan problemas, iso é certo, non van dicir que foi soamente aquí no pavillón, sobre todo cando falan de lonxitudes longas, pero é certo que falta planificación, porque, por exemplo, o pavillón de Brexo xa ten brechas na pista. Por iso di que falta planificación.

O que quere dicir é que os remendos baratos ás veces saen carísimos. Pódelles falar tamén da pista, do pintado de liñas, que non teñen nin 2 anos e xa hai que volver a pintalas, porque no seu momento non se deu o verniz adecuado nese momento, por enriba. Si se lles tivera dado por enriba xa non volves pintar nunca máis, pero como non se fixo hai que volver a pintar cada 2 anos as liñas, porque, ademais, incluso xa empeza a agretarse de novo a pista.

Ten entendido que esta cuberta que ten actualmente Os Campóns, que se fixo en Italia e que se montou aquí, e que, como dicía antes, xa van 3 apaños, un arranxo que se fixo hai 3 anos, logo outro arranxo sobre outro arranxo e agora é outro arranxo sobre ese outro arranxo.

Di que iso xa non é soamente que se apracen os partidos que se celebran no pavillón, é que ao final o servizo é deficiente e sae carísimo, por iso pedían un informe. Igual que moitas veces a oposición consulta a técnicos externos, o Goberno tamén pode.

Conclúe dicindo que, por certo, que falando do pavillón dos Campóns, ese pavillón é o único pavillón de Cambre que habería que coidalo como un tesouro, e é o único de todo Cambre que non ten portas antipánico. Quizais iso tamén habería que valoralo á hora de aceptar un rogo ou non aceptalo.

Concedida a palabra a don Daniel Mallo Castro simplemente dille á señora concelleira que cando propoña un rogo sobre as portas antipánico, poderá aceptalo ou non aceptalo.

En canto a todas as cousas que a concelleira comentou, el só pode responderlle polo tempo que leva como concelleiro delegado de Deportes, e sobre esta reparación do pavillón dos Campóns, que se fixo con criterios técnicos e intentando reparar todos os problemas que tiña a instalación.

Di que buscaron unha solución global, de todas as anteriores xa ve que a concelleira está tremendamente informada, pero a el non lle pode pedir explicacións, porque obviamente el non tivo nada que ver con esas anteriores reparacións, polo tanto, non ten nada máis que engadir, simplemente iso, que non pode aceptar este rogo.

Concedida a palabra a dona María José García Hidalgo manifesta que lle deixa un pouco sorprendida que lle diga que non lle pode pedir explicacións. Dille que, home, que el é concelleiro da área e loxicamente é a el a quen ten que pedir explicacións.

Se ela ten todos eses datos e solicita un informe técnico externo, pois loxicamente tenlo que pedir a el, pero ben, anúncialle que traerán unha proposta, que xa van a rexistrar nuns días, para que se dote ao pavillón dos Campóns de portas antipánico.

Dicíalle que é un tesouro ese pavillón e que deben de coidalo en todos os aspectos, ou sexa, o das portas antipánico é unha máis das deficiencias que sofre un pavillón que podía ter a Cambre nunha imaxe moi alta coa celebración de campionatos nacionais.

Toma a palabra o señor alcalde, quen agradece á concelleira de C's a masterclass que lles acaba de dar, e di que lla poñerán aos técnicos municipais a ver se aprenden algo, porque parece que non teñen nin idea do que fan. Ao final, estas reparacións, ou calquera tipo de reparación que se fai neste concello está avaliada polos técnicos municipais. Ás veces equivócanse, evidentemente.

Di que el podería falarlles de verniz, o que queiran, poden estar falando horas e horas sobre verniz, seguramente, sen ningún tipo de problema, pero sobre cubertas de policarbonato di que non ten nin idea, e por iso se deixan asesorar polos técnicos municipais.

Igual ten ela razón e habería que pedir a técnicos externos nalgunha ocasión algún informe, pero os técnicos municipais encárganse tamén de falar con técnicos externos e con distintos fabricantes antes de tomar as decisións que toman para facer este tipo de proxectos.

Conclúe que, polo tanto, cre que está deixando en moi mal lugar, cousa que non se merecen, aos técnicos desta casa.

4.2.2. Rogos pendentes do pleno ordinario de data 25 de febreiro de 2021, ao terse que levantar a sesión ás 24:00 horas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/968 o día 22 de febreiro de 2021, xunto coas preguntas presentadas para o pleno ordinario de febreiro.

1º rogo - Lee o rogo dona Marta María Vázquez Golpe.

Aceptado o rogo do Partido Popular en virtude do cal se limpou e arranxou a contorna da parada de autobús situada no lugar do Potro, na parroquia de Bribes, os labores levados a cabo deixaron ao descuberto a necesidade de intervir no rexistro, o desaugadoiro e canalización existentes.

Tal e como se advirte nas fotografías que se achegan, que mostran o antes e o despois da intervención practicada; non é de estrañar que cando chova, se obstrúa a canalización provocando o encharcamento do lugar e a dificultade para acceder á marquesiña de autobús, con perigo de caída dos seus usuarios; o que reclama unha maior intervención que a levada a cabo.

Por iso é polo que, desde o Grupo Municipal Popular se interesa da concelleira competente que se adopten as medidas necesarias para resolver, o máis axiña posible, os problemas advertidos polos veciños de Bribes.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, explica que este rogo foi presentado no mes de febreiro e a día de hoxe xa está solucionado. Xa se tiña empezado coa solución antes da presentación do rogo, o que pasou é que houbo que facer tres actuacións diferentes.

Di que unha primeira actuación foi unha limpeza de maleza e retirada de terra. Unha segunda actuación foi o desatasco do sumidoiro. E unha terceira actuación que se fixo despois do desatasco, que foi no medio da presentación deste rogo, que foi que se detectou que o tubo non estaba nas condicións óptimas e se cambiou.

2º rogo - Lee o rogo dona María Jesús González Roel.

Son numerosas e reincidentes as queixas veciñais recibidas polo deficiente servizo e infraestrutura de iluminación pública no noso municipio. Á tradicional ausencia de acceso de moitas luminarias públicas engádese o que outras non o fagan ao caer a noite e si o fagan a plena luz do día, cando non existe ningún problema de luminosidade; tal e como se observa nas fotografías que se achegan, realizadas na Nacional 550 ao seu paso por Altamira, na Pena da Nosa Señora e no Paseo Marítimo do Temple, extensibles a outros lugares do noso municipio.

Problemas aos que se engade o da deficiente e obsoleta instalación da maior parte da nosa iluminación pública (como tamén se aprecia nas fotografías que se achegan), que fai temer aos nosos veciños a xeración de problemas maiores. Deficiencia que sorprende máis se cabe, cando hai apenas un mes, o Goberno de Cambre aprobou facturas reparadas pola Intervención Municipal por máis de 600.000 euros de subministración eléctrica.

Por iso é polo que, desde o Grupo Municipal Popular se interesa do concelleiro competente que se adopten o máis axiña posible, as medidas necesarias para resolver os problemas de iluminación pública e instalación eléctrica advertidos polos nosos veciños.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta que o 90% das veces nas que a iluminación pública esta acendida de día é porque se están a facer as revisións periódicas por parte da empresa concesionaria. O outro 10% efectivamente son avarías.

Precisamente polo feito da necesidade de modernizar a iluminación, di que este Goberno ten como política ir renovando cada ano treitos de luminarias tradicionais que, como saben, xa se cambiaron en distintas rúas do

concello, substituíndoas por led, iso por non falar xa de que este ano se presentou a subvención que foi concedida do IDAE, na que se investiron preto de 18000000 euros.

É dicir, en certo modo si que se recolle o rogo, porque é o que están a facer.

Dona María Jesús González Roel, concelleira do PP, agradece que recolla o rogo, pero co que di das comprobacións dos técnicos non pode ser que estean unha semana ou máis as luces acendidas, durante todo o día e toda a noite, é imposible.

Di que agardan que o compromiso que adquiriu o concello co Slowlight, aprobado na moción que se aprobou o pleno pasado de febreiro, que isto vaia mellorando, e coas subvencións que comentou agardan que isto se vaia solucionando.

3º rogo - Lee o rogo don Juan María Abalo Castex.

Son varios os veciños do noso municipio que nos remiten as súas queixas sobre o estado no que se atopan varios camiños públicos, incluídos no inventario de camiños do noso concello.

Tal e como se advirte nas fotografías que se achegan, é deplorable o estado no que se atopan moitos camiños públicos, nos que, entre outros problemas, proliferan as fochancas que dificultan o tránsito rodado, converténdoo nun auténtico perigo para a seguridade viaria. Neste sentido é necesario lembrar que a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local atribúe aos municipios competencias plenas, entre outras, en materia de infraestruturas viarias da súa titularidade [artigo 25.2.d)] e sobre a pavimentación das vías públicas [artigo 26.1.a)]; onde, por tanto, o noso concello está obrigado a intervir.

Por iso é polo que, desde o Grupo Municipal Popular se require aos concelleiros competentes que adopten as medidas necesarias para o adecuado mantemento dos camiños públicos titularidade do noso concello.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta que é certo que a obriga de manter os camiños municipais é coñecida por todos os concelleiros. Cada ano invístese unha partida para arranxalos, non sendo posible que se fagan todos no mesmo ano, evidentemente. Aparte de incluírse camiños no POS, outros son a cargo das subvencións do Agader e outros fanse con medios propios.

Agora si, vai falar propiamente do rebacheo. Di que este ano tiveron un inconveniente bastante grande, que foi alleo completamente a este Goberno ou a calquera outro Goberno que puidese estar neste inverno en Cambre. Ese inconveniente foi a auga, é dicir, este ano foi totalmente inusual, e os que traballan no departamento de Obras e Servizos, ou no de Urbanismo, saben perfectamente que foi o que pasou.

Explica que para facer un rebacheo non é que non teña que chover nun día, é que non pode chover en varios días, porque senón o aglomerado non agarra. Por desgraza non gozaron desa sorte neste inverno e, entón, como saben, xa foi con posterioridade á presentación deste rogo que moitos desas fochancas, a día de hoxe, xa están arranxadas.

Concedida a palabra a don Juan María Abalo Castex, voceiro do PP, manifesta respecto do problema que enunciou a concelleira que ben, que a verdade é que están en Galicia e que ademais non é unha situación exclusiva deste ano.

Explica que trouxeron este rogo a este pleno no mes de febreiro, xusto cando se traía entre os asuntos incluídos na orde do día unha desenfreada carreira por meter no inventario de camiños municipal unha morea de camiños, contando co informe desfavorable da secretaria municipal e coa ausencia do que eles consideran fundamental, que é o informe do enxeñeiro de camiños. Porque nada mellor para a inclusión dos camiños no Inventario

municipal que contar co informe do enxeñeiro de camiños, un posto que polo menos teñen en Cambre, que grazas a Deus que o teñen, e que deben de aproveitalo.

Co cal, esa carreira desenfreada por meter rápido e correndo, sen os informes necesarios, e cos informes desfavorables, unha serie de camiños no inventario. O PP entende que o mellor é que se atendan e que estean o suficientemente arranxados os camiños, en lugar de incluílos e logo telos desatendidos como ven nas fotografías que trouxeron hoxe a pleno.

Non sabe se ao final se recolle o rogo ou non, non se dixo nada. Díxose que algún dos camiños que o PP presentou, despois de 1 mes están arranxados, pero eles o que piden é que se requira que se adopten as medidas necesarias para o adecuado mantemento dos camiños públicos titularidade do concello, non só os que aparecen nas fotografías, que se trouxeron só a modo de exemplo, pero que non son os únicos, como todos lamentablemente están padecendo ao longo e ancho do termo municipal de Cambre.

Entón, pregunta se lles poden contestar se van adoptar esas medidas, e se van arranxar os camiños, non traendo xustificacións pasaxeiras ou relativas á climatoloxía, que é certo que pode influír, pero que non no estado lamentable no que se atopan moitos deles.

Conclúe que, ademais, non só é unha cuestión deste ano, senón que é endémica.

Dona Elisa Pestonit Barreiros manifesta que non acepta que se diga aquí que o clima non inflúe no arranxo dos camiños, no o pode aceptar. É dicir, o rogo si se recolle, volve repetilo, porque xa o fan, é unha competencia do concello arranxar os camiños. Non sabe se se explicou mal ou se non se lle entendeu ben, é dicir, os camiños arránxanse, pero non todos o mesmo ano, é imposible acometer iso. Que se van arranxando, si.

E o que pasou este ano, e di que ela leva uns anos traballando nisto, foi algo atípico totalmente. Certo que están en Galicia, sábeo, naceu aquí. Certo que en Galicia chove moito, si, pero o que pasou este ano non pasou ningún outro ano, e por iso non acepta que digan que non é unha xustificación o clima, porque si, este ano foi bastante xustifico, e si que xustifica moitos dos arranxos a climatoloxía que tiveron este ano.

Volve repetilo, si se recolle o rogo.

Rogos do BNG presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/971 o día 22 de febreiro de 2021, xunto coas preguntas presentadas para o pleno ordinario de febreiro.

1º rogo - Lee o rogo don Brais Cubeiro Fernández.

Na saída do camiño real de Altamira cara á N-550 non hai visibilidade e son varias as persoas que solicitan unha solución, como pode ser a instalación de bolardos para evitar o aparcamento de coches e así mellorar a visibilidade.

En consecuencia o rogo municipal do BNG realiza o seguinte rogo:

Que se teñan en conta as demandas da veciñanza de Altamira e solucionen os problemas de visibilidade na saída do camiño á N-550 desde o camiño real.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, pregunta se se refiren ao Cepal.

Don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro do BNG, contesta que si, na saída que hai xusto para a N-550.

Dona Elisa Pestonit Barreiros di que claro, que o camiño real queda moito despois, primeiro está a entrada ao Cepal, despois é o camiño real. Entón si, recóllese o rogo. Vaise pedir un informe de seguridade viaria.

2º rogo - Lee o rogo don Brais Cubeiro Fernández.

Na zona mencionada no anterior rogo tamén hai varias fochas no camiño.

En consecuencia, o grupo municipal do BNG realiza o seguinte rogo:

Que á maior brevidade asfalten ese camiño.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta que o mesmo.

3º rogo - Lee o rogo don Brais Cubeiro Fernández.

Na zona de Aían hai sinais de parada de bus, mais non existe unha marquesiña.

Por iso desde o grupo municipal do BNG presentamos o seguinte rogo:

Que o Goberno municipal instale algún tipo de infraestrutura (marquesiña ou similar) que protexa das severidades meteorolóxicas á cidadanía que fai espera na parada do bus nas inmediacións do bar Carmucha.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta que se están a negociar as cesións. Como saben esa estrada é de titularidade autonómica e alí o concello non ten solo público nas beiras, por isto se están negociando as cesións por parte dos titulares privados para a colocación da marquesiña.

O señor alcalde engade que a realidade é que xa teñen apalabrada a cesión por parte do propietario do terreo que está entre as dúas casas, o único solo posible, que é onde está asignado, ademais. Xa teñen apalabrada a cesión, o que están é pendentes de facer o contrato cunha empresa que se dedique a estaquillar nos terreos onde van ceder, levar a papelada de todas as cesións, incluíndo tamén o tema do Rexistro, o tema do notario, o tema de facilitar o labor de todos os que van ceder.

Como pasa aí, pasa nas beirarrúas de Meixigo, o tema do Once Caballeros, etc., que xa teñen apalabrado moito terreo dese tipo. Cre que á volta de Semana Santa terán xa feito o contrato coa empresa que se vai dedicar a facer todo ese traballo.

Reitera que está apalabrado e que están pendentes simplemente de asinar esas autorización e todo iso.

Rogos de AV presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/969 o día 22 de febreiro de 2021, xunto coas preguntas presentadas para o pleno ordinario de febreiro.

1º rogo - Lee o rogo don Raúl Varela Fraguío.

Ante o balance feito de incidencias notificadas por parte da cidadanía no que un 70% das chegadas pola app foron resoltas, non se facilitou o dato de cal é o tempo medio de espera nas resolucións das incidencias denunciadas en función a súa tipoloxía.

Tamén hai que ter en conta que non toda a veciñanza ten acceso á app.

Súmase que non se deu información das solicitudes que chegan por outras canles, ben sexa a través do rexistro municipal, ou ben a través da web.

Polo que o dato non resulta máis que un titular de prensa sen a información necesaria para que os veciños e veciñas poidan valorar a resolución efectiva de todas as incidencias achegadas ao Concello de Cambre.

Rogamos se fagan públicas as estatísticas completas para que a veciñanza poda valorar con datos completos o traballo realizado.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta que efectivamente, non toda a veciñanza ten un smartphone ou ten por que utilízalo, para iso están habilitadas as outras canles ordinarias, vía teléfono, vía web, vía rexistro, vía mail e vía presencial.

De todos os xeitos, dicir que dende Servizos non fan este tipo de estatísticas, pero que foron pedidas á empresa creadora, que fai o mantemento da app, e en canto as teñan aquí faránselles chegar a todos os concelleiros.

2º rogo - Lee o rogo don Raúl Varela Fraguío.

Antes das eleccións no 2019 resultou moi rechamante nos xornais unha construción ilegal ao carón do río Mero, ante a cal o rexedor fixo declaracións: *“Non vamos permitir este tipo de actuacións. O noso labor é ordenar o municipio, non autorizar este tipo de ilegalidades que, ademais, son moi graves”*, afirmando tamén *«non vamos permitir este tipo de cousas, nin el “ti vai facendo”»*.

Pero agora a realidade é que, en contra destas declaracións, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia afirma que o polideportivo de Anceis, efectivamente, contou con ilegalidades na súa construción, pero sorprendentemente, a pesar disto, decide archivar provisionalmente.

Polo tanto, ante as políticas municipais que vostedes venden, rogamos a depuración de responsabilidades ante as ilegalidades cometidas co polideportivo de Anceis por parte de membros do Goberno.

Dona Lúa Sanguñedo Álvarez, concelleira do PSdeG-PSOE, contesta que non atenden o rogo, xa que como ben din no texto do dito rogo, está xa arquivado, co cal non hai aí máis volta que darlle.

O señor alcalde manifesta que o que é sorprendente é que o señor concelleiro diga que sorprendentemente o archivaron provisionalmente. Un xuíz. Sorprendentemente. Dille que non foi provisional, senón que é un arquivo definitivo. En fin, todo o que non sexa darlle a razón a el e ao seu partido é ilegal, é irregular, é ao que os ten acostumados na política o seu xefe.

Non só non atenden o rogo, evidentemente que non, senón que quere felicitar publicamente o labor que fixeron tanto os técnicos municipais como o concelleiro de Urbanismo, e tamén nesa nova construción a Asociación Cultural de Anceis, que grazas a eles teñen hoxe en día o pavillón, para poder desfrutar todos os veciños e veciñas de Cambre.

Rogos de EU-Son en Común presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/970 o día 22 de febreiro de 2021, xunto coas preguntas presentadas para o pleno ordinario de febreiro.

Antes de dar lectura aos rogos presentados, dona María Olga Santos López, quere dicirlle ao señor alcalde que o arquivo é provisional, non é definitivo. Ten o auto con ela se quere que llo pase, supón que o terán, pero o arquivo non é definitivo, é un arquivo provisional, e o que se di é que se cometeron ilegalidades, entón, pídlle que non mintan con pouco.

1º rogo - Lee o rogo dona María Olga Santos López.

Veñen de ser publicados un total de 30 bens inmoebles inmatriculados pola Igrexa no Concello de Cambre.

Dos ditos inmoebles, algúns deles non están destinados ao culto, tendo exemplos de soares, casas rectorais e parcelas que non teñen por que estar exentas do pago dos impostos que correspondan en cada caso.

Faise preciso un estudo pormenorizado dos bens inmatriculados pola Igrexa Católica no Concello de Cambre, quen utilizou, non só en Cambre, senón en todo o Estado español, artimañas burocráticas para usurpar bens de dominio público, ademais do diñeiro que en moitos casos deixan de ingresar as arcas públicas pola exención no cobro do IBI de numerosos locais e predios.

Dende EU entendemos que o Concello de Cambre debe estudar tanto as inmatriculacións, para poder revocalas e legislar para blindar a propiedade dos bens de carácter público e garantir o cobro do imposto correspondente.

Pregamos: Sexa iniciado un expediente que teña como obxecto a numeración e relación de bens inmatriculados pola Igrexa Católica en Cambre, con detalle da situación pormenorizada de cada un deles, estudo das alternativas cara á revogación das inmatriculacións improcedentes, e estudo das posibles garantías de cobro dos impostos que puideran corresponder en cada un deles.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, contesta que non aceptan o rogo. Non poden aceptalo porque nunca existiu a necesidade de abrir un expediente. Abrir un expediente neste caso sería ir a xuízo civil, simplemente, é dicir, no caso de que a Igrexa se apropiara ou inmatriculara algún ben que fose do concello, que estivese dentro do Inventario de bens e dereitos, terían que ir a un xuízo como calquera veciño. Un xuízo puro e duro. Están nun tema de dereito privado.

Dona María Olga Santos López, concelleira de EU-Son en Común e integrante do Grupo Mixto, manifesta que non puido escoitar ben a resposta dada.

Don Ramón Boga Moscoso reitera que non aceptan o rogo porque a Igrexa Católica non ten inmatriculado absolutamente ningún ben que estea no Inventario de bens e dereitos de Cambre. E se iso pasase, non terían que abrir un expediente, terían que ir a un xuízo civil directamente, como calquera veciño a quen lle pasase iso.

Polo tanto, non aceptan o rogo. Non hai necesidade de abrir un expediente, porque nunca detectaron que a Igrexa inmatriculara ningún tipo de ben que estivese no Inventario de bens e dereitos do Concello de Cambre.

Dona María Olga Santos López di que por puntualizar. Entende entón que se nese listado de bens inmatriculados da Igrexa que aparece o Concello de Cambre, si se fixo a revisión de cada un deles. Enténdese que se fixo a comparativa co Inventario de bens.

Di que ela o que fixo, e entende que é o que faría o concello, o di ademais porque non fixo outra cousa, foi revisar todo ese listado, e entende que o concelleiro refírese a iso. É que quere entender ben o que lle está dicindo.

Don Ramón Boga Moscoso expón que os técnicos municipais non saben, non teñen noticia, a día de hoxe, que haxa algún ben inmatriculado, que a Igrexa inmatriculase ningún tipo de ben que pertencese ao Concello de Cambre. Nese listado, segundo os datos dos técnicos municipais, non hai absolutamente ningún.

2º rogo - Dona María Olga Santos López, concelleira de EU-Son en Común e integrante do Grupo Mixto, manifesta que retira este rogo, porque facía referencia á anterior plataforma de celebración de plenos, que fallaba moito. Esta vai moitísimo mellor.

Si que aproveita a retirada do rogo para volver facer inciso no que xa falaban nas comisións informativas en relación á iniciativa, se non se equivoca do PP, e pide perdón se algún outro grupo a presentou e ela non se lembra, en relación a se existe algún tipo de posibilidade de recuperar as gravacións daqueles plenos e podelas colgar na web.

Lembra cando pedían os brutos das gravacións, cando os plenos non eran telemáticos, senón que eran plenos gravados, e existía un bruto no concello, no se publicaba, pero existía para despois poder contrastalo, por exemplo, coa acta que se publicaba.

Por iso aproveita este rogo para ver se existe algunha forma de recuperar esas gravacións da anterior plataforma, da Councilbox, e poder colgalas na zona das videoactas da páxina web do concello.

Conclúe que este é un rogo que se lle ocorre así a voz de pronto.

O señor alcalde contesta que a voz de pronto lle di que el non estivo nas comisións, pero si, cando se incorpore de novo a secretaria municipal, a ver que poden facer para poder colgalos.

Di que atende o rogo, pero que de todas formas lembra que o PP o fixo ademais por escrito.

Dona María Olga Santos López recoñéceo, e di que non quere que a culpen de apropiarse de iniciativas doutros grupos, pero aproveita e súmase a petición.

Rogos de C's presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/965 e núm. 999/967 o día 22 de febreiro de 2021, xunto coas preguntas presentadas para o pleno ordinario de febreiro.

1º rogo - Lee o rogo dona María José García Hidalgo.

No camiño de San Antonio, en Altamira, produciuse un desprendemento de terra que tapou parte da cuneta impedindo a circulación da auga cando chove. Isto fai que se inunde a pista, facéndoa difícil de transitar e provocando danos no firme.

Por iso rogamos se adopten as medidas necesarias para a súa limpeza e evitar danos maiores á maior brevidades posible. Achegamos fotografías.

Dona María José García Hidalgo, concelleira de C's e integrante do Grupo Mixto, engade que segundo lle dixeran os veciños, porque ela hoxe non tivo a oportunidade de achegarse ata alí, pero segundo lle dixeran os veciños a cuneta xa foi limpada e xa non se producen esas saídas de auga no firme. Agradece a pronta actuación no caso de que iso sexa así e dálles as grazas.

Don Juan María Abalo Castex, voceiro do PP, manifesta que, respecto deste rogo, querían facer constar que esta petición que fai C's xa foi feita polo Grupo Municipal Popular o 17 de febreiro de 2020, hai agora xa máis dun ano, co cal ven que os problemas persisten máis de un ano despois.

Daquela tamén houbera un desprendemento de terras no mesmo camiño que di a compañeira de Corporación, e non sabe se os técnicos municipais terán que mirar que está pasando coas cunetas ou pasar máis asiduamente e limpar as canalizacións, porque en menos dun ano volveu pasar o mesmo.

Conclúe dicindo que querían facer este inciso porque é reincidente o problema que están vendo neste camiño.

2º rogo - Lee o rogo dona María José García Hidalgo.

As obras de mellora nas rúas Párroco Manuel Cobas e Celso Emilio Ferreiro deixaron en evidencia os moitos fallos e a calidade das obras, a súa realización e acabado. Un a un parecen detalles menores, pero todo xunto demostra descoordinación, falta de rigor e que uns operarios da empresa adxudicataria fan ben o seu traballo e outros, en cambio, deixan bastante que desexar. Desde o inicio das obras fixéronse cambios sobre a marcha, cometéronse erros que non se corrixiron e persisten a día de hoxe. Achegamos fotografías para apreciar estes aspectos tan mal rematados, con exemplos de como na mesma obra uns acabados son os ideais e outros non tardarán nin un ano en levantarse.

Lousas de formigón que romperon durante a súa colocación e non se cambiaron. A día de hoxe contamos máis de dez.

Exemplos de lousas ben recortadas e colocadas xunto aos rexistros, e outras con masa arredor, ademais dun mal acabado e de levantarse en breve, dan un aspecto horrible nas rúas nunha obra acabada de recentemente realizada.

O portal de Párroco Manuel Cobas núm. 4.

Manchas do calzado nas lousas por toda a rúa feitas durante a obra que non se limparon.

Por todo iso, rogamos que se realice un informe sobre o acabado destas obras e se tomen as medidas necesarias para emendar todos os acabados deficientes que presenta esta reforma.

Dona María José García Hidalgo, concelleira de EU-Son en Común e integrante do Grupo Mixto, explica que este rogo é de febreiro e que, por exemplo, respecto das lousas ela esta tarde estivo alí e viu que foron cambiadas, porque xa non se ven esas roturas, ou xa se arranxaron, ou algunha actuación se fixo.

Respecto do portal de Párroco Manuel Cobas, ese si que viu hoxe que segue exactamente igual, aí non se fixo ningún tipo de rectificación, de meterlle alí uns anacos de lousa ou algo que asegure esa liña que hai entre o portal e esa tapa de registro.

Despois tamén hai unhas manchas de calzado nas lousas, que se fixeron durante a obra, durante os meses da obra. Terminaron e non se limparon. Hoxe volveu a ver que esas mesmas manchas seguían alí.

Entón, neste rogo o que pedía era que se fixera un informe sobre o acabado desas obras e que se tomaran as medidas necesarias para emendar esas deficiencias nos acabados que presentan esas reformas das rúas.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que as obras non se acaban mentres non se recepcionan, ese é un principio de toda obra. Polo tanto, non se teñen recepcionado as obras desa fase e, polo tanto, vanse repasar todas esas cuestións.

Dille que as apreciacións sobre as maldades ou bondades dos aspectos construtivos sábenas os técnicos municipais. El agradécelle se é así, pero son eles os que o deben e teñen que facer. En certas cuestións das que ela formula dille que, como sabe, el é técnico, non quere facer aquí mención dese aspecto porque non lle corresponde, non debe entrar, pero dado que ela opina, el vai opinar.

Cre que hai algunhas das cuestións que a concelleira formula coas que está de acordo, e hai outras nas que non está de acordo. Cre que se equivoca. Así que van deixar que sexa quen ten que ser, que é o director de obra e os técnicos os que avalían cal é a boa construción e cal a mala.

Evidentemente hai cuestións que a concelleira formula que son de mala construción, porque son de libro, vense, pero hai outras cuestións que non.

A cuestión de aceptar o rogo, di que o aceptan, sen ningún problema, pero dille que, por favor, que as obras se acaban cando se recepcionan. O outro día estiveron os técnicos municipais por alí, co director de obra, para ver todas estas cuestións, repasalas e analízalas. Cando a recepcionen poden volver a falar sobre estas cuestións e como quedan.

Dona María José García Hidalgo agradece a explicación dada e cando se recepcione a obra mirarán se todas esas deficiencias foron solucionadas.

4.2.3. Rogos presentados para o presente pleno

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/1662 o día 22 de marzo de 2021, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º rogo - Lee o rogo don Juan María Abalo Castex.

Transcorrendo máis de 8 meses desde a celebración das últimas eleccións autonómicas nas que o pobo de Cambre votou, como o resto de Galicia, maioritariamente ao Partido Popular; e non estando prevista (salvo adianto electoral), outra contenda electoral ata dentro de dous anos, non ten sentido manter os paneis instalados para a colocación exclusiva de propaganda electoral. Paneis que se atopan instalados aínda ao longo e ancho do noso municipio, como na rotonda de Catro Camiños ou como se advirte na fotografía que se achega, no Paseo Marítimo do Temple, xunto á Casa das Palmeiras (que priva dunhas excepcionais vistas aos que, por exemplo, entran ao noso concello desde a autoestrada AP-9).

Por iso é polo que, desde o Grupo Municipal Popular se insta ao concelleiro competente a que proceda o máis axiña posible a retirar os paneis instalados para a colocación de propaganda electoral existentes no noso termo municipal.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, recolle o rogo.

2º rogo - Lee o rogo dona María Jesús González Roel.

Varias foron as ocasións nas que o Grupo Municipal Popular solicitou a mellora da iluminación pública do noso concello, tanto no que se refire á subministración eléctrica como ao estado dos farois. Petición que foi reiteradamente aceptada polo Goberno municipal que acepta as nosas peticións, pero que segue sen resolver os problemas advertidos. Entre elas, a situación dos farois existentes na contorna do centro de saúde do

Temple, que grazas ao tempo transcorrido sen adoptarse ningunha medida, empeoraron a súa inclinación, tal e como se advirte polas fotografías que se achegan.

Por iso é polo que desde o Grupo Municipal Popular reitérase a nosa petición de resolver o máis axiña posible a correcta inclinación e fixación dos farois existentes fronte ao centro de saúde do Temple.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta que non é certo que o Goberno municipal siga sen resolver os problemas advertidos, xa que todos votaron a prol da subvención do IDAE e esta rúa estes farois ían incluídos no IDAE, é dicir, que algo si se fixo.

O segundo que ten que dicir é que efectivamente hai que cambialas, iso está claro. O seguinte que ten que dicir é que non teñen unha maior inclinación, están igual que estaban cando o PP xa trouxo este rogo aí atrás. Volveuse facer revisión, non foi ela, foron os técnicos e comprobaron que os farois están completamente seguras, non teñen perigo de caída, non teñen ningún outro tipo de perigo para os viandantes, e repite, cambiaranse na maior brevidade posible.

3º rogo - Lee o rogo don Juan María Abalo Castex.

Tras numerosas peticións por parte do Grupo Municipal Popular para que a videoacta do Pleno ordinario do mes de maio de 2020 fóra publicada, como se está facendo desde hai catro anos en Cambre para maior transparencia; o pasado xoves, novamente a iniciativa deste grupo municipal, informámonos por primeira vez da imposibilidade técnica de proceder á devandita publicación, xa que a plataforma contratada ao comezo da pandemia como soporte das sesións telemáticas do noso concello é incompatible co sistema de almacenado e publicación existente no noso concello.

Á vista do manifestado, desde o Grupo Municipal Popular solicítase que se requira aos servizos técnicos municipais, así como á propia empresa titular da plataforma contratada, a elaboración de senllos informes para remitir aos grupos municipais, sobre a imposibilidade absoluta de gravación e publicación das videoactas no noso concello ou, pola contra, a posibilidade e mecanismos necesarios para lograr a publicación das videoactas das sesións celebradas coa devandita plataforma; todo iso sen prexuízo da necesidade de dar cumprimento ao noso escrito do 22 de xaneiro de 2021.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que non aceptan o rogo, pero vai explicalo. Di que a videoacta é unha aplicación propiedade da empresa Ambiser que foi adquirida para as gravacións do pleno nas sesións habituais en xaneiro de 2017. O software e o hardware desa empresa non poden subir ningún vídeo que non sexa gravado a través da cámara que hai no sistema de videoacta do salón de plenos.

Entón, eses plenos que foron transmitidos a través de Councilbox non se poden traspasar á videoacta, o que si estudarán, como dicía antes o señor alcalde, es algún método para ver como poden colgar ese vídeo dentro da páxina web. O que si lles pode dicir é que se están interesados en conseguir o que é a gravación deses vídeos, poden pasarllela, o que teñen que estudar é como inserir eses vídeos na páxina web. Aos concelleiros poden pasarlles unha copia sen problema ningún.

Don Juan María Abalo Castex, voceiro do PP, manifesta que por contestar á falta de contestación que se lles ten dado a este rogo, non entende por que esta explicación que lles está dando a concelleira non se pode plasmar nun informe polos servizos técnicos municipais especializados en informática, e pola propia plataforma informática, que é a dona ou a subministradora da información que no seu caso está gravada.

E a outra parte deste rogo que era, sen prexuízo da necesidade de dar cumprimento ao seu escrito do 22 de xaneiro, que se rexeitan o rogo non sabe se lles van a contestar a ese escrito ou non.

Dona María Dolores Pan Lesta contesta que o escrito non sabe se saíu hoxe, pero estaban traballando pola mañá en Secretaría para facérllelo chegar e o que lles leu é algo que redactaron os servizos técnicos do Departamento de Informática.

Rogos do BNG presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/1665 o día 22 de marzo de 2021, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º rogo - Lee o rogo don Brais Cubeiro Fernández.

O complexo deportivo municipal da Barcala está pechado a pesar de poder abrir desde o pasado día 26, xa que a Xunta de Galicia autoriza a apertura de instalacións deste tipo. Debido a isto presentamos o seguinte rogo:

Que se proceda a inmediata apertura do complexo deportivo municipal da Barcala.

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, recolle o rogo.

2º rogo - Lee o rogo don Brais Cubeiro Fernández.

Na estrada da Estación en Cambre hai varias tapas da rede de sumidoiros que fan ruído cando pasan vehículos, especialmente os pesados, polo que presentamos o seguinte rogo:

Que se fagan as xestións necesarias ante a Deputación Provincial da Coruña para dar solución a esta problemática.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, di que si, que efectivamente, que despois de recibir o rogo foron facer unha revisión e detectaron 9 tapas que por causa do tráfico pesado se van movendo.

Explica que isto non se pasa á Deputación, porque aínda que a estrada efectivamente é de Deputación, o mantemento das tapas correspóndelle ao concello. Di que xa están postas en orde de traballo para que queden fixadas e que se intentará facer canto antes.

Rogos de AV presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/1663 o día 22 de marzo de 2021, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

Antes de dar lectura aos rogos presentados, don Raúl Varela Fraguío, de AV, pregunta por unha cuestión de información ou de orde gustaríalle que se lle dixera se no último rogo, no 2º de febreiro, que non se aceptou o rogo, se tiña dereito a réplica, palabra, porque levantou a man e deixárono coa palabra na boca e é só por saber, por se nestes rogos lle pasa saber se levanta a man ou directamente escusa levantala.

O señor alcalde contesta que se levantou a man non o viu e pídelle que o desculpe. Di que, evidentemente, ata agora no Regulamento orgánico municipal o que redacta o rogo ten logo unha oportunidade de falar. Pídelle desculpas por non telo visto.

Don Raúl Varela Fraguío acepta as desculpas.

1º rogo - Lee o rogo don Raúl Varela Fraguío.

No Temple son moitas as queixas que chegaron e seguen chegando a este grupo municipal pola velocidade dos vehículos ao circular por vías de natureza residencial como son a rúa Estanque e a rúa Abeleira.

Desde o mes de setembro que solicitamos medidas para resolver esta situación existente tanto neste punto como noutros do municipio non houbo ningunha melloría da situación. A contestación en setembro de 2020 foi que se realizaría un estudo por parte do servizo de seguridade cidadá dos “puntos negros” con perigo para a veciñanza, estudo do cal non hai ningunha novidade, pero tampouco sobre solucións para estes puntos de inseguridade viaria.

Por isto, neste caso concreto e como proposta de veciñanza da zona, rogamos a elevación de pasos de peóns das rúas sinaladas, que se poden ver nas imaxes que se achegan, para evitar o “circuíto de vehículos” habitual ao que están acostumados os veciños.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, recolle o rogo. Di que, como saben, é a súa política ir pouco a pouco acometendo as elevacións dos pasos de peóns nas zonas urbanas, os que son de competencia municipal, entón, recollen o rogo.

Despois, en canto ao estudo volveu a remitirlo á Policía e agarda telo para a semana e xa se lles remite o estado dos puntos negros.

E quere aclarar que esas dúas rúas que nomean non son puntos negros, pero ben, verano no informe porque di que ela non é quen para dicir onde está un punto negro ou onde non.

O señor alcalde engade que seguirán actuando en todas as beirarrúas do municipio, sobre todo na zona do Graxal. Estiveron na marxe esquerda actuando, agora están preparando proxectos para a parte dereita, e segundo se vaian acometendo as remodelacións das beirarrúas para facelas máis anchas, máis accesibles, elevarán todos os pasos de cebra.

2º rogo - Lee o rogo do Raúl Varela Fraguío.

Seguindo con peticións que chegan de veciñanza do Temple, neste caso da rúa Seara que é unha das zonas da parroquia nas que a situación sanitaria aumentou a afluencia de camiñantes e non hai ningún tipo de seguridade peonil.

Rogamos a instalación dunha beiravía con protección peonil para facilitar que a veciñanza que pasea por esta zona o faga nas mellores condicións de seguridade.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que son conscientes deste punto, e son conscientes desta problemática, de feito tíñana xa na carteira, por dicilo dalgunha forma, pero tamén saben da dificultade, e cre que o señor concelleiro tamén o sabe, das dificultades xeográficas que hai precisamente neste ámbito, onde tanto na marxe dereita como na esquerda, xa sexa subindo ou baixando, hai un terraplén bastante profundo, un terraplén e máis unha caída de terras, co cal dificulta moito a posibilidade de facer por aí unha beiravía, pero ben, votan en previsión e recollen o rogo.

O señor alcalde engade que, de todas formas, tamén ten que dicir que aí non só é facer unha senda, senón que hai que recoller as augas que veñen da zona da Seara, de Oleiros, que as teñen canalizadas ata un punto e logo déixanas pola estrada adiante, e tamén un tema de sumidoiros que evidentemente estas últimas casas da Seara entenden que van ter que conectar en Cambre, no ten outra posibilidade.

Entón, iso todo, recóllese o rogo, porque hai que facer un pequeno estudo de custos. E como tamén sabe o señor concelleiro de AV, está pendente tamén o viario 11-17, que tamén atravesa por aí e teñen que saber como levar todo iso. Pero evidentemente é importante.

Don Raúl Varela Fraguío agradece a resposta e di que só se lle permiten unha apreciación, agradecer que se acepte o rogo e, dende logo, que chegado o momento o que sexa cuestión tanto de Cambre como de Oleiros, oxalá se senten os gobernantes con boa actitude, deixando un pouco as pelexas que hai por outros motivos.

Cre que en casos así habería que sentarse a falar das cousas, chegado o momento.

O señor alcalde sinala que el representa a 24500 veciños de Cambre e faino ante calquera, cáialle mellor ou cáialle peor, ou teña calquera tipo de disputa. Evidentemente o que ten é que defender aos veciños, aos 24500 e así seguirá a facelo.

Di que isto é un beneficio para Cambre e para Oleiros, polo tanto cando queiran. Cambre vai facer o seu traballo, cando Oleiros queira facer o seu tamén evidentemente sentaranse e verano en conxunto, como así intentaron tamén facelo na parte de Pravio, que nesa ocasión dixéronlles que non e tivo Cambre que facer o baypass aí na zona de Pravio, alí na autoestrada.

3º rogo - Lee o rogo don Raúl Varela Fraguío.

Ante o peche do complexo deportivo da Barcala, a pesar de que a normativa sanitaria non establece ou recomenda o peche deste tipo de instalacións, senón adaptacións para as actividades que se desenvolven no seu interior.

Rogamos que se elabore un informe da motivación que impide a súa apertura e se dea traslado dela aos grupos da oposición.

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, recolle o rogo.

Rogos de EU-Son en Común presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/1664 o día 22 de marzo de 2021, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

Antes de dar lectura ao primeiro rogo, dona María Olga Santos López, concelleira de EU-Son en Común, expón que en relación a este rogo solicita que o señor alcalde lle indique que facer. Di que quere cambiar o texto do rogo, aínda que o asunto é exactamente o mesmo, porque unha parte del está resolto, entón non sabe se quere que o retire e presentar un rogo oral. Entende que por levar a presidencia el lle dirá o que é o máis conveniente.

Reitera que é exactamente o mesmo tema en relación ao colexio de Sigrás, pero non sabe como quere que o faga. Adáptase, pode cambiar o texto ou pode presentar un rogo novo de xeito oral.

O señor alcalde manifesta que retirar un rogo e facer un rogo oral, el entende que non se debe facer, porque xa ten presentado tres, non é quito este e fago outro. É facer un rogo oral cando non se teñen rogos feitos, ou había dous e implementan cun oral máis. Di que el enténdeo así e pídlle que faga o rogo como vexa neste momento, pero pídlle que non lle diga que retira este rogo e fai un oral, porque non llo vai admitir.

Dona María Olga Santos López explica que o tema é o mesmo, que é por ser sinérxicos e por tratar un tema que cre que é de interese de todos. Non é por outra cousa.

O señor alcalde dille que quere que entenda tamén a súa postura, porque senón non lles vale de nada que os grupos lles manden tres rogos e que cheguen ao pleno e lle cambien dous porque a cambio deses o fan oral. Ao final non se van entender.

Dona María Olga Santos López manifesta que disente diso e que cando xa se soluciona un asunto e é atemporal, evidentemente pode decaer un rogo e o teñen feito. O teñen feito con rogos e preguntas, é dicir, retirou un e presentou outro oral. A única diferenza é que o Goberno non ten a obriga de contestar.

O señor alcalde di que non o lembra, non di que non sexa así, pero non o lembra.

Dona María Olga Santos López pídelle que lle permitan falar sobre este tema adaptándoo á situación do día de hoxe. Xa di que a súa intención é absolutamente sa e sinérxica.

1º rogo - Dona María Olga Santos López formula o seguinte rogo:

Expón que o luns presentaron esta proposta porque foron coñecedores, se lles fixo saber que había múltiples queixas recibidas de pais e nais do colexio de Sigrás, do Gonzalo Torrente Ballester, por o inapropiado e bastante perigoso estado no que se atopaba o parque de xogos, precintado pola propia directora xa había un tempo.

Iso foi o luns, presentaron o rogo e o mércores, onte pola mañá, retiráronse os elementos perigosos.

Dicía que ía modificar o texto porque a raíz desta situación agradecer a inmediatez na retirada, pero ben, máis que agradecer é tomar conciencia de que este tipo de situacións se teñen que facer rapidamente, e levaba tempo solicitado.

No colexio Gonzalo Torrente Ballester veñen de sucederse diferentes situacións, a maiores da retirada dos elementos perigosos, que desde EU querían relatar neste rogo. Di que en diferentes ocasións coa Anpa, co consello escolar, con diferentes interlocutores foi tratado este tema e outros máis. A principios de curso, e di que a corrixan se está equivocada, había un acordo do propio alcalde de reencher a cortiza, pero finalmente chegaron ao acordo de que se ía facer un proxecto de arranxo integral, entón descartouse ese primeiro acordo co parabén de todos os integrantes desa interlocución.

O 5 de marzo, as nais e os pais do colexio reciben unha comunicación da Anpa na que se sinalan dous puntos. O primeiro é que di que o 15 de xaneiro iniciouse dende o Concello de Cambre o expediente administrativo de adxudicación e contrato das obras de reforma integral do parque do patio. E, en segundo lugar, que a megafonía, máis os sinais luminosos, máis o SAI que é necesario instalar tamén no colexio, e que tamén se acordou con eles, estaba en proceso de adxudicación.

Con base en todo isto, e tamén por intentar darlle un pouquiño de saída a un asunto que entendemos é prioritario para o colexio de Sigrás, di que quería cambiar o rogo, que presentará por escrito tamén mañá, no seguinte sentido:

Que se faga unha comunicación formal ao colexio de Sigrás coa especificación expresa e escrita de catro puntos que cre que é importante que se falen, porque hai moitísima rumoroloxía e dixo e hai prazo e non hai prazo. Entón facer un escrito dende o concello comunicándoo ao colexio, con catro puntos:

1º Informar de en que parte do proceso exactamente no que se atopa o expediente de reforma integral do parque.

2º Exactamente o mesmo, pero da megafonía, é dicir, en que parte do proceso se atopan. E cando di da megafonía refírese tamén ao acordo dos sinais luminosos e do SAI necesario para dar soporte a eses sinais.

3º Informar ao colexio da previsión, da data estimada da execución da reforma integral do parque, porque tamén se dicía e se falaba de que tiña que ser fóra do período lectivo, algo que comprenden, porque entende que terá que entrar maquinaria pesada e iso non se pode facer cos nenos no colexio, entón falábase de Semana Santa, falábase do verán. Pero se existe a posibilidade de dar unha previsión de tempo.

4º E exactamente o mesmo, é dicir, esa previsión para o tema da megafonía, sinais luminosos e SAI.

Sinala que por iso dicía que era unha proposta sinérxica e cre que absolutamente razoable para que dende o Concello de Cambre si que se poida dar xa unha información veraz, escrita e comprometida con esas obras moi necesarias, como todos saben, para un dos colexios que está nun estado máis desatendido de hai tempo, o colexio de Sigrás.

O señor alcalde outorga a palabra ao concelleiro de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, indicándolle que non sabe ata que punto pode contestarlle a este novo rogo.

Don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto responde que, en principio, recollen o rogo e mandarase ese escrito. Dicir que en ningún caso se fai referencia a que se inicie o procedemento de contratación ou que se abra expediente para a reforma integral o 15 de xaneiro, senón que se fala dunha cuestión orzamentaria, en ningún momento.

En segundo lugar, que se ten instado á Xunta de Galicia a acometer estas melloras, posto que cren que en certa parte excede ás competencias municipais e non se ten obtido resposta a día de hoxe.

E terceiro que claro que existe moita rumoroloxía e moita dela creada. Di que el teríalle gustado que como para outras cuestións dende EU se tiveran posto en contacto co concelleiro e se lle tería feito chegar toda a documentación que solicitaba para este pleno, toda a información en canto á reforma que se vai facer no parque.

En canto á megafonía, dille que o sistema de megafonía non é máis que unha mellora do sistema de comunicación que teñen actualmente, tendo en conta todas as necesidades que hai neste momento.

Reitéralle á concelleira que se ten algún tipo de cuestión, algún tipo de dúbidas sobre o procedemento, eles van mandar ao colexio o escrito con eses catro puntos. E igual que para calquera outra cuestión contáctase co concelleiro competente, sería bo que se contactara para saber en que punto está o procedemento e se se vai levar a cabo o procedemento. Se ela o considera oportuno, aínda que entende que neste caso a señora concelleira quixera facer caso ao foco mediático.

Dona María Olga Santos López manifesta que, en primeiro lugar, non lle gusta nada o ton que o concelleiro está utilizando, porque non é o ton dela, nin era a súa intención, pero que non é apropiado, pero ben, cada un utiliza o ton que considera.

En segundo lugar di que se alegra moitísimo de que este pleno se grave porque deixar por mentireira á xunta directiva da Anpa é cousa do concelleiro, non dela. Di que ela le literalmente: *“Estimados nais e pais do alumnado do Ceip Gonzalo Torrente Ballester de Sigrás, informaros que tras a solicitude de reunión realizado o xoves 25 de febreiro ao Departamento de Educación do Concello de Cambre, o concelleiro ten convocado á Anpa a reunión telemática este xoves 4 de marzo na que se nos ten informado sobre os seguintes puntos en relación a temas pendentes no centro: parque infantil, está iniciado dende o 15 de xaneiro de 2021 o expediente administrativo para a adxudicación e contratación das obras de reforma integral do parque infantil do colexio cun orzamento próximo aos 30.000 euros. Este proceso administrativo é máis longo que noutras actuacións debido*

ao elevado custo, pero é a prioridade número un do departamento. Estanse poñendo todos os medios para axilizar ao máximo a contratación e inicio das obras, que terán que ser en período non lectivo.”

Conclúe dicindo que isto está gravado, que non di nada máis. Parécelle que non está acertado.

E respecto do tema de megafonía dille que non é unha mellora do sistema de comunicación, non sabe como acaba de dicir o concelleiro. Non é ningún tipo de mellora, é que sabe o señor concelleiro, exactamente igual que ela, que o sistema de megafonía e o sistema de sinais luminosos é absolutamente preciso e necesario no colexio de Sigrás. O concelleiro sabe perfectamente por que motivo e sabe perfectamente por que necesidades específicas dun neno concreto que cando se fai un simulacro de incendio resulta que un neno concreto, cunha característica concreta, non pode atender ese simulacro de incendio. Por iso fan falta os sinais luminosos, e por iso mellora ningunha, é unha necesidade.

Reitera que se alegra moitísimo de que isto estea gravado, para que non ela, dende logo, poidan ver cales son os termos en que o concelleiro se dirixe a unha concelleira que utiliza o medio que ten á súa disposición para poder dar voz a unha reclamación que el non atende.

Concedida a palabra a don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto manifesta que como está gravado saberá que en ningún momento dixo que a Anpa tivera coñecemento, senón que probablemente entenderan que o procedemento de contratación, o proxecto de contratación ou de mellora do parque se inicia o 15 de xaneiro, cando non é así. Esa data facíase referencia por unha cuestión orzamentaria.

Polo demais, o que a concelleira chama necesidade el o chama mellora, e pode conceder que sexa unha necesidade pola circunstancia que hai con ese neno, e non hai ningún tipo de problema, e ben, o dito, recollen o rogo e mandarán o escrito con eses catro puntos á dirección do colexio.

Manifesta que en ningún momento, en ningún, ten acusado a ningunha Anpa de mentir, é máis, se queren unha aclaración do que está gravado, invítaos a unha nova reunión onde poidan aclarar todo o tema das datas. Dille á concelleira que llelo pode trasladar.

Toma a palabra o señor alcalde para dicir que cre sinceramente que algún malentendido debe haber e cre que o concelleiro efectivamente debe ter con eles unha reunión urxentemente e aclaralo.

2º rogo - Lee o rogo dona María Olga Santos López.

No lugar de Peiraio, enfronte mesmo da parada do autobús, e como previsible consecuencia das choivas, veciños da zona contactan con nós para informarnos da existencia dun furado que supón un perigo para nenos, maiores e incluso para os vehículos que pasan por riba del.

No camiño do Canal a Cela, atopamos buratos similares que ocasionan os mesmos efectos de perigo descrita anteriormente.

Pregamos:

Dean traslado destas deficiencias ao departamento que corresponda para adecuar a estrada e mantela nun estado apropiado libre de perigos como o que describimos.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta que en canto á estrada de Peiraio, aí hai un problema que van ter que abrir, é dicir, hai un afundimento que se detectou, primeiro abriuse un burato pequeno, pero non é suficiente só con tapalo, senón que van ter que abrir e facer unha actuación máis grande. Xa está todo en marcha.

En canto á estrada do Canal, iso foron, non sabe se lembran, que xa se falou aquí nun pleno xa hai un tempo, foi un estudo xeotécnico que fixo Augas de Galicia, non sabe se o lembran. Xa se lles pediu noutras ocasións que fixeron o seu estudo, sacaron os seus datos, e o concello púxose en contacto con eles para que o taparon, e visto que aínda seguen aí os buratos, mandóuselle xa un escrito oficial para que pasen e procedan a deixar a estrada como estaba.

O señor alcalde engade que aí dicirille que tamén teñen un problema co Xunta de Galicia respecto desa estrada en Peiraio, porque o concello mantén que parte da estrada que non está en boas condicións é por culpa do noiro que é do río, e a Xunta entende que non, e aí están cunha pelexa con eles, e a ver como a solucionan.

Di que de momento non hai gravidade nos temas, pero están moi por dicir iso e voso e arranxalo vós.

Dona María Olga Santos López manifesta que absolutamente de acordo co do noiro, absolutamente de acordo.

O señor alcalde dille que si, que están pelexando aí e que ademais, se se fixa, levan máis de 1 ano o que se caeu da outra marxe do río, está sen arranxar aínda, pero realmente onde traballa o río moito é neste noiro, onde está esa estrada precisamente e aí non fixeron escollera que era o que lle pedía o concello, que fixeran unha escollera porque se segue traballando o río o día de mañá esa estrada vai ir aló.

Conclúe que para que o saiban tamén que son as negociacións e discusións que están con Augas de Galicia.

3º rogo - Lee o rogo dona María Olga Santos López.

No noso concello existen un número importante de fontes e lavadoiros públicos, que polo seu valor histórico, arquitectónico e cultural chegan a ser, nalgúns casos, motivos inseparables e identificativos dos lugares onde se sitúan e, ademais, outorgan personalidade como estampa representativa da nosa cultura e da nosa historia.

Ao longo de moitos anos de traballo neste concello, son ducias as ocasións nas que dende EU manifestamos a necesidade de facer un mantemento, conservación e mesmo posta en valor de fontes e lavadoiros, como recuperación das tradicións, da arquitectura popular e patrimonio que poder transmitir as xeracións presentes e futuras.

Son tímidas e insuficientes as actuacións que este Goberno, dende o inicio do seu mandato, xa na anterior legislatura, vén de facer nestes elementos, e pouca a sensibilidade demostrada.

Novamente, dende EU Cambre, presentamos ante o responsable competente o seguinte rogo relativo a unha das moitas fontes descoidadas e abandonadas por este Goberno.

Pregamos:

Sexa acondicionada, mantida e conservada a fonte de Roibelo en Pravio. Sexa incrementada a sensibilidade, por tanto, na conservación e mantemento da totalidade de fontes e lavadoiros existentes en Cambre, e que nunha grande cantidade atópanse descoidados, e incluso, agochados entre a maleza.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, manifesta que se acepta o rogo, o que pasa que non vai ser realizado inmediatamente. Na sección de Obras e Servizos estase a elaborar un prego de prescricións técnicas para contratar o mantemento e acondicionamento de todas as fontes e lavadoiros que están no inventario de bens e dereitos, na que se inclúe a de Roibelo, e tendo en conta que hai máis de 70 entre fontes e lavadeiros.

4.3. Preguntas

4.3.1. Preguntas pendentes do pleno ordinario de data 28 de xaneiro de 2021, ao terse que levantar a sesión ás 24:00 horas

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/410, o día 25 de xaneiro de 2021, xunto cos rogos presentados para o pleno ordinario de xaneiro.

1ª pregunta - Lee a pregunta dona María Jesús González Roel.

Á vista da supresión dos tradicionais e elevados pasos de peóns existentes na rúa Constitución e no Paseo Marítimo do Temple, e a súa substitución por unha nova sinalización na calzada destinada ao tránsito rodado (tal e como se recolle nas fotografías que se achegan); que segundo se nos indicou nas últimas comisións informativas, vai estender a outros lugares do noso municipio substituíndo aos tradicionais; desde o Grupo Municipal Popular pregúntase á concelleira competente, cal foi o criterio ou valoración polo que o noso concello substitúe unha sinalización viaria tradicional e de xeral coñecemento por esta nova.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta que a sinalización non se substituíu, reforzouse, e os pasos de ceбра é que sigue estando todo igual, o único que se reforzou a sinalización horizontal, é dicir, a da estrada, poñendo esa sinalización con letras e con cores que empezou a utilizar xa hai un tempo a Xunta de Galicia nas súas estradas e posteriormente a Deputación da Coruña.

Di que non ten moito máis que dicir respecto disto.

O señor alcalde concede a palabra a dona María José García Hidalgo, concelleira de C's, quen manifesta que, moi brevemente, e dado que falta 1 minuto para as 12 da noite, ela quería solicitar que visto que non se van poder ler as preguntas pendentes de C's, de xaneiro e febreiro, solicita se lle poden responder por escrito en canto poidan. Di que soamente era iso.

O señor alcalde manifesta que todos aqueles que queiran que se lles contesten por escrito, que o pidan hoxe ou mañá por escrito e contestaráselles sen problema.

Dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común, tamén solicita que se lle contesten por escrito todas aquelas preguntas pendentes, para intentar tamén despois axilizar os plenos seguintes, visto que a plataforma que están a utilizar parece que funciona.

O señor alcalde conclúe que a C's e a EU-Son en Común se lles contestarán por escrito e ao resto dos grupos políticos contestaráselles nos seguintes plenos, a non ser que pidan estes días que se lles conteste por escrito, que así se fará.

Tendo en conta o disposto no artigo 103 do Regulamento orgánico municipal respecto do principio de unidade de acto, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e catro horas, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López